



## MEMORIA DE CALIDADE

**Facultade de Veterinaria**

**Curso Académico: 2019/20**

Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Aprobación por	Comisión de Calidade da Facultade de Veterinaria	01/07/2021
Informe técnico por	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	13/07/2021
Aprobada por	Xunta de Facultade de Veterinaria	28/07/2021



## Índice

<b>1. Introducción</b> .....	2
<b>2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados</b> .....	7
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade .....	7
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos .....	16
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado .....	27
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos .....	38
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos .....	46
Directriz 6. Información pública .....	56
<b>3. Plan de Melloras do centro</b> .....	59
<b>4. Modificacións nos diferentes títulos</b> .....	99
<b>5. Listaxe de evidencias e indicadores</b> .....	100

## 1. Introducción

A Memoria de Calidade da Facultade de Veterinaria é o documento que recolle a análise do funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) do centro, así como do desenvolvemento e resultados dos programas formativos oficiais adscritos ao mesmo.

O Procedemento de elaboración da Memoria de Calidade está definido no proceso extratético PE-02 do [Manual de Procesos](#) do centro, sendo competencia da CCC a súa elaboración logo do análise do funcionamento global do SGC e dos títulos competencia do centro. Unha vez rematada, será enviada á ACMP para revisión e informe técnico; o documento final, coas rectificacións suxeridas, se as houbera, é finalmente aprobada pola Xunta de Facultade. A persoa responsable de Calidade, remitirá a Memoria de Calidade á Vicerreitoría con competencias quen dará traslado da mesma á Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno para o seu coñecemento e posibles recomendacións.

Esta Memoria de Calidade corresponde ao curso 2019-20, un curso de características especiais en canto que se viu afectado pola crise sanitaria derivada da pandemia por COVID-19.

### Títulos impartidos no centro

A Facultade de Veterinaria iniciou a súa andadura no ano 1984. En maio de 1994 pónse en marcha a Fundación Rof Codina e un ano despois, en 1995, o Hospital Veterinario Universitario Rof Codina que asina o convenio coa Universidade de Santiago de Compostela en 1997 co obxectivo de dar apoio permanente á docencia clínica da Facultade de Veterinaria.

Na actualidade a Facultade de Veterinaria imparte dúas titulacións: o [Grao en Veterinaria](#) e o [Máster Universitario en Xenómica e Xenética](#) interuniversitario xunto coa Universidade de Vigo que comezou a ofertarse no curso académico 2018-19:

#### **Grao en Veterinaria, 5 anos, 300 ECTS (MECES 3)**

Data acreditación ex ante (verificación): 30/06/2010

Curso de implantación: 2010/2011

Data renovación acreditación: 11/07/2017

Data renovación acreditación EAEVE: 21/06/2021

#### **Máster Universitario en Xenómica e Xenética, 60 ECTS**

Títulos interuniversitario: Universidade de Vigo, Universidade de Santiago de Compostela

Universidade responsable administrativa Universidade de Santiago de Compostela

Centro/s onde se imparte: Facultade de Veterinaria, Facultade de Bioloxía

Centro responsable: Facultade de Veterinaria

Data acreditación ex ante (verificación) 7/09/2018. Curso de implantación 2018-2019.

Modalidade de impartición Presencial y semipresencial. Desde o curso 2020-21 só presencial

Pola súa parte a **estrutura coa que conta a facultade para o desenvolvemento do SGC** está definida no [Manual do SGC da Facultade de Veterinaria \(aprobado pola CCPdCC o 15/03/2019\)](#), páxinas 12 a 15, e publicada na páxina web propia, sección de [Calidade](#):

1. [Equipo Decanal](#)
2. [Comisión de Calidade do Centro](#) (asume as funcións da Comisión do Título de Grao)
3. Responsable de Calidade do Centro: Vicedecana de Calidade ([veterinaria.calidade@usc.es](mailto:veterinaria.calidade@usc.es))
4. [Comité Consultivo Externo](#)
5. [Comisión Académica do Máster](#)
6. Coordinadora do Grao en Veterinaria: Natalia Vilariño del Río ([natalia.vilarino@usc.es](mailto:natalia.vilarino@usc.es))
7. Coordinador do Máster en Xenética e Xenómica: Manuel Vera Rodríguez ([manuel.vera@usc.es](mailto:manuel.vera@usc.es))

O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Veterinaria foi elaborado en febreiro de 2011 a partir do SGC marco da USC, que se deseñou seguindo o modelo da axencia de calidade nacional e autonómica ACSUG.

O SGC da Facultade de veterinaria foi modificado durante o curso 2018-19, para a súa adaptación ao novo SGC marco da USC aprobado en 2018. Na web da Facultade, no apartado de calidade (<https://www.usc.gal/ql/centro/facultade-veterinaria/calidade>) pódese consultar toda a información relativa ao SGC e ao seu desenvolvemento que inclúe o acceso a toda a estrutura e documentación do SGC: Manual do SGC, Manual de procesos do centro, política de calidade, plan estratéxico, memorias de calidade, informes de seguimento, plans de mellora, así como as actas das reunións da Comisión de Calidade do centro.

No Manual de procesos do centro (aprobado pola CCPdCC o 15/03/2019), adaptado ao novo SGC marco da USC aprobado en 2018, recóllense os 13 procesos polos que se establecen as canles de participación dos axentes implicados, as bases para a recollida e análise da información, así como as medidas para o seguimento, revisión e mellora do proceso

De acordo cos Estatutos da USC, os **órganos de goberno da Facultade de Veterinaria** unipersoais son: Decano/a, Secretario/a e Vicedecanos/as e colexiados: a Xunta de Facultade, que pode funcionar en pleno ou encomendar algunhas das súas funcións ás comisións delegadas. Toda a [estrutura de goberno](#) pode ser consultada na páxina web da facultade.

Os departamentos con encargo docente na Facultade de Veterinaria son 16, dos cales, dous teñen a súa sede no centro que son o departamento de [Anatomía, Producción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias](#) e de [Patoloxía Animal](#).

No [Manual do SGC da Facultade de Veterinaria \(aprobado pola CCPdCC o 15/03/2019\)](#) veñen definidas as funcións da Xunta de Facultade (punto 1.3.1), as súas comisións delegadas (punto 1.3.2), así como os departamentos implicados na docencia da Facultade (punto 1.3.3).

Como **documentación de referencia**, ademais do [Manual do SGC](#) e do [Manual de Procesos](#) e da normativa Xeral da USC, a Facultade conta coa que se inclúe a continuación:

- [Prórroga do Plan Estratéxico 2020-22](#)
- Regulamentos que afectan ás Prácticas Tuteladas ([Estancias Clínicas](#), [Estancias Non Clínicas e na Administración](#), [Rotatorio Clínico Hospitalario](#))
- Normativa de Traballo [Fin de Grao](#) e [Máster](#)
- [Manual de Bioseguridade](#)
- Memoria do [Grao](#) e do [Máster](#)
- [Regulamento de Réxime Interno](#)

En relación co RRI (aprobado pola Xunta de Facultade en decembro de 2015 e ratificado polo Consello de Goberno da USC en xuño de 2016), está pendente de que o Consello de Goberno aprobe as modificacións xa aprobadas pola Xunta de Facultade (reunións do 10 de xullo de 2017 e 20 de decembro de 2017), necesaria para a súa actualización. Esencialmente supón a necesidade de reformular algunhas cuestións relativas ás comisións estables para harmonizar esta normativa co SGC.

### **Cambios nos órganos de goberno e na estrutura para o desenvolvemento do SGC**

O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Veterinaria foi elaborado en febreiro de 2011 a partir do SGC marco da USC, que se deseñou seguindo o modelo da axencia de calidade nacional e autonómica ACSUG. No 2015 fíxose a adaptación do Manual simplificado ás particularidades do Centro, adaptación que foi aprobada polo Consello de Goberno da USC o 4 de febreiro de 2015.

Dado que a Comisión de calidade asume as funcións de comisión de título para o Grao en Veterinaria, única titulación adscrita ao Centro no curso 17/18, ao comezo dese curso dotouse á Comisión de Calidade dunha composición máis ampla para recoller a representación de todos os bloques de materias do Plan de Estudos; a nova composición foi ratificada pola Xunta de Facultade na súa sesión do 20 de decembro de 2017.

A última modificación do SGC da Facultade de veterinaria tivo lugar durante o curso 2018-19, levándose a cabo un proceso de revisión e simplificación documental do SGC, para a súa adaptación ao novo SGC marco da USC aprobado en 2018. O novo Manual do Sistema de Garantía de Calidade e o Manual de procesos de centro foron aprobados pola Xunta de Facultade de Veterinaria o 15/02/2019 e posteriormente aprobados pola Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno o 15/03/2019.

Toda a documentación relativa ao antigo SGIC permanece arquivada en soporte electrónico na AASX tal e como o establece o Manual de Procesos no PS-03 relativo á xestión documental. Ademais, polo momento está tamén accesible na web propia da Facultade de Veterinaria no apartado de calidade baixo o epígrafe “documentación obsoleta”.

A elección de decano, prevista para abril de 2020 e adiada por mor do COVID-19, tivo lugar finalmente en novembro de 2020. Os cambios no equipo de goberno implicaron a renovación dos membros das comisións delegadas, entre as que figuran a Comisión de Calidade do Centro; outro cambio dentro da estrutura do SGC que acompañou a renovación do equipo de dirección foi o de Coordinador/a do Grao en Veterinaria.

O 10 de febreiro de 2021 tivo lugar a primeira reunión do **Comité Consultivo Externo**, cuxa constitución foi aprobada pola Xunta de Facultade na súa sesión do 26 de xuño de 2019. A reunión tivera que ser retrasada pola pandemia e foi feita a través da plataforma Teams, nela acordouse facer reunións anuais (ao inicio semestrais) e tamén charlas con periodicidade mensual para dar a coñecer aos estudantes e profesorado da Facultade a súa visión sobre o seu campo de especialización.

Ademais da avaliación por parte da ACSUG para a renovación da acreditación do Grao en Veterinaria por parte do Consello de Universidades que obtivo en xuño de 2017, a Facultade de Veterinaria, a cal sométese dende o ano 1998 a un proceso de avaliación externa por parte da European Association of Establishments for Veterinary Education (EAEVE), ven de renovar a súa acreditación despois da re-visita que tivo lugar o 28-29 de abril do 2021, recibindo a acreditación do European Committee of Veterinary Education (ECOVE) con data do 21 de xuño de 2021.

Sinalar que a Facultade de Veterinaria tiña previsto pasar a Auditoría para a Certificación da implantación do SGC, de cara a súa acreditación institucional, en 2019; pero por mor dun desaxuste coa ACMP e o calendario de calidade 2019, finalmente non se fixo e foi posposta para maio 2020. A crise sanitaria motivada pola COVID-19 de novo retrasou este proceso para o mes de outubro 2020, tendo que ser de novo posposta. Finalmente o 6 de maio do 2021 a Facultade someteuse a Auditoría interna de certificación da implantación do Sistema de Garantía de Calidade, estando agora a espera da avaliación externa por parte da ACSUG.

En abril deste ano as comisións de calidade e académica do máster elaboraron os respectivos informes de seguimento 2019-20 dos títulos impartidos, polo que unha gran parte da información que aparecerá plasmada nesta memoria de Calidade, procede destes informes.

### **Reunións da Comisión de Calidade, correspondentes á presente Memoria de Calidade 2019-2020:**

As reunións levadas a cabo pola Comisión de Calidade da Facultade de Veterinaria durante o curso 2019-20 foron as seguintes:

10/12/2019:

- Nomeamento de nova representante de alumnos do Grao
- Verificación do estado das accións de mellora 2018-19
- Revisión do informe de auditoría documental realizado por el ACMP
- Planificación das actividades a realizar en 2020, en especial dos informes de seguimento dos títulos
- Propostas de modificación dos títulos implantados

08/01/2020:

- Incorporación de novos membros da comisión, pertencentes ao Máster en Xenómica e Xenética
- Planificación dos informes de seguimento dos títulos 2018-19
- Análise da solicitude de certificación da implantación do SGC en 2020

28/01/2020:

- Revisión do programa da materia optativa modificada "Anatomía dos NAC"

23/06/2020:

- Aprobación dos informes de seguimento dos títulos impartidos no centro
- Revisión e aprobación das accións de mellora asociadas aos informes de seguimento
- Próximas accións segundo calendario de calidade

07/09/2020:

- Revisión e aprobación da Memoria de Calidade 2018-19

Na web da Facultade de Veterinaria pódese consultar toda a información relativa a estas reunións, incluída nas actas das reunións da CCC: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/calidade/organos-sistema-garantia-calidade>

## Cambios nos títulos

### Supresión da modalidade semipresencial do Máster en Xenómica e Xenética

Despois da implantación do primeiro ano do Máster (curso 2018/2019), a coordinación detectou que a modalidade semipresencial fora elixida por moitos estudantes que non obtiveron praza na modalidade presencial, pero despois solicitaban poder asistir ás sesións programadas da modalidade presencial. Por esta razón, e para atender dunha forma máis eficaz aos estudantes, proponse eliminar a modalidade semipresencial da titulación, pero mantendo a oferta total de prazas (15 prazas para a USC e 15 prazas para UVIGO), que se cursarán exclusivamente na modalidade presencial. Por tanto, elimináronse todas as mencións á modalidade semipresencial ao longo da memoria do Máster, fichas das materias e realizáronse todas as modificacións para axustar o plan de estudos exclusivamente á modalidade presencial.

Esta modificación foi aprobada pola ACSUG con data 10/01/2020 e implantouse no curso académico 2020/2021.



## 2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

### Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

**Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.**

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

#### Política de Calidade.

Trala adaptación do SGC da Facultade –Manual e Manual de Procesos- en febreiro de 2019 ao novo modelo desenvolvido pola USC, a [Política de Calidade](#) quedou incluída no Anexo I e mantense vixente nos seus principios fundamentais. Tal como aparece recollido na páxina web da Facultade e tamén no propio Manual do SGC, o decanato da Facultade de Veterinaria é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario e da sociedade. En concordancia coa política de calidade da USC, persigue o desenvolvemento de programas formativos que procuren a máxima eficacia e compromiso coas expectativas dos grupos de interese, e estean avalados por sistemas de acreditación nacional e internacional.

A misión da Facultade de Veterinaria no seu Grao en Veterinaria é mellorar a saúde e o benestar dos animais e a saúde pública, desde unha perspectiva do “One Health”, a través da excelencia na educación, a investigación, a práctica profesional e o servizo comprometido coa sociedade. Os obxectivos para o seu Máster en Xenómica e Xenética é dar unha formación moi especializada que aporte coñecemento para o desenvolvemento de produtos biotecnolóxicos, mellora da saúde humana e animal, a conservación e xestión de animais e plantas e a comprensión de procesos evolutivos dos seres vivos.

O principal obxectivo da Facultade de Veterinaria é a creación de currículos profesionais innovadores e acreditados, que educa aos estudantes, fomentando o seu pensamento crítico e analítico e prepáraos para a aprendizaxe e

crecemento profesional continuo, para dar resposta ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador. A facultade persigue igualmente promover o crecemento e a excelencia na investigación nos ámbitos nos que é competente.

Ademais dos procesos de avaliación e acreditación por parte da ACSUG, dentro da súa política de calidade a Facultade de Veterinaria sométese dende o ano 1998 a un proceso de avaliación externa por parte da European Association of Establishments for Veterinary Education (EAEVE). Dende o ano 2002 o noso centro esta acreditado de forma positiva en dita avaliación. En setembro de 2018 recibiu a visita da comisión de expertos da EAEVE para renovar a súa acreditación europea. En novembro de 2018 recibíuse o informe definitivo do ECOVE (European Committee of Veterinary Education) obtendo unha “Acreditación Condicionada”, debido a existencia dunha única deficiencia maior. Para obter a “Acreditación definitiva”, unha vez corrixidas as deficiencias detectadas, ía ter lugar a re-visita en marzo de 2020, polo que durante parte do curso 2019-20 o empeño fundamental da facultade foi resolver os aspectos cualificados como “non conformes” cos estándares marcados pola dita asociación e que rexen para todas as facultades europeas. A visita de comprobación da EAEVE prevista para os días 23 a 25 de marzo de 2020, tivo que ser adiada por razóns ben coñecidas motivadas pola COVID-19.

Finalmente a re-visita que tivo lugar o 28-29 de abril do 2021 con resultado favorable, recibindo a acreditación definitiva do European Committee of Veterinary Education (ECOVE) con data do 21 de xuño de 2021.

### **Plan Estratéxico.**

O plan estratéxico (PE) da facultade foi deseñado para o período 2014-2018. Todo o seu análise de estrutura, evolución e grao de cumprimento quedou reflectido nas correspondentes [Memorias de Calidade dos anos afectados](#). A elaboración dun novo plan para executar a partir de 2019 non foi considerado posible, como xa se comentou na anterior Memoria de calidade, nin adecuado polos seguintes motivos:

- O proceso de acreditación europea, trala visita que tivera lugar en setembro 2018 era necesario subsanar as “non conformidades” detectadas para poder pasar a re-visita o antes posible e coas necesarias garantías de éxito, a elaboración dun novo plan estratéxico conforme o establece o PE-01 supoñía una diversificación de obxectivos que non se podían asumir.
- O Plan Estratéxico vixente da USC (2011-2020) finalizaba en 2020. Calquera Plan Estratéxico que se elaborase, tería que estar de acordo co alí recollido e, en consecuencia, non ir máis aló desta data.
- A renovación do equipo decanal tocaba no 2020, polo que non parecía adecuado facer un deseño de futuro que comprometera ao novo equipo de dirección, aínda que a aprobación do Plan Estratéxico corresponda á Xunta de Facultade.

A comezos de 2020, a chegada da pandemia pola COVID-19 complicou toda esta situación, a crise sanitaria e as medidas de restrición de toda a actividade académica, levaron á USC a ter que alterar a súa planificación. O PE da institución, que finalizaba en 2020, foi prorrogado até 2022 e na Resolución reitoral do 7 de outubro de 2020 estableceuse que as facultades debían prorrogar os seus propios PE ou ben elaborar os novos cunha vixencia limitada a 2022. A Facultade de Veterinaria decidiu optar por prorrogar a vixencia do anterior Plan Estratéxico, coas actualizacións necesarias, ata 2022.

A prórroga do Plan Estratéxico (PPE) está publicada, de acordo co proceso PS-06, Información pública, do SGC, no sitio web da Facultade de Veterinaria, no apartado de Calidade. <https://www.usc.gal/es/centro/facultad-veterinaria/calidad/documentacion-sgc>

O Acordo de Prórroga do Plan Estratéxico da Facultade de Veterinaria (2020-22) foi aprobado pola Xunta de

Facultade na súa reunión de 12/02/2021 e finalmente aprobado pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno o 03/03/2021, o que formalmente o localiza no curso 2020-21.

O plan de melloras do Centro para o curso 2020-21, considerando tanto as accións de mellora incardinadas nos informes de seguimento dos títulos como as accións de mellora do centro, están enfocadas ao desenvolvemento das accións estratéxicas recollidas dentro dos obxectivos e liñas estratéxicas do PPE. Será na Memoria de Calidade do curso 20-21 onde toque analizar a evolución e grao de consecución dos obxectivos estratéxicos da PPE 20-22.

No apartado 3 desta Memoria de Calidade contéplanse as accións de mellora propostas para o 2020-21 e a súa relación co desenvolvemento do actual Plan Estratéxico.

### **Plan de Melloras Anual**

Ata o curso 2018-19 na Facultade de Veterinaria tan só se impartía o Grao en Veterinaria. Por este motivo, e así quedou recollido na Aplicación de Axuda aos Sistemas de Xestión (AASX), as accións de mellora para ese curso foron gravadas de forma conxunta no sistema "Facultade de Veterinaria". Para o curso 2019-20 o tratamento das accións de mellora asociadas aos informes de seguimento dos títulos e o Plan de Melloras do Centro cambiou e fíxose de maneira separada na AASX, diferenciando accións de mellora relativas aos 2 títulos impartidos neste centro (Grao en Veterinaria e Máster en Xenómica e Xenética) e as accións de mellora que poderían considerarse dentro do Plan de Melloras do Centro.

Polo tanto, a análise e o estado de cumprimento das Accións de Mellora 2019-20 derivadas do informe de seguimento dos títulos forman parte do [informe anual de seguimento do Grao en Veterinaria 2019-20](#) (páxs. 39 a 47) e do [informe anual de seguimento do Máster en Xenómica e Xenética 2019-20](#) (páxs. 44 a 50) elaborado e aprobado pola Comisión de Calidade (función que ten delegada por acordo da Xunta do Centro do 28/10/2011) conforme está definido no Manual de Procesos da Facultade: páxina 55 desenvolvemento do proceso PC-05. Tódalas accións de mellora 2019-20 foron informadas en tempo e pechadas na AASX.

Tanto a CCC do centro (asume as funcións da Comisión do Título de Grao) como a Comisión Académica do Master coinciden en que a aplicación do SGC facilita a detección de posibles desaxustes e, en consecuencia, a proposta de accións de mellora e o seu seguimento

### **Evolución das Accións de Mellora do Máster en Xenómica e Xenética**

A Comisión de Coordinación do Máster a partir da información obtida a través das reunións do Plan de Acción Titorial (PAT) co alumnado e outras reunións informais, tanto con profesores como co alumnado acordaron as seguintes accións de mellora para a axenda do curso 2019-2020:

- Realizar melloras puntuais na web propia do Máster (MGG-AM-1)
- Tratar de mellorar a porcentaxe do alumnado e de docentes que cobren as enquisas de satisfacción oficiais de ambas universidades, contemplándose o desenvolvemento dunha enquisa específica do título que permita obter información dos distintos colectivos implicados no Máster (MGG-AM-2)
- Mellorar os cuestionarios de avaliación das PE e o TFM, para que titores externos e académicos cubran unha única avaliación (MGG-AM-3)
- Establecer un mecanismo de seguimento dos egresados do Máster compatible coa lei de protección de datos (MGG-AM-4)
- Mellorar o calendario de exames, para espacia-los no tempo, na medida do posible (MGG-AM-5)

- Aumentar oferta de PEs e TFMs no estranxeiro. Mellora da mobilidade e captación de estudantes de fóra de Galicia aumentando a visibilidade do Máster na web (MGG-AM-6)
- Lanzar unha conta oficial do Máster en Twitter (MGG-AM-7)

Durante os meses de verán de 2019, procedeuse a actualizar e mellorar os contidos da web propia do Máster, incorporando novos apartados e reorganizando algúns deles. Como non pode ser doutro xeito, esta mellora é dinámica e íranse realizando todas as accións de mellora que a web requira para dotala da máxima transparencia e utilidade.

A pesar de que, conxuntamente aos avisos oficiais desde o servizo de calidade, enviáronse recordatorios aos alumnos e docentes informando da importancia de cumprimentar as enquisas, a participación dos alumnos da USC no curso 2019-2020 foi moi baixa (7,14%, 4316711.Inf.22\_2019\_2020), e non se obtiveron datos sobre a súa satisfacción coa docencia recibida (IN46M). Por este motivo, realizáronse entrevistas persoais para coñecer o grao de satisfacción co título, aínda que non se desenvolveu unha enquisa específica do Máster.

O que si se desenvolveu foron os cuestionarios para a avaliación conxunta dos titores externos e académicos das PEs e TFMs. Estes formularios atópanse dispoñibles na web propia do Máster (<https://www.mastergenomicaygenetica.com/modulo-practicas-externas-e-traballo-fin-de-máster>).

Ademais, creáronse listas de distribución coas contas oficiais da USC e persoais dos alumnos do Máster. Utilizando estas listas, púidose realizar o seguimento das súas actividades unha vez finalizado o Máster (p.e. realización de Teses Doutorais, obtención de bolsas, incorporación a empresas, etc). Seguirase utilizando este sistema para obter información da inserción laboral dos estudantes, ademais das ferramentas oficiais das universidades, xa que a porcentaxe de alumnos que facilita a súa información é elevado (egresados 2018-2019: 75% USC, 46% UVIGO, 62% global; egresados 2019-2020: 64% USC, 21% UVIGO, 43% global). Ademais, móstranse moi agradecidos polo interese que se mostra desde o Máster á súa evolución científico-profesional.

O calendario de exames modificouse, agrupando os exames en tres días á semana de dúas semanas consecutivas. Ademais, deuse a posibilidade de avanzar os exames, aínda que se tiveron que manter as datas oficiais polos estudantes semipresenciais. Isto provocou unha sobrecarga de vixilancia para exames (débense atopar docentes que vixián o exame nos tres Campus), xa que se realizaron ata tres convocatorias por materia, ademais de que os cambios realizados non tiveron o efecto desexado, xa que a valoración sobre o calendario de probas foi mal valorado polo alumnado da USC (1,00/5; por unha valoración de 4,33/5 no curso 2018-2019). Para liquidar estes problemas, para o curso 2020-2021, só se realizará unha convocatoria por materia e período de avaliación. Se os estudantes chegan a un acordo unánime de modificación de data, modificarase á data proposta. En caso contrario, manterase o horario oficial. Isto poderá ser posible grazas á eliminación da modalidade semipresencial no curso 2020-2021.

Tal e como recollen distintos indicadores (IN08M, IN09M, IN13M), o Máster foi capaz de captar estudantes de fóra de Galicia e internacionais. Ademais, a pesar das restricións de mobilidade provocadas pola pandemia de COVID-19, houbo alumnos que realizaron as súas prácticas externas no estranxeiro (Instituto Roslin da Universidade de Edimburgo, Escocia). Esta captación produciuse grazas ao traballo realizado na web a través das páxinas webs oficiais, web propia, conta de Twitter (@MGG\_USC\_UVIGO, correspondente á acción de mellora MGG-AM-7) e contactos directos coa Coordinación.

A pesar do descrito anteriormente, detectáronse algunhas debilidades para as que se expoñen as seguintes accións de mellora para o curso 2020-2021:

- Unificar os períodos de defensa dos TFMs nas dúas Universidades
- Mellorar o sistema de elección das actividades de TFMs e PEs (para evitar os problemas que tivemos o curso 2019-2020 co excel online)
- Uso do programa MS Teams como plataforma para o desenvolvemento da docencia, substituindo a Adobe

Connect.

- Controlar o número de traballos/actividades non presenciais do alumno para evitar unha sobrecarga de traballo.
- Crear un rexistro de actas para as reunións da Comisión de Coordinación do Máster (CCM)

### Evolución das Accións de Mellora do Grao en Veterinaria

No curso 2019-2020 propuxéronse cinco Accións de Mellora que figuran no apartado 3 desta Memoria.

Sinalar que no momento en que se elaboraron os Informes de Seguimento dos Títulos e se propuxeron as Accións de Mellora, a actividade da USC estaba xa a desenvolverse telematicamente e en condicións restrinxidas debido ao estado de alarma e confinamento por causa da pandemia do COVID-19. As restricións, se ben con menor rixidez, mantivéronse até a finalización do curso. Por este motivo, algunhas das accións tiveron que ser adiadas para o vindeiro curso ou reformuladas:

A acción de mellora GrV-AM-4 consistía na inclusión das reunións de valoración de semestre no Manual de procesos do centro. Nesta reunións semestrais o profesorado fai unha reflexión sobre o desenvolvemento e os resultados do proceso formativo e os alumnos aportan a súa visión, suxestións e críticas que serven para a reflexión e a eventual corrección das deficiencias detectadas, e para mellorar o que se evidencia como posible. A inclusión destas reunións ao novo SGC non puido ser levada a cabo debido á situación excepcional motivada pola COVID-19 e a non realización de reunións de seguimento semestral, a acción non se consolidou e queda posposta para a vindeira anualidade.

Pola súa parte a acción de mellora GrV-AM-5 para organizar as xornadas anuais de Márketing e Xestión e de orientación Laboral para alumnos de 4º e 5º curso debido á pandemia, non se puideron facer de forma presencial. Organizáronse 2 sesións de presentación, os días 29 de xuño e 5 de novembro de 2020, vía Microsoft Teams por parte da empresa Eville & Jones acerca das oportunidades de emprego como auxiliar oficial de Inspección Veterinario Oficial en matadoiros en Reino Unido e dos efectos do COVID-19 e do Brexit nas oportunidades de emprego. Desde a Secretaria de la Facultade enviouse información aos alumnos de 4º e 5º curso, así como a recen egresados sobre estas sesións informativas.

Si puideron ser rematadas e completadas en tempo as Accións de Mellora GrV-AM-1, GrV-AM-2 (Premios Escolle en Galego, premios á calidade formal e lingüística dos mellores traballos académicos e dos TFG) e GrV-AM-3 (redución do tamaño do módulo de grupos de prácticas). A información completa destas accións de mellora amósase, como xa se indicou anteriormente, no [informe anual de seguimento do Grao en Veterinaria 2019-20](#) (páxs. 39 a 47), así como no apartado 3 desta memoria de calidade.

A acción de mellora GrV-AM-4 retomárase dentro das Accións de Mellora do Grao en Veterinaria propostas para o curso 2020-21, tal como se recolle no apartado 3 desta Memoria de Calidade. Neste apartado recóllense as accións de mellora derivadas da análise e revisión feita do curso 2019-20 no Informe de Seguimento e outras propostas de mellora para o Grao en Veterinaria. Ademais cada ano, desde a CCC (que asume as funcións de Comisión do Título de Grao) pídeselles ás materias que reflexionen sobre o resultado do curso e envíen á Comisión de Calidade as accións de mellora que consideren necesarias como proposta para mellorar e completar o desempeño docente. Esta posibilidade é unha ferramenta de enorme valor que a implantación do SGC ofrece para a continua innovación e mellora da actividade docente, e que cada vez máis vai implantándose dentro da planificación que as diferentes materias fan para o curso próximo.

Dentro do plan de melloras do Grao, ademais destas accións que son de tipo docente ou que netamente afectan e son propostas polas materias, tamén se acometen outras accións xerais para o conxunto do grao, enfocadas ao

desenvolvemento de accións estratéxicas específicas recollidas dentro dos obxectivos e liñas estratéxicas da Prórroga do PE 2020-22, tal como se recolle no apartado 3 desta Memoria.

### **Evolución do Plan de Melloras do Centro**

Como xa se comentou no apartado sobre o Plan Estratéxico dentro desta Directriz 1, o Plan de Melloras do centro 2019-20 non esta deseñado para a consecución de obxectivos estratéxicos, aínda que moitos dos recollidos no anterior PE 2014-2018 foron a base das accións descritas neste Plan de melloras, tales como a mellora dos espazos para favorecer o entorno de traballo máis adecuado, as medidas para velar polo aforro enerxético e a accesibilidade nas instalacións, así como a organización de actividades formativas para o PDI e PAS. Formuláronse 20 accións de mellora.

A elaboración da Memoria de Calidade, e con ela o PMA da Facultade para o curso 2019-20, adiouse debido a situación de pandemia polo COVID-19, nese momento a actividade da USC aínda que xa non estaba a desenvolverse integramente de xeito telemático, continuaba con moitas restricións, polo que esa situación ten moito que ver na elaboración dese Plan de Melloras, tanto nalgunha das propostas que se fixeron como no tempo da súa execución xa que quedou establecido alén do curso 2019-20 pero dentro dos límites da axenda de calidade 2019-2020, e dicir entre setembro e decembro do 2020.

Moitas das accións de mellora propostas xa estaban rematadas, ou case, á hora de redactar esa memoria, e o resto foron executadas antes do 31 de decembro de 2020, co cal todas as accións de mellora propostas para o curso 2019-2020 foron executadas con eficacia.

A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora do Plan de Melloras do centro pode ser consultada no apartado 3 desta Memoria de Calidade.

### **Títulos interuniversitarios**

O Máster en Xenómica e Xenética (MXX) é un Máster interuniversitario impartido polas Universidades de Santiago e Vigo. Cada centro de impartición desenvolve o seu propio Sistema de Garantía de Calidade (SGC), aínda que ao ser a USC a universidade coordinadora, corresponde á Comisión de Calidade da Facultade de Veterinaria da USC integrar ao Máster no seu propio SGC. Devandito sistema posúe os mecanismos necesarios para recoller información sobre o título, analízala, detectar debilidades e propor accións de mellora.

Na web da Facultade de Veterinaria da USC (<https://www.usc.gal/gl/centros/veterinaria/calidade.html>) atópase dispoñible toda a información sobre o SGC do centro. A información para a Facultade de Bioloxía de UVIGO atópase na súa web (<http://bioloxia.uvigo.es/es/calidad/sistema-de-garantia-de-calidade/>), tendo este centro a Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade (Programa FIDES-AUDIT) e o Selo de Calidade da Universidade de Vigo.

A Facultade de Veterinaria da USC e Facultade de Bioloxía da UVIGO teñen unha Comisión de Calidade, órgano colexiado que supervisa e promove os diferentes sistemas e procesos vinculados á calidade (SGC, seguimento das titulacións, procesos de avaliación, ...), a análise de resultados e indicadores, así como a planificación e seguimento de accións de mellora consecuentes. Os coordinadores do Máster son membros natos desta comisión. No caso da USC, tamén o é o secretario académico do Máster.

Tanto na USC como na UVIGO dispónse de enquisas de satisfacción sobre a titulación que se realizan por medios telemáticos, aínda que as enquisas de ambas as universidades son diferentes e, por tanto, a veces son difíciles de analizar conxuntamente, xa que non se formulan as mesmas preguntas ou non están dispoñibles na mesma data, o

que xera a veces falta de información para a elaboración de determinados informes.

Aínda así a coordinación entre ambas institucións é adecuada, xa que en cada unha das Universidades existe unha comisión académica do Máster (CAM) e para a súa coordinación hai unha Comisión de Coordinación do Máster (CCM) onde participan membros de ambas comisións académicas (os coordinadores e secretarios académicos das dúas universidades e o coordinador de área externa).

As accións de coordinación que levaron a cabo durante o curso 2019-2020 foron:

- Reunión co profesorado ao final do curso 2018-2019 (22/07/2019) para a organización do curso 2019-2020, onde se analizaron os resultados das enquisas, valoráronse os resultados de avaliación e tivéronse en conta as suxestións presentadas polo alumnado. Con iso detectáronse as fortalezas e debilidades do título para incorporar accións de mellora.
- Reunión grupal co alumnado ao comezo de curso (13/09/2019) para a presentación e posta en marcha do curso (coordinadores e profesores), facilitándolles información acerca de: horarios, labores de coordinación, uso da plataforma virtual, prácticas externas e TFM, así como doutros aspectos que puidesen xurdir.
- Numerosas reunións presenciais e virtuais entre as CAM da USC e UVIGO e da Comisión de Coordinación do Máster de cara a coordinar o uso da plataforma virtual para impartir a docencia (Adobe Connect), data de inicio e fin do curso, as prácticas externas, defensas de TFM, clases prácticas presenciais das materias que as contemplan, xestión e organización da docencia provocada polos cambios derivados da pandemia por COVID-19 (p.e. realización de probas online, organización para a defensa online dos TFMs, etc.)
- Reunión final co profesorado (23/07/2020) para analizar o curso 2019-2020 e organizar o inicio do curso 2020-2021. Realizouse de maneira telemática (para facilitar a asistencia debido ao gran número de centros involucrados) utilizando a plataforma MS Teams. Esta reunión foi de gran utilidade porque se celebrou despois de superar todas as dificultades organizativas provocadas pola COVID-19. Aínda que é certo a que o Máster está totalmente adaptado á realización de docencia online, debido ao seu carácter interuniversitario, detectáronse algunhas debilidades fronte a posibles novos confinamentos ou reducións á mobilidade, propóndose accións para mellorar o desenvolvemento do título.
- Coordinación das prácticas externas, realizase a través dun coordinador que acorda coas diferentes institucións e os titores de cada alumno en concreto, que actividades levará este a cabo durante o período de prácticas externas. Moitos alumnos pactaron as súas PEs que despois foron aprobadas pola Coordinación da materia. Ademais, desde o Máster publicáronse as súas propias ofertas na páxina web do Máster (<https://www.mastergenomicaygenetica.com/oferta-practic-as-externas-2019-2020>), onde os alumnos que non tiñan pactadas as súas prácticas puideron escoller por orde de maior a menor nota de entrada ao Máster.

### **Vixencia do SGC**

O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de veterinaria que foi implantado en febreiro de 2011, foi modificado durante o curso 2018-19, levándose a cabo un proceso de revisión e simplificación documental do SGC, para a súa adaptación ao novo SGC marco da USC aprobado en 2018. O novo Manual do Sistema de Garantía de Calidade e o Manual de procesos de centro foron aprobados pola Xunta de Facultade de Veterinaria o 15/02/2019 e posteriormente aprobados pola Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno o 15/03/2019.

Despois deste tempo de emprego, o SGC require unha actualización dos procesos para incorporar os cambios que se foron producindo nos dous últimos anos en normativas e procedementos, así como outros cambios de maior calado que se viu necesario acometer que afectarían á estrutura do SGC, como sería a constitución dunha Comisión

do Grao en Veterinaria co fin de separar Comisión de título para o Grao e a Comisión Calidade.

Estes cambios foron postergándose debido a varias razóns:

- A Facultade estivo inmersa no proceso de avaliación europea por parte da European Association of Establishments for Veterinary Education (EAEVE) e trala visita de acreditación europea en setembro 2018 era necesario subsanar as “non conformidades” detectadas para poder pasar a re-visita o antes posible e coas necesarias garantías de éxito.
- En abril de 2020 tocaba renovar o equipo decanal polo que non parecía adecuado facer cambios que comprometeran ao novo equipo de dirección, considerando máis apropiado que foran as persoas que ían xestionar a facultade durante os seguintes anos os que realizarán os cambios oportunos segundo a orientación da súa actividade.
- A irrupción da pandemia orixinada polo COVID-19 que levou a que todos estes acontecementos foran adiados, en ocasións, durante máis dun ano.

Unha vez obtida a acreditación europea e iniciada a andadura do novo equipo decanal, comezouse co proceso de revisión e actualización tanto do Manual de SGC como do Manual de Procesos do Centro, actuacións que quedan recollidas no Plan de Melloras do Centro para o ano 2020-21 que se presenta no apartado correspondente nesta Memoria de Calidade.

Cabe destacar, como previsións de modificacións que se levarán a cabo no SGC:

- Actualización da Política de calidade
- Creación da Comisión de Grao en Veterinaria
- Cambio na composición da Comisión de Calidade
- Inclusión das comisións delegadas da Xunta de Facultade nos procesos correspondentes do SGC
- Actualización do Manual de procesos para a súa adaptación aos cambios producidos en normativas e procedementos

Por outra banda, sinalar que a Facultade de Veterinaria tiña previsto pasar a Auditoría para a Certificación da implantación do SGC, de cara a súa acreditación institucional, en 2019; pero por mor dun desaxuste coa ACMP e o calendario de calidade 2019, finalmente non se fixo e foi posposta para maio 2020. A crise sanitaria motivada pola COVID-19 de novo retrasou este proceso para o mes de outubro 2020, tendo que ser de novo posposta. Finalmente o 6 de maio do 2021 a Facultade someteuse a Auditoría interna de certificación da implantación do Sistema de Garantía de Calidade, estando agora a espera da avaliación externa por parte da ACSUG.

### **Mecanismos de recollida de información**

Como última cuestión a valorar nesta directriz, cómpre facer referencia aos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Para este fin dispoñemos de diferentes indicadores e informes proporcionados polos servizos centrais da universidade correspondentes ao Sistema de Garantía de Calidade que recollen información sobre os aspectos relevantes, como a docencia, as titulacións, servizos, mobilidade, etc. Por outra banda, a Facultade complementa a información recabada a nivel institucional mediante reunións de valoración ao final de cada semestre, nas cales o profesorado fai unha reflexión sobre o desenvolvemento e os resultados do proceso formativo e os alumnos aportan a súa visión, suxestións e críticas que serven para a reflexión e a eventual corrección das deficiencias detectadas, e para mellorar o que se evidencia como posible.



Estas reunións de valoración semestral, unha vez finalizada a adaptación do SGC da Facultade de Veterinaria ao novo SGC marco, cumpría que foran incluídas no novo SGC tal como se propoñía na acción de mellora GrV-AM-4 do curso 19-20, pero debido á situación excepcional motivada pola COVID-19 e a non realización de reunións de seguimento semestral, esta acción de mellora non se puido consolidar e queda posposta para a vindeira anualidade.

Neste punto, en particular, hai que ter en conta a excepcionalidade do curso 2019-20 que tamén afectou, como non podía ser doutro modo, á recollida de información sobre satisfacción dos grupos de interese. Así, algunhas enquisas non se aplicaron (por exemplo a satisfacción coas prácticas externas), e noutras, aínda que se levaron a cabo, a interpretación dos seus resultados pode ser, en ocasións, dificilmente comparable con outros cursos.

Consideramos, que agás a sempre problemática taxa de resposta fronte a que non somos quen de atopar unha solución que de forma xeral e permanente incremente este valor, o sistema de recollida de información a través das enquisas que se fan de forma centralizada pola ACMP aporta unha información útil para o desenvolvemento do SGC.

Para o resto de mecanismos de recollida de información relativa a queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese, pensamos que funciona razoablemente ben cos formularios implementados na páxina web e co servizo que proporciona de xeito centralizado a Oficina de Análises e Reclamacións (OAR).

De acordo co establecido no manual do SGC, proceso PS-05 (Xestión das incidencias(SQR)), na páxina web da facultade existe un formulario para que os usuarios (calquera membro da USC) poidan facer chegar calquera tipo de suxestión ou reclamación, as cales son recibidas directamente no decanato. Para que os usuarios coñezan o proceso, xunto ao formulario ofrécese un PDF para consultar o diagrama de fluxo tomado do propio manual do SGC:

[http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/ql/centros/veterinaria/descargas/Flujo\\_Gestion\\_Incidencias.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/ql/centros/veterinaria/descargas/Flujo_Gestion_Incidencias.pdf)

Se esta queixa ou suxestión excede o ámbito de resolución do centro, derivase ao servizo que corresponda. Reciprocamente, as incidencias recibidas pola Oficina de Análise de Reclamacións da USC (OAR) e que afectan aos aspectos que xestiona a facultade, fanse chegar e tramítanse como corresponda.

Durante o curso 2019-20 recibíronse 10 reclamacións no decanato da facultade, e 6 reclamacións/ recursos e 5 queixas na OAR da USC, todas vinculadas ao Grao de Veterinaria. Todas elas describíense e coméntanse nas directrices 2 e 3 desta memoria de calidade. No caso do MXX non se recibiron nin suxerencias nin reclamacións en ningunha das dúas universidades utilizando as canles a disposición dos diferentes colectivos que integran o Máster.

Neste punto é de destacar que, en xeral, as queixas e suxestións rexistradas na OAR non se trasladan aos centros, do mesmo xeito que as suxestións e reclamacións recibidas directamente na Facultade non se trasladan a OAR, polo que é imposible discernir se algunhas poden ser as mesmas, presentadas a través de diferentes vías administrativas.

Segundo o recollido no proceso PS-05, as incidencias tratadas internamente pola facultade e aquelas das que esta tivese que informar a outros órganos, son recompiladas polo/a responsable de calidade do centro nun informe para a súa análise posterior pola CCC, de acordo co recollido no proceso PE-02 (Revisión e mellora); estes informes están na AASX.

Dispónse ademais doutro formulario para comunicar calquera incidencia relativa ás instalacións e servizos da Facultade (calefacción, fontanería, electricidade, ...) . Este formulario recíbese na conserxería para actuar directamente naqueles aspectos que entren no seu ámbito de competencias, e se non comunicase á Oficina de Xestión de Infraestruturas (OXI) e ao decanato: <http://www.usc.es/ql/centros/veterinaria/incidencias.html>

## Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

**Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
  - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
  - cumprimento de guías docentes;
  - procedementos de coordinación,
  - análise do perfil real de ingreso/egreso,
  - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
  - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

#### **Evidencias dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción dos programas formativos.**

O proceso estratéxico de revisión e Mellora PE-02 no seu desenvolvemento contempla que “Se como resultado da análise do funcionamento dos títulos se propón levar a cabo unha modificación do título ou mesmo a súa extinción, realizarase de acordo co proceso institucional PI-01-Deseño, modificación e extinción de programas”.

Trátase dun dos procesos incluídos a nivel Institucional no Mapa de Procesos do Manual do SGC, e polo tanto con actuacións comúns a tódolos títulos da USC conforme aos programas da ACSUG para a xestión dos mesmos.

As modificacións non substanciais que se fan cada curso, quedan referidas no correspondente epígrafe dos informes de seguimento dos títulos en cuestión, así como no apartado 4 desta memoria de calidade.

#### **Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.**

Como xa se ten dito e polos motivos expostos na Introducción (páx. 5), a Facultade de Veterinaria aínda non pasou o proceso de certificación da implantación do SGC, polo tanto para o curso 2019-20 existen informes de seguimento tanto do Grao en Veterinaria como do Máster Universitario en Xenómica e Xenética que analizan os diversos aspectos relativos ao desenvolvemento dos programas formativos. Para cada un dos aspectos mencionados neste epígrafe, pódese consultar a información recollida nos informes de seguimento de ambos títulos Grao e Máster, aínda que nesta memoria preséntase unha síntese de ditos informes das titulacións da Facultade de Veterinaria no curso 2019-20. Toca nesta directriz todo o relativo ao deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Durante o curso 2019-20, e de acordo co PE-02 do Manual de Procesos de Centro, levouse a cabo a revisión e mellora

dos programas formativos, para garantir o cumprimento das memorias verificadas. Un aspecto importante deste seguimento foi a aprobación e supervisión do cumprimento da guías docentes de acordo cos contidos, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación que figuran nas memorias dos títulos.

Hai que ter en conta que a docencia desenvolveuse consonte ao planificado no programa formativo, e seguindo o establecido nas guías docentes das materias ata o 15 de marzo de 2020, data na que se decretou o confinamento debido a pandemia COVID-19. Como consecuencia suspendeuse a docencia presencial e non se retomou no resto de período lectivo do segundo cuadrimestre do curso 2019-2020. Aínda que si ben quedaron suspendidas as actividades docentes presenciais, estas actividades foron substituídas, sempre que foi posible, por actividades non presenciais que permitiron a continuación das actividades formativas.

A programación docente prevista para ese período tivo que ser adaptada ás metodoloxías non presenciais, a través da modificación das guías docentes, ofrecéndolles aos alumnos unha temporalización das actividades a realizar respectuosa co calendario académico e coas cargas de traballo.

Nun primeiro momento fíxose a adaptación dos apartados da programación docente de *contidos, planificación, metodoloxía e bibliografía básica*. Para este último o profesorado de cada materia procurou que os manuais, libros, artigos etc. estiveran accesibles para o estudantado nas condicións de confinamento existentes. De especial utilidade foron os recursos en liña recompilados pola Biblioteca Universitaria (A BUSC en liña).

Todas as clases expositivas foron subidas á Aula Virtual e/ou impartidas a través de Microsoft Teams adaptándose o máximo posible aos horarios previstos. Adicionalmente, en certos casos, proporcionóuselles aos alumnos material complementario para a súa preparación.

Foron especialmente sensibles as sesións prácticas de laboratorio e as prácticas clínicas, as cales foron substituídas, sempre que foi posible, por actividades susceptibles de ser desenvolvidas en modalidade online polo estudantado, facilitándolles os materiais necesarios para levalas a cabo.

O apartado de *avaliación* modificouse nun momento posterior, cando se tivo a certeza de non poder levar a cabo a avaliación presencial. As modificacións introducidas, así como os procedementos e criterios de avaliación, foron comunicadas aos estudantes con antelación suficiente (antes do 30 de abril) a través do campus virtual.

A avaliación realizouse a través de procedementos non presenciais, con ou sen proba final telemática, se ben se fixo unha aposta pola avaliación continua. No caso de existir proba final telemática, esta puido facerse como modalidade sincrónica ou asincrónica. Para isto empregáronse as ferramentas dispoñibles no Campus Virtual e Microsoft Teams.

No caso de que algún alumno/a non puidera realizar a proba prevista en condicións similares ao resto debían estar previstas probas alternativas para a súa avaliación que aseguraran a igualdade de oportunidades.

Todas estas adaptación foron feitas en tempo e forma para que o estudantado puidera adaptarse e ser coñecedor das novas actualizacións

A análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos de cada un dos programas formativos correspondentes aos títulos impartidos no centro descríbese a continuación:

## 2.1. Grao en Veterinaria

### Memoria verificada

A Memoria do Grao en Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela foi elaborada segundo as indicacións da ORDE ECI/333/2008, do 13 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da Profesión Veterinaria, e obtivo a Verificación positiva do Ministerio de Educación o 2 de xullo de 2010 conforme se adecúa ás previsións do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais e é coherente co título deseñado. A acreditación deste grao

foi renovada o 11 de xullo de 2017. O documento da Memoria de Grao ten varias versións segundo se van incorporando as modificacións aprobadas da mesma. No curso 19-20 o grao impartíuse segundo o indicado na [Memoria de Grao](#) publicada na páxina web do centro (versión 08, 17/07/2019) en canto ás competencias que deben adquirir os estudantes así como ao desenvolvemento das actividades académicas, as metodoloxías docentes aplicadas e aos sistemas e criterios de avaliación.

Neste curso implantáronse as modificacións de distribución horaria das actividades formativas das seguintes materias do grao para corrixir as deficiencias maiores e menores detectadas pola comisión Europea (EAEVE): Fisioloxía Veterinaria I, Etoloxía e Protección animal, Fisioloxía Veterinaria II, Parasitoloxía Veterinaria, Propedéutica Clínica, Enfermidades Infecciosas I, Enfermidades Parasitarias I, Patoloxía Xeral (Nosoloxía e Fisiopatoloxía), Enfermidades Parasitarias II, Epidemioloxía, Medicina Preventiva e Policía Sanitaria I, Epidemioloxía, Medicina Preventiva e Policía Sanitaria II, Tecnoloxía da Reprodución Animal, Cría e Saúde Animal, Nutrición e Alimentación Animal, Producción Animal II, Anatomía de Mamíferos Exóticos, Medicina e Cirurxía Clínica Veterinaria I; así como a redistribución dos 24 créditos ECTS da disciplina “Prácticas Tuteladas Obrigatorias” e o cambio da Materia optativa “Enxeñaría Xenética Animal” pola materia “Xenética e Xenómica Aplicada as Ciencias Veterinarias”, con idéntica carga de créditos (3 ECTS). Sen embargo, algúns destes cambios non puideron ser executados debido á suspensión da actividade docente presencial, como se sinalou anteriormente.

Ademais, durante o curso 19-20 se solicitou a substitución da materia optativa “Anatomía de Mamíferos Exóticos” pola materia “Anatomía dos novos animais de compañía (mamíferos)”, cursando a correspondente declaración de intencións de modificacións non substanciais a través da Vicerreitoría de Titulacións ([ver modificacións das memorias](#)).

### Guías docentes

As guías docentes de cada unha das materias que conforman o plan de estudos foron publicadas na páxina web institucional do centro antes do inicio do período de matrícula ([ir a programacións docentes](#)). Nelas atópase recollida a información referente ás competencias, actividades formativas, metodoloxía e distribución temporal de tarefas, sistemas e criterios de avaliación, etc.

Previamente á súa aprobación en Xunta de Facultade, as guías docentes de todas as materias foron revisadas por un equipo de traballo constituído polo Vicedecano de Ordenación Académica, o Coordinadora do Grao e os coordinadores de semestre unha vez aprobadas polos departamentos, proceso ao que seguiu a revisión pola Comisión de Calidade para asegurar que cumprían o establecido na memoria do título, facendo un especial seguimento das competencias desenvolvidas en cada materia e dos sistemas de avaliación. Considérase que este proceso resultará máis eficaz adiantando a revisión das programacións na secuencia establecida no manual de procedementos.

Durante o segundo semestre do 2019-20 foron introducidas modificacións nas programacións docentes de todas as materias ao abeiro da resolución Reitoral do 23 de marzo de 2020 como se indicou anteriormente. Todas estas adaptacións supuxeron un grande esforzo por parte do profesorado e do alumnado ante unha situación difícil e non prevista. Grazas a este esforzo a actividade docente levouse a cabo de maneira satisfactoria e sen incidencias reseñables.

### Procedementos de coordinación

#### Coordinación da actividade semestral

Habitualmente realízanse para cada semestre reunións para a revisión do desenvolvemento da docencia nos semestres, nas cales se valora entre outros aspectos a coordinación da actividade docente, nas que participan dous representantes dos estudantes, os/as profesores/as coordinadores/as das materias do semestre, coordinador/a do semestre, coordinador/a de título e Vicedecano/a de Ordenación Académica. Dada a situación sanitaria debida á pandemia, no curso 2019-20 non se levaron a cabo estas reunións de valoración da actividade docente do semestre que se viñan realizando en cursos previos.

Estas actividades de coordinación do Grao en Veterinaria deberían estar recollidas no manual de procesos e

procedementos do Centro. A integración destes procedementos de coordinación nos procesos do centro estaba planificada como unha acción de mellora que debido ás características excepcionais deste pasado ano non foi posible levar a cabo e que se retoma no presente curso.

Coordinación das Prácticas Tuteladas (Prácticas externas curriculares obrigatorias).

Desde o curso 2014-15 existen coordinadores específicos para as materias de prácticas tuteladas, do mesmo xeito que ocorre con calquera outra materia do plan de estudos. A pesar do seu carácter multidisciplinar e moi diferente do resto, nestas materias a figura do coordinador é clave para resolver todas as cuestións relativas ao desenvolvemento de cada quenda de estancias, levar a cabo a interlocución cos titores profesionais e valorar cun único criterio as memorias que os alumnos deben entregar sobre o traballo realizado.

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/practicass>

Coordinación das Prácticas Externas (Prácticas externas curriculares optativas).

Ao amparo do Real decreto 592/2014 existe a posibilidade de realizar prácticas externas optativas coordinadas polo Vicedecanato de Prácticas externas. Toda a normativa que as regula pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/practicass>

Coordinación da materia Trabajo Fin de Grao.

O Título conta cunha comisión específica que se encarga de organizar e coordinar toda a actividade relacionada con esta materia.

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/TFG>

**Análise do perfil real de ingreso/egreso**

No curso académico 2019-20, obsérvase un lixeiro descenso con respecto ao curso anterior na matrícula de novo ingreso por preinscripción (IN04G e IN05G) que se traduce nun mellor axuste do número real de estudantes matriculados ao número de prazas ofertadas. A “Taxa de Ocupación”, definida como a relación porcentual entre a matrícula de novo ingreso por preinscripción e o número de prazas ofertadas (IN12G), alcanzou un valor moi próximo ao 100% (110 prazas ofertadas e 108 estudantes matriculados por preinscripción), consolidándose a corrección do descenso na taxa de ocupación observado no curso 2016-17. A corrección foi posible grazas a actuación levada a cabo desde o centro, instando aos organismos pertinentes para que “revisasen” o proceso de admisión de modo que, na medida do posible, non quedasen prazas sen cubrir cando a demanda excede claramente a oferta.

Curso académico	Número de prazas ofertadas (IN01G)	Matrícula (IN02G)	Matrícula de acceso (IN03G)	Matrícula de novo ingreso por preinscripción (IN04G)	Variación da matrícula de novo ingreso por preinscripción (IN05G)	Taxa de ocupación (IN12G)
2015-16	110	620	114	107	- 3,60	97,27%
2016-17	110	673	101	101	- 4,67	91,81%
2017-18	110	681	122	114	+ 11,76	103,64%
2018-19	110	690	122	114	0,00	103,64%
<b>2019-20</b>	<b>110</b>	<b>679</b>	<b>115</b>	<b>108</b>	<b>- 5,26</b>	<b>98,18%</b>

En canto á procedencia xeográfica do alumnado matriculado, como se mostra na seguinte táboa, os datos indican que a demanda para cursar o Grao en Veterinaria na USC supera amplamente o ámbito da Comunidade Autónoma (indicadores IN08G e IN09G). A porcentaxe de estudantes procedentes de fóra de Galicia supera o 50% do total do alumnado matriculado e mantense estable nos 3 últimos cursos.

Curso académico	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
<b>Estudantes nacionais de fóra de Galicia (%) - (IN09G)</b>	45,81	47,40	49,49	50,14	<b>50,96</b>
<b>Estudantes estranxeiros (%) - (IN08G)</b>	2,74	3,12	2,79	3,48	<b>4,12</b>
<b>Estudantes de Galicia (%)</b>	51,45	49,48	47,72	46,38	<b>44,92</b>

Os criterios de admisión de estudantes para o acceso ao ensino superior están definidos pola Orde do 24 de marzo de 2011 que regula as probas de acceso aos ensinos oficiais de grao e polo proceso de admisión ás tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (DOG nº66 do 24 de abril de 2011), e regulado pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG - <http://ciug.gal/>) que aplica os criterios de adecuación e ponderación das diferentes modalidades de acceso ao perfil dos diferentes graos; estes criterios axústanse perfectamente aos requisitos e perfil de acceso que describe a memoria do noso título.

Os valores dos indicadores da nota media de acceso por preinscrición (IN06G) e a porcentaxe de estudantes que acceden ao grao con puntuación igual ou superior a seis (IN07G) no curso 2019-20, foron 11,11 e 100% respectivamente, manténdose en valores similares aos dos últimos anos, e reflicten o adecuado nivel formativo xeral do alumnado que accede aos estudos do Grao en Veterinaria. O 80% dos estudantes matriculados no 19-20 proveñen do Bacharelato como ensinanza de acceso e o 20% da Formación Profesional, segundo o informe INF.CIUG 2019-2020.

Ademais, obsérvase un claro perfil vocacional no noso alumnado, posto que unha gran maioría elixiu estes estudos en primeira opción. A relación porcentual de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados sobre o nº de prazas ofertadas (IN10G) foi de 90,00% no curso 2019-20, sen variacións significativas con respecto a cursos anteriores.

Segundo os datos do Ministerio de Educación obtidos da páxina web "¿Qué estudiar y dónde en la universidad (QEDU)?" o Grao en Veterinaria sitúase, entre todos os graos de Galicia, no posto 3 de 141 e como número 1 de 5 dentro do ámbito de Agricultura, Gandaría e Pesca, o cal é unha boa mostra da súa demanda. Dentro de España e no mesmo ámbito, ocupa o posto 8 dun total de 78 graos.

Outro aspecto que reflicte a coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título, é a baixa taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G) que acadou un valor 7,14, en consonancia cos valores dos últimos cursos (excepto 2018-19). O valor da taxa de abandono é significativamente menor que o valor medio deste parámetro na Área de Ciencias da Saúde e no conxunto das titulacións da USC. Por outra parte, a taxa de abandono final definida polo RD 1393/2007 (IN41G) mantense tamén con respecto ao curso anterior, e está por debaixo dos valores medios da Área de Ciencias da Saúde e da USC. Estas taxas de abandono mantivéronse para o curso 19-20 por debaixo do 15 % establecido como previsión proposta na memoria do título.

Taxas de abandono	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
<b>Taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G)</b>	4,95%	7,84%	5,81%	0,00%	<b>7,14%</b>
<b>Taxa de abandono RD 1393/2007 (IN41G)</b>	1,85%	11,22%	15,53%	13,86%	<b>13,73%</b>

En relación coas taxas de abandono hai que ter en conta ademais que cada curso aproximadamente o 50% do alumnado de novo ingreso procede de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, e constatouse que un certo número ao longo dos seus estudos trasladan o seu expediente a facultades máis próximas ao seu lugar de orixe o que incrementa as taxas de abandono, a pesar de que o estudante mantén o seu vínculo co título escollido o que reflicte a coherencia do perfil de

ingreso establecido na memoria.

En canto ao perfil de egreso, a taxa de graduación (**IN37G**) situouse no 67,65 % no curso 2019-20, subindo con respecto aos cursos anteriores, nos posteriores cursos debemos comprobar se este valor está condicionado pola situación excepcional que supuxo a avaliación telemática dos contidos das diferentes materias do grao. Ademais duplícase o obxectivo marcado na memoria do Grao, onde se establecía un mínimo do 30%. Este valor sitúase xa por encima dos obtidos na antiga Licenciatura en Veterinaria, o cal dá mostra do razoable avance do grao e a efectividade da docencia impartida, posto que unha boa parte do profesorado e infraestruturas son as mesmas. Porén, é unha demanda de todas as facultades de veterinaria de España diante do Ministerio de Educación, a necesidade de contar con 30 ECTS adicionais aos 300 actuais, que permitirían desenvolver a formación práctica preprofesional do último semestre sen afectar ao resto do programa formativo nos 9 semestres anteriores; non hai dúbida de que a compresión á que hai que someter os contidos de tódalas materias por esta causa afecta á progresión dos alumnos e por tanto aos valores que se desprenden deste indicador.

<b>IN37G</b>	<b>2015-16</b>	<b>2016-17</b>	<b>2017-18</b>	<b>2018-19</b>	<b>2019-20</b>
<b>Total (%)</b>	59,26	53,06	52,43	56,44	<b>67,65</b>

A taxa de éxito dos egresados (**IN50G**) ten valores aceptables (81,36%), a pesar da baixada do indicador neste curso 2019/20 que cremos que se debe a que remataron o grao un maior número de estudantes que xa levaban varios anos matriculados. A taxa de idoneidade na graduación (**IN51G**) sitúase no 53,92%, sendo máis elevada neste curso 2019/20, e pensamos que as condicións académicas condicionadas pola COVID-19 que tivemos o curso pasado poden influir tamén neste resultado; haberá que esperar a ver a evolución en futuros cursos académicos para ver se o cambio se mantén. A duración media dos estudos (**IN38G**), que acadou este ano un valor de 6,2, aínda que en cursos anteriores non chegou a 6, mantense por debaixo dos 7,5 anos establecidos como máximo aceptable na memoria de grao.

Realmente non temos datos de estudos de inserción laboral dos nosos titulados, polo que non é posible extraer conclusións que permitan valorar a adecuación do plan de estudos coa potencial traxectoria laboral dos egresados, e polo tanto non podemos usalos como indicadores de cara a analizar aspectos susceptibles de mellora.

### **Os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria**

Os resultados da aprendizaxe, tal e como reflicte a Memoria do Grao en Veterinaria, así como os diferentes informes de seguimento do título, avalíanse a través das competencias asignadas: Xenéricas, Disciplinares, Profesionais, Académicas e Transversais.

As actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación están debidamente explicados nas guías docentes das materias do Grao. Nelas enuméranse todas as competencias asignadas a cada materia, o temario, desenvolvemento práctico e sistema de avaliación empregado, axustándose razoablemente ao obxectivo da súa adquisición. Antes de finalizar o Curso Académico, e en previsión do seguinte, cada Guía Docente é revisada polo profesorado implicado, aprobada polo Departamento correspondente e remitida ao Centro que verifica a coherencia do seu contido en relación co establecido na memoria de verificación do título e, de ser o caso, devolve aos profesores a relación de correccións necesarias.

Nas reunións de valoración semestrais faise fincapé na adquisición por parte do alumnado das competencias características do título, que son as Profesionais ou tamén chamadas “Competencias a día 1” (Day-1 skills), esixidas pola FVE. A través destas valoracións, obtense información acerca de como o alumnado vai conseguindo as diferentes competencias. Ademais, os resultados da aprendizaxe que se analizan nas reunións de valoración semestrais téñense en conta de cara á revisión e mellora do plan de estudos. As modificacións realizadas ata o momento en relación coa

redistribución das competencias entre as materias e coa reorganización das horas dedicadas ás diferentes actividades formativas nalgunhas delas, xurdiron das devanditas reunións. Para o curso 2019-2020 non se fixeron reunións de valoración semestral debido á situación excepcional de pandemia.

Dispoñemos dalgúns taxas que axudan a estimar os resultados da aprendizaxe, e que xa estaban recollidas na memoria de verificación do título.

A taxa de éxito (**IN35G**) cun valor de referencia na memoria do título do 75%, mostra de maneira constante valores promedio para a totalidade do grao por riba do 80%. No último curso superan amplamente este dato, 95,84%, pero cremos que puido influír a realización dos exames de forma telemática por mor da crise sanitaria e o confinamento causado pola COVID-19:

IN35G	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
<b>Total (%)</b>	85,73	83,41	82,76	83,05	<b>95,84</b>

A taxa de rendemento (**IN34G**) seguiu un curso ascendente alcanzando valores máximos do 81% no 2015-16, e dende o curso 2016/17 estabilizouse cun promedio para o grao próximo ao 79% que se mantén ata o presente curso 2019/20 no que observamos un importante incremento cremos que condicionado pola adaptación académica á pandemia do COVID-19:

IN34G	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
<b>Total (%)</b>	81,09	78,94	77,69	78,51	<b>93,38</b>

Finalmente a taxa de avaliación (**IN36G**) ten promedios para a totalidade do título por encima do 90%, cun 97,43 % para 2019-20, o que consideramos resultados certamente satisfactorios, e aínda que neste curso poden estar lixeiramente aumentados pola cuestión anteriormente sinalada, non afecta tanto a este indicador coma aos previos:

IN36G	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
<b>Total (%)</b>	94,59	94,64	93,88	94,53	<b>97,43</b>

#### Información sobre satisfacción, necesidades, expectativas e queixas e suxestións dos grupos de interese.

En relación cos egresados, non esta dispoñible no listado de indicadores o nivel de satisfacción xeral co Grao (**IN42G**) para o curso 2019-20. Sen embargo, no informe asociado (INF.09) da enquisa de satisfacción de egresados/as, en concreto para o ítem da enquisa “satisfacción xeral coa titulación” a valoración se sitúa en 3,80, por enriba da media da USC (3,43) e superando os datos do indicador IN42G de cursos anteriores:

Grao xeral de satisfacción dos egresados coa titulación –IN42G-					
Curso	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total	3,60	3,72	3,31	3,33	--

Se ben é certo que o valor do indicador IN42G non é o resultado dunha soa cuestión como ocorre no INF.09, senón a media dun conxunto de ítem que se teñen en conta para o cálculo final do indicador, polo que ambos valores non serían comparables, pero aínda así é importante resaltar que nun curso tan difícil para a docencia como foi o 2019-20, con docencia non presencial a partir de marzo, a satisfacción xeral dos egresados mantense alta.

Ademáis, no mesmo informe INF.09, a valoración que proporcionan os egresados á pregunta “En qué medida cres que a túa titulación che resulta útil para o mercado laboral?” é de 4,4 sobre 5, o que suxire que a titulación se corresponde coas necesidades e expectativas deste grupo de interese. Aínda que hai que ter en conta que a participación dos egresados nestas enquisas segue a ser baixa, polo que a información que nos transmiten os datos recollidos non é suficientemente



representativa.

Informe (INF.09) da ENQUISA DE SATISFACCIÓN DE EGRESADOS/AS					
Curso	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Nº de cuestionarios	3	5	5	10	10
Taxa de resposta	8,11%	7,46%	6,02%	10,53%	9,35%

Para este curso 2019-20 non se elaboraron os informes INF.06, INF.07 e INF.08, por mor da COVID-19, polo que non se pode facer ningunha valoración sobre estes ítem relativos á satisfacción coas prácticas externas.

A valoración global da satisfacción do profesorado coa titulación tivo un valor de 3,93 sobre 5 (INF.23), cunha participación do 31,65%, no curso 2019-2020, para o que se dispón deste valor por primeira vez. Estes datos son acordes coa satisfacción coa docencia impartida que se discutirá máis adiante neste documento.

A satisfacción doutros grupos de interese engloba como un colectivo de especial importancia aos titores profesionais en relación cos programas de prácticas externas, xa que reflexa en parte o nivel de formación dos nosos estudantes e indica que se da resposta ás expectativas profesionais. A satisfacción deste colectivo de titores externos sempre foi moi alta (IN20G), manténdose desde o curso 2014-15 por encima de 4 sobre 5 e alcanzándose no curso 2018-19 o maior valor de 4,4 sobre 5, que pode considerarse un valor óptimo dada a dificultade de alcanzar o máximo valor en calquera enquisa. Non temos información do curso 2019-20 por verse afectadas as prácticas externas polas medidas sanitarias adoptadas en relación ao COVID-19.

IN20G	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total	4,17	4,09	4,30	4,40	-

No relativo a queixas e suxestións, de acordo co establecido no manual do SGC, proceso PS-05, na páxina web da facultade existe un formulario para que os usuarios poidan facer chegar calquera tipo de suxestión ou reclamación, como xa se mencionou anteriormente: [http://www.usc.es/gl/centros/veterinaria/suxerencias\\_reclamacions.html](http://www.usc.es/gl/centros/veterinaria/suxerencias_reclamacions.html).

As reclamacións recibidas durante o curso 2019-20 describíense nas seguintes táboas, nas que se recolle tamén a temática e a resolución das mesmas, segundo os datos proporcionados pola secretaria do decanato da Facultade:

CÓDIGO	TIPO	DATA	MES	AÑO
FV_2019_03	reclamación	11/11/2019	novembro	2019
FV_2019_04	reclamación	13/11/2019	novembro	2019
FV_2019_05	reclamación	18/11/2019	novembro	2019
FV_2019_06	reclamación	23/11/2019	novembro	2019
FV_2019_07	reclamación	20/11/2019	novembro	2019
FV_2020_01	reclamación	17/01/2020	xaneiro	2020
FV_2020_02	reclamación	17/02/2020	febreiro	2020
FV_2020_03	reclamación	14/05/2020	maio	2020
FV_2020_04	reclamación	18/06/2020	xuño	2020
FV_2020_05	reclamación	06/07/2020	xullo	2020

A continuación describíese a temática das reclamacións rexistradas no decanato da Facultade de Veterinaria durante o curso académico 2019-2020:

CÓDIGO	ESTADO	MOTIVO	RESULTADO
FV_2019_03	pechada	Reclamación Preinscripción Prácticas tuteladas	Estimada: comité de prácticas tuteladas creado ao efecto
FV_2019_04	pechada	Reclamación Preinscripción Prácticas tuteladas	Estimada: comité de prácticas tuteladas creado ao efecto
FV_2019_05	pechada	Reclamación Preinscripción	Estimada: comité de prácticas tuteladas creado

		Prácticas tuteladas	ao efecto
FV_2019_06	pechada	Reclamación Asignación Turno Rotatorio Clínico Hospitalario	Desestimada: consulta a Secretaria Xeral
FV_2019_07	pechada	Reclamación Xestión Prácticas tuteladas	Resposta do Decano
FV_2020_01	pechada	Reclamación de cualificación de exame	Estimada: resolto o problema o superar a materia
FV_2020_02	pechada	Reclamación reforzo wifi en aulas	Estimada: ampliación da sinal wifi en aulas
FV_2020_03	pechada	Reclamación proceso de avaliación	Desestimada: resposta de coordinadora materia
FV_2020_04	pechada	Reclamación de cualificación de exame	Desestimada: resposta de coordinadora materia
FV_2020_05	pechada	Reclamación de cualificación de exame	Desestimada: resposta de coordinador materia e 31 alumnos

Algunhas destas reclamacións están relacionadas coas prácticas tuteladas, e aínda que son situacións puntuais tendo en conta o volume de alumnos nestas materias, incluírase como acción de mellora unha ampliación da información dispoñible para os estudantes que facilite a selección de destinos e tamén a elaboración dunha programación estandarizada de horarios e actividades para os semestres 10º e 11º.

Dentro do alcance do sistema de xestión de calidade segundo a norma UNE-EN ISO 9001:2015 de que dispón a USC, está contemplado o tratamento das queixas, suxestións e recursos administrativos tramitados na OAR (Oficina de Análise e Reclamacións), e ten como obxectivo prioritario a mellora continua dos seus servizos tendo como referente o usuario, intentando satisfacer as súas expectativas. Pola súa parte na Oficina de análise de reclamacións (OAR) da USC, recibíronse, segundo a súa memoria anual, 6 reclamacións/ recursos vinculadas ao Grao de Veterinaria, dun total de 187. (<http://www.usc.es/es/servizos/oar/documentacion.html>). A temática dos mesmos detallase na seguinte táboa:

<b>Recursos presentados na OAR relativos o grao en Veterinaria, curso académico 2019-2020</b>	<b>6</b>
<b>Grao en Veterinaria</b>	<b>6</b>
Anulación matrícula	1
Convocatorias esgotadas	1
Recoñecemento de Estudos	2
Recoñecemento Erasmus Sicue	1
Revisión de cualificacións	1

Dos 6 recursos presentados relativos o grao en Veterinaria 5 foron desestimados e 1 inadmitido

No informe da OAR tamén se mencionan 5 queixas e suxestións relativas á Facultade de Veterinaria no curso 2019-20, todas elas relacionadas co Grao en Veterinaria. As reclamacións presentadas no noso centro presentaron a seguinte temática, segundo a citada memoria:

<b>Queixas e suxestións rexistradas na OAR relativas a Facultade de Veterinaria curso 2019-2020</b>	<b>5</b>
<b>Grao en Veterinaria</b>	<b>5</b>
Exames	1
Notas por móbil	1
Subvención de prezos	1
Títulos	1
Traballo fin de grado	1

Destas reclamacións 1 foi estimada, 3 desestimadas e 1 arquivada.

## 2.2. Máster en Xenómica e Xenética (MXX):

O Máster Universitario de Xenómica e Xenética é un máster interuniversitario (USC e UVIGO) coordinado pola Universidade de Santiago de Compostela. Debido ao o seu carácter interuniversitario, faise imprescindible unha boa coordinación do estudo para o seu correcto desenvolvemento. Así, en cada unha das Universidades existe unha comisión académica do Máster (CAM) e para a coordinación hai unha Comisión Interuniversitaria de Coordinación do Máster (CCM) onde participan membros de ambas as comisións académicas (os coordinadores e secretarios académicos das dúas universidades e o coordinador de área externa). A composición destas comisións atópase dispoñible na web propia do estudo (<https://www.mastergenomicaygenetica.com/aprobacion-do-máster>). Desde os inicios sempre se mantivo unha comunicación constante e fluída desde as CAM e a CCM cos coordinadores de cada materia, de face a deseñar os contidos das materias evitando duplicidades e baleiros.

A CAM da USC do MXX, conxuntamente coa CAM de UVIGO e a CCM, analizou o desenvolvemento e resultado do estudo durante o curso 2019-2020 no informe de seguimento ([4316711 Informe Seguimento MXX 2019 20 USC.pdf](#)) que se aprobou pola Comisión de Calidade da Facultade de Veterinaria (CCC) en abril de 2021.

A supervisión do **cumprimento do establecido na Memoria Verificada do Título (MVT)** corresponde ás diferentes comisións de ambas as universidades e en última instancia á CCC. O plan de estudos para o curso 2019-2020 (segundo ano de implantación) realizouse de acordo á memoria de título sen detectarse incidencias relevantes. Así, ofertáronse todas as materias que se incluíron na devandita memoria. O desenvolvemento das actividades académicas, metodolóxicas, os sistemas de avaliación e cualificación tamén se corresponden cos establecido na memoria, tal e como se pode comprobar consultando as guías docentes publicadas na web propia do Máster e nas webs de cada universidade implicada:

<https://www.mastergenomicaygenetica.com/programa>

<https://www.usc.gal/es/estudios/masteres/ciencias-salud/master-universitario-genomica-genetica>

<http://bioloxia.uvigo.es/es/estudios/master-en-genomica-y-genetica/>

A docencia impártese na Facultade de Veterinaria de Lugo (USC), na Facultade de Bioloxía da USC e na Facultade de Bioloxía da UVIGO. Ademais, colaboran activamente centros de investigación do CSIC, o Instituto Español de Oceanografía e o Instituto de Investigación Sanitaria (IDIS-CHUS), ben impartindo docencia e/ou acollendo estudantes para a realización das prácticas en empresa (PE) e/ou o traballo de fin de Máster (TFM).

O Máster oferta 30 prazas en total, 15 por Universidade e impártese en dúas modalidades presencial e semi presencial. Con todo, esta última modalidade extinguiuse a partir do curso 2020-2021 debido aos enormes problemas organizativos que provocou durante o primeiro curso do Máster e que se recolleron no seu correspondente informe de seguimento ([4316711 Informe Seguimento MXX 2018 19 USC v8.pdf](#)). Todos os alumnos de ambas as modalidades asistiron presencialmente ás prácticas de Técnicas de análise xenética (Código Materia USC: P2201106) e aos exames. Así mesmo, as PE e TFM son presenciais. A Comisión valora positivamente o establecido xa que permite a consecución das competencias.

Un aspecto que se valora moi positivamente desde a Comisión Interuniversitaria do Máster é que todo o alumnado e os docentes utilizan o mesmo Campus Virtual da USC. Para iso, tanto o alumnado e profesores da UVIGO, así como os docentes de área externa, recibe un correo electrónico da USC (xa que é a universidade coordinadora) e toda a documentación das clases, e os avisos xestiónanse conxuntamente desde ese aplicativo. Esta ferramenta foi moi útil para a xestión da docencia durante o estado de alarma, ademais doutras ferramentas ofimáticas que permiten a realización de videoconferencias e clases de maneira online (p.e. MS Teams), ademais da plataforma Adobe Connect utilizada para o

desenvolvemento das clases presenciais simultáneas no tres Campus.

A pesar de que todas as materias do Máster do Módulo Básico e dos Módulos Optativos durante o curso 2019-2020 puidéronse impartir con normalidade (a súa impartición finalizou o día 27/02/2020), as actividades de Prácticas Externas (PEs) e Traballos Final de Máster (TFMs) así como os exames das materias do segundo cuadrimestre e as segundas convocatorias víronse afectadas polo estado de alarma decretado o día 15/03/2020 pola pandemia provocada pola COVID-19. Así, todas as avaliacións se realizaron de maneira telemática, utilizando as plataformas dispoñibles nas universidades (basicamente MS Teams, Skype, Aula Virtual da UVIGO e as opcións de avaliación do Campus Virtual da USC). Ademais, realizáronse pequenos axustes nas actividades de PEs e TFMs que se incluíron no Campus Virtual das materias e recolléronse no informe de seguimento do título ([4316711 Informe Seguimento MXX 2019 20 USC.pdf](#)).

O **perfil real de ingreso** correspóndese cos requisitos fixados na MVT. O alumnado que accedeu ao Máster na USC procedeu maioritariamente do grao de Bioloxía (5/13) e graos en Ciencias Biomédicas (4/13) (ver información [4316711 Informe Seguimento MXX 2019 20 USC.pdf](#)). Pola súa banda, na UVIGO procedeu na súa maioría do grao ou licenciatura en Bioloxía (oito estudantes). Tamén houbo dous estudantes do grao de Enfermaría, unha estudante de licenciatura en de Ciencias do Mar e outro do grao de Biomedicina Básica e Experimental. Todos eles entran nas titulacións preferentes que dan acceso ao Máster. A nota media de acceso ao Máster estivo por encima de 7 en ambas as universidades (indicador **IN06M**; media USC= 7,44; media UVIGO= 7,40), manténdose con respecto aos do primeiro curso de implantación do estudo (media 2018-2019 en USC = 7,63 e en UVIGO= 7,25). Estes valores indican que o Máster é capaz de captar bos estudantes. En canto ao **perfil de egreso e a consecución dos resultados previstos** na MVT, considérase que os estudantes adquiren as competencias recollidas na memoria. As taxas de avaliación (**IN36M**), rendemento (**IN34M**) e éxito (**IN35M**) foron moi elevadas (> 91 %) en ambas as universidades, manténdose nos valores obtidos no curso 2018-2019.

Con respecto ao **grao de satisfacción**, o valor dos alumnos da USC co curso 2019-2020 foi de 3,00 ([4316711\\_INF.22\\_2019-2020](#)), sendo inferior ao do curso 2018-2019 (4,65/5). Esta diminución pode deberse aos problemas que en determinados momentos se provocaron pola COVID-19, aínda que a valoración global do curso por parte do alumnado é boa (3,63; [4316711\\_INF.22\\_2019-2020](#)). Os valores destas enquisas para a UVIGO no presente curso foron de 3,82/5, superiores aos da USC e aos do curso anterior nesa universidade (3,56/5 para o curso 2018-2019). Non se obtiveron valores para o grao de satisfacción global do estudiantado coa Planificación e Desenvolvemento do ensino (**IN46M**) para a USC pero para UVIGO foi de 3,17/5. Os seus valores no curso 2018-2019 foron aceptables en ambas as institucións (indicador 3,85/5 e 3,05/5 para USC e UVIGO, respectivamente). A pesar de que se tentaron mellorar temas da organización docente, a valoración dos devanditos aspectos (carga de traballo do alumno, calendario de exames, equilibrio entre contido teóricos e prácticos) foi sensiblemente inferior á do curso 2018-2019 (valoración xeral da organización de 2,00 e 4,00 para o curso 2019-2020 e curso 2018-2019, respectivamente; [4316711\\_Inf.22\\_2019-2020](#)). Por tanto, a CCM considera que hai unha marxe importante de mellora (propóndose unha acción de mellora para controlar a carga de traballo no curso 2020-2021) onde os coordinadores de materia xogan un papel cruce, que non é sinxelo, xa que en varias materias participan profesores de diferentes centros.

O alumnado ten á súa disposición antes do comezo do curso os horarios das clases e dos exames. A elaboración do calendario supón un gran esforzo para encaixar todas as materias sen solapamento tendo en conta, ademais, a escasa disposición das aulas equipadas para realizar as conexións entre os centros. O grao de satisfacción xeral dos alumnos egresados (**IN42M**) foi moi elevado en ambas as universidades, rozando o valor máximo na USC (4,75/5). Pola súa banda, o profesorado tamén mostrou un elevado grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino, cuns valores de satisfacción coa docencia impartida (**IN47M**) próximos ao máximo (4,47/5) e similares aos obtidos no curso 2018-2019. Debido á COVID-19, para o curso 2019-2020 non se recolleron datos do grao de satisfacción nin dos títulos profesionais (**IN20M**) nin dos títulos académicos (**IN21M**) coas prácticas externas (PEs), indicadores que foron moi elevados no curso 2018-2019 (4,57/5 e 4,00/5, respectivamente). A pesar disto, as notas dadas polos títulos (que este

curso eran conxuntas, a diferenza do curso pasado) foron moi elevadas (todas > 8,00; o 83% das mesmas > 9,00), indicando que aproban o desenvolvemento desta actividade e o traballo realizado polo alumnado, ademais da organización levada a cabo polas Comisións do Máster.

### Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

**Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
  - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
  - Admisión do alumnado (acción de captación).
  - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
  - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
  - Mobilidade.
  - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
  - Avaliación da aprendizaxe
  - Prácticas externas.
  - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
  - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os procedementos que rexen a organización dos procesos de ensino/aprendizaxe e avaliación ao longo da vida académica do alumnado sintetízanse en diversos procesos clave do SGC da Facultade de Veterinaria: PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación; PC-02, Planificación das ensinanzas; PC-03, Apoio aos estudantes; PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, e PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas.

Na web da Facultade de Veterinaria recóllense os desenvolvementos específicos de normativas ou regulamentos para o centro ou cada unha das titulacións (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria>). Ademais, está o marco normativo que regula os procedementos e condicións formais para o acceso, progresión e terminación dos programas formativos, mediante normativas e regulamentos aprobados polo Consello de Goberno da USC.

En particular, no curso 2019-20 aprobáronse diversas normativas ou instrucións para a adaptación á situación derivada do estado de alarma, desde a suspensión das actividades académicas presenciais até medidas relativas á imputación de cualificacións nos expedientes académicos. Pódense consultar na páxina web da USC (<https://www.usc.gal/gl/usc/covid19/recompilacion-normativa>).

Cada ano as comisións de título analizan o desenvolvemento destes procesos e os indicadores que dan conta dos resultados e da satisfacción asociados ao ensino, aprendizaxe e avaliación en cada unha das titulacións. A continuación sintetízanse as conclusións destas análises, extraídas dos informes de resultados das correspondentes titulacións.

### 3.1. Grao en Veterinaria

#### **Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación)**

Dado que Veterinaria é unha profesión regulada, o perfil formativo do título debe rexerse por unha normativa específica que condiciona o plan de estudos. A Memoria do Grao en Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela foi elaborada segundo as indicacións da ORDE ECI/333/2008, do 13 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da Profesión Veterinaria, e obtivo a Verificación positiva do Ministerio de Educación o 2 de xullo de 2010 conforme adecúase ás previsións do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais e é coherente co título deseñado.

De conformidade co artigo 24.2 do citado Real Decreto o título universitario oficial de Graduado/a en Veterinaria pola Universidade de Santiago de Compostela someteuse ao proceso de renovación da acreditación durante o ano 2017 (7 anos despois da súa Verificación). Analizado o informe de carácter favorable emitido pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, o Consello de Universidades a través da súa Comisión de Verificación e Acreditación, na súa sesión do día 11 de xullo de 2017, resolveu “Renovar a acreditación do título universitario oficial de Graduado/a en Veterinaria pola Universidade de Santiago de Compostela”.

Esta proposta adáptase plenamente ao disposto na Directiva Europea 36/2005/ EC, trasposta á normativa española no RD 1837/2008, que regula os estudos de Veterinaria na contorna da Unión Europea, a cal esixe que os Plans de Estudo teñan unha duración mínima de 5 anos durante os que se cursen obrigatoriamente toda unha serie de materias dos tres perfís profesionais (Medicina e Sanidade, Producción Animal, así como Bromatoloxía, Sanidade e Tecnoloxía dos Alimentos). Desde a implantación do título, a Directiva Europea 36/2005/ EC foi levemente modificada por unha nova Directiva Europea 2013/55/UE, cuxo contido non esixiu cambios no deseño inicial do plan de estudos, pois este mantén plena vixencia en canto aos coñecementos e capacidades necesarias para a formación do veterinario descritos na nova normativa.

Durante o curso 2019-20, aplicáronse todas as normativas segundo o establecido, o que permitiu resolver as diferentes cuestións expostas polo alumnado sen que houbera incidencias destacables. Os alumnos teñen acceso a través da páxina web da Universidade e a do propio Centro a toda a normativa, e dispoñen de información máis específica daquelas que consideramos fundamentais e que son as normativas de: [Admisión](#), [Permanencia](#), [Avaliación do Rendemento Académico](#), [Prácticas Tuteladas](#) e [Traballo Fin de Grao](#).

A normativa que rexe as materias do décimo semestre, momento en que os alumnos deben realizar as prácticas tuteladas (rotatorio hospitalario e prácticas externas curriculares obrigatorias), é a máis restritiva en canto aos requisitos no número de créditos superados necesario para poder matricularse nelas e a incompatibilidade de cursar simultaneamente ningunha outra materia dado que se consideran “materias a tempo completo”. O posible atranco que estas normas poderían supoñer para a adecuada progresión dos alumnos, motivou que no noso grao se inclúa un undécimo semestre cuxo contido é exactamente o mesmo do décimo. Desta forma, aqueles alumnos que por diversas circunstancias non poidan completar a totalidade das materias nos exames de xuño-xullo, poden empregar este undécimo semestre para graduarse no ano natural que lles corresponde, sen ter que consumir todo un curso académico adicional.

A tramitación das solicitudes de recoñecementos non é un procedemento académico que se xestione de inicio a fin na Facultade de Veterinaria. Os estudantes presentan as súas solicitudes na UXA, e desde alí, polos medios establecidos (aplicación FLEXIA) pídese informe ao centro.

As solicitudes clasifícanse en:

- Estudantes procedentes doutras titulacións da USC.
- Estudantes procedentes dun Grao en Veterinaria doutras facultades do estado español.
- Estudantes procedentes doutras titulacións a nivel estatal.
- Estudantes procedentes de estudos iniciados fóra de España, maioritariamente da titulación de veterinaria de universidades iberoamericanas.

No organigrama da Facultade de Veterinaria non existe unha Comisión de Validacións, sendo a Xunta de Facultade ou, no seu caso a Comisión Permanente, quen asume esta competencia. Así pois, as solicitudes recibidas no Centro remítense aos coordinadores das materias obxecto de recoñecemento, que son os responsables de emitir un informe motivado; este é vinculante para a decisión que se tome. De existir antecedentes, para solicitudes sucesivas aplícase o mesmo criterio das informadas previamente. Para o alumnado procedente de facultades de veterinaria de España empréganse as táboas de equivalencia entre graos de veterinaria Táboas de Recoñecementos entre o Grao en Veterinaria da USC e a mesma titulación noutras universidades españolas elaboradas polo centro.

No curso 2019-20 tramitáronse os expedientes de recoñecemento de estudos de 22 estudantes (ver documento xustificativo **E6** en anexos):

- 15 estudantes procedentes do Grao de Veterinaria iniciado noutras facultades de España (León, Córdoba, Universidade Autónoma de Barcelona e Alfonso X)
- 2 estudantes procedentes doutros Graos da USC (Biloxía, e Enxeñaría Química)
- 4 estudantes procedentes doutros Graos iniciados en facultades fóra da USC :Grao en Bioloxía ( Universidades de Vigo, Alacante e Oviedo) e Grao en Enfermaría (Universidade de Burgos)
- 1 estudante procedente dunha titulación iniciada nunha Universidade estranxeira (Universidad CES, Medellín, Colombia).

Para o noso título non se pode establecer ningún tipo de recoñecemento de créditos procedentes de Ciclos Superiores de Formación Profesional, xa que ao tratarse dunha Profesión Regulada aplícase o Art. 6 punto 4 do Real Decreto 1618/2011, que neste caso particular impide o recoñecemento dos devanditos créditos ao non responder as condicións esixidas para garantir a cualificación profesional necesaria.

#### **Admisión do alumnado (acción de captación)**

Un bo indicador do interese do Grao é a “Taxa de Preferencia da Titulación”, definido como a relación porcentual entre o número de estudantes que elixen un grao en primeira opción e o número de prazas ofertadas nese grao. Como se mostra na seguinte táboa, segundo os datos publicados polo Ministerio de Educación y Formación Profesional, a Taxa de Preferencia da Titulación no Grao de Veterinaria da USC, no curso 2019-20, foi do 465,50%, o que indica que por cada praza ofertada se preinscriben 4,65 estudantes en primeira opción. O valor deste indicador diminuíu lixeiramente con respecto ao curso anterior, pero sigue manténdose en cifras moi aceptables (máis de 3 veces o valor medio correspondente ao total de titulacións da USC).

**Facultade de Veterinaria -Universidade de Santiago de Compostela**

Curso académico	Número de prazas ofertadas	Preinscritos en primeira opción	Taxa de preferencia da Titulación (Indicador de Demanda)
2015-16	110	672	610,90%
2016-17	110	661	600,91%
2017-18	110	549	499,09%
2018-19	110	553	502,73%
<b>2019-20</b>	<b>110</b>	<b>512</b>	<b>465,50%</b>

(fonte: [http://estadisticas.mecd.gob.es/EducaJaxiPx/Tabla.htm?path=/Universitaria/EUCT/Serie/Preinscripcion/I/0&file=Preinscripcion\\_Univ\\_Amb.px](http://estadisticas.mecd.gob.es/EducaJaxiPx/Tabla.htm?path=/Universitaria/EUCT/Serie/Preinscripcion/I/0&file=Preinscripcion_Univ_Amb.px))

A vixencia do interese científico e profesional da titulación de Veterinaria está avalada polo [documento marco da FVE](#) acerca da estrutura profesional veterinaria, o recoñecemento por parte da [Organización Mundial da Saúde](#) (OMS) do Veterinario como profesional sanitario, o recoñecemento que a [Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e Agricultura](#) (FAO) fai do Veterinario como profesional agrario, así como a insistencia da [Organización Mundial de Sanidade Animal](#) (OIE) no fortalecemento dos servizos veterinarios oficiais.

De acordo con estes avais, o veterinario perfílase como un elemento clave no armazón sanitario e agrario de calquera sociedade, podendo desenvolver o seu traballo en diferentes niveis do sector público e privado.

En abril de 2015 a FVE publicou unha macroenquisa realizada sobre 13.000 veterinarios en 24 países da UE, que permite comparar os datos demográficos, o mercado de traballo e os indicadores financeiros da profesión veterinaria en Europa (<https://www.fve.org/publications/survey-of-the-veterinary-profession-in-europe/>). Unha das súas conclusións finais recollida no sumario desta publicación, afirma que no futuro serán necesarios máis veterinarios nas áreas de benestar animal, control de enfermidades e medioambiente, así como para cubrir as crecentes demandas dos propietarios de animais de compañía e animais exóticos.

Aínda que é evidente que polo momento non hai un problema de demanda do grao, igualmente desenvolvéronse unha serie de accións de captación, principalmente vehiculadas a través do [programa A Ponte](#), como a participación nos encontros con orientadores e estudantes ou as charlas de divulgación impartidas por profesores desta facultade, e do [Campus de Veran XuvenCiencia](#), que inclúe diversas actividades dirixidas a estudantes e profesores de bachalerato. O plan de captación recolle as accións previstas para o curso 20-21. Tamén se proxecta actualizar o video promocional utilizado no programa A Ponte.

**Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional**

*Orientación académica*

A Facultade de Veterinaria conta con diferentes figuras que, xunto cos servizos centralizados na Unidade de Xestión Académica do Campus, permiten unha atención personalizada aos alumnos en calquera momento do proceso formativo.

Estas figuras son:

- Decano do Centro
- Vicedecanato de Calidade; Vicedecanato de Ordenación Docente; Vicedecanato de Prácticas Externas, Relacións Institucionais e Movilidade
- Secretaría do Centro
- Unidade de Apoio á Xestión
- Coordinación do Grao
- Coordinación de semestre
- Coordinación de prácticas tuteladas



- Alumnos tutores

Aínda que os estudantes utilizan os servizos de orientación académica en calquera momento do seu proceso formativo, estes cobran especial importancia no primeiro semestre, cos estudantes de novo ingreso, para os que o Centro dispón dun plan de acollida e orientación. Así, o primeiro día do curso prográmase unha sesión informativa especial a cargo do equipo decanal ao que acoden tamén o profesor coordinador do primeiro semestre e os alumnos tutores. Nela explícanse os detalles do funcionamento da Facultade, as orientacións xerais do plan de estudos, as diferentes normativas, facendo especial fincapé nas normativas de permanencia e avaliación do rendemento académico, consellos sobre matrícula, mecanismos de atención a necesidades educativas especiais, etc., e faise un percorrido sobre a páxina web da Facultade indicando onde se atopa toda a información. Para finalizar, explícaselles a quen poden recorrer ante calquera necesidade de orientación, resaltando neste caso especialmente a figura do profesor/a coordinador/a do primeiro semestre e dos alumnos tutores. Ademais, realízanse sesións informativas relativas ás prácticas tuteladas e ao TFG no 5º curso. A pesar das circunstancias desfavorables, no curso 19-20 desenvóléronse as actividades de acción tutorial como estaba previsto no primeiro semestre, no que se concentran estas tarefas.

Actualmente o centro aplica un protocolo de prevención do abandono con aqueles estudantes considerados en risco de abandono potencial (estudantes de 1º curso de nova matrícula que non superan ningunha materia do primeiro semestre, segundo listado remitido pola Área de Calidade). Con estes estudantes lévase a cabo un protocolo de tutorización, orientación e seguimento individualizado para avaliar e corrixir, na medida do posible, as causas potenciais do baixo rendemento académico. No que respecta ao curso 2019-20, o protocolo non foi aplicado porque non se recibiu información da área de calidade da USC.

#### Orientación Profesional

Desde o curso 2014-15, o Centro organizou unhas Xornadas de Orientación Laboral dirixidas principalmente a alumnos dos últimos cursos do Grao. Pero, ademais contamos tamén coa participación da responsable da área de Orientación Laboral e Emprego do Campus de Lugo que lles informa sobre o modo de preparar un Curriculum ou de afrontar unha entrevista de traballo, e da Área de Orientación Laboral e Emprego da USC (<https://www.usc.es/gl/servizos/saee/aol/>). Considérase que o Comité Consultivo Externo da Facultade de Veterinaria sería fundamental para aportar unha perspectiva da situación laboral e para visibilizar as diversas saídas profesionais que poden escoller os futuros egresados do centro, establecendo no futuro un mecanismo de transferencia directa de información entre os expertos do comité e os estudantes, profesores e egresados do centro.

#### Mobilidade

A proporción de alumnos propios que deciden participar en programas de mobilidade foi lixeiramente superior ao 4% nos dous cursos anteriores, e móstrase fluctuante ata o 2018-2019 (**IN17G**). Non procede avaliar a traxectoria no curso 2019-20 debido a que este indicador non está dispoñible pola situación de pandemia excepcional. Sen embargo no informe correspondente (INF.03), o número total de estudantes saíntes é similar ao dos cursos anteriores:

<b>IN17G</b>	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-2020
<b>Total (%)</b>	2,58	3,42	4,11	4,06	-

No caso dos alumnos alleos que nos visitan, a porcentaxe mostra una progresiva diminución como se pode ver cos datos dos últimos cursos (**IN18G**), aínda que no 2019-2020 parece haber un lixeiro aumento con respecto ao curso anterior:

<b>IN18G</b>	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-2020
<b>Total (%)</b>	4,35	3,42	3,38	2,61	<b>3,09</b>

Con todo, estas porcentaxes non permiten facer unha análise de tendencia que poda axudarnos a explicar estas

variacións. Porén, a enquisa de satisfacción dos estudantes saíntes coa mobilidade dá valores por riba de 4 sobre 5 nos dous cursos previos (**IN15G**, non hai dato global para o 2019-2020), aínda que a participación nas enquisas é reducida. Cabe aquí considerar razóns expostas en anos anteriores, que consideramos poden axudar a entender estas porcentaxes; trátase de situacións de tipo estrutural, polo que non resulta fácil artellar estratexias a curto ou medio prazo para intentar estimular a participación en programas de mobilidade:

- Falta de homoxeneidade dos plans de estudo, especialmente nos cursos superiores, que fai difícil a convalidación de materias.
- Os requisitos para participar nos programas de mobilidade (esencialmente o nº de ECTS cursados á hora de facer a solicitude) reducen as posibilidades de realizar unha estancia precisamente nos últimos anos do título.
- Falta de axudas económicas suficientes, ou total ausencia en función do programa de que se trate.
- Imposibilidade de establecer convenios -por saturación en destino- con universidades do mundo anglosaxón onde o nivel de competencia profesional é máis atractivo para os aspirantes a facer estudos de mobilidade.
- Ausencia de materias impartidas en inglés no noso título, o que favorecería a chegada de alumnos da contorna Erasmus. Esta situación é unha constante nas consultas recibidas cada ano procedentes de alumnos maioritariamente da UE, pero tamén do norte de África e mesmo o sueste asiático.

A información básica sobre mobilidade e ligazóns ao contido de cada programa están dispoñibles na web do Centro: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/mobilidade>

No curso académico 2020-2021, ademais da presentación dos programas que se viña facendo ata agora, programárase unha sesión de divulgación dun alumno titor que participou en programas de mobilidade para que fale da súa experiencia aos outros alumnos. Espérase que esta acción contribúa a aumentar o interese nos programas de mobilidade.

#### **Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe)**

Como se mencionou anteriormente, nas guías docentes de todas as materias recollese a metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe. Os cambios máis salientables no 2019-20 con respecto aos cursos anteriores foron as modificacións introducidas debido a situación sanitaria pola pandemia da COVID-19. A modificacións afectaron fundamentalmente á metodoloxía docente e á avaliación, e consistiron na introdución e potenciación de ferramentas institucionais de docencia on-line (campus virtual, MS Teams, etc.) e a realización de probas por vía telemática.

O tamaño dos grupos para as distintas actividades formativas realizadas durante o curso 2019-20 axustouse ao indicado na Planificación Académica Anual da Universidade (<http://www.usc.es/es/servizos/sxopra/normativapaa.html>).

Con todo, a realidade apártase dos valores medios e debe ser tida en consideración como contorna de traballo para cada curso académico. Así, as actividades interactivas reais no grao e o tamaño dos grupos -que vén establecido pola normativa de xestión académica que manexa o SXOPRA para toda a USC- é o seguinte:

- Prácticas de encerado: 100 alumnos/grupo
- Seminarios: 30 alumnos/grupo
- Titorías: 10 alumnos /grupo
- Prácticas de laboratorio, prácticas de campo e prácticas de computador: 20 alumnos /grupo, que se reduce a menos de 15 naquelas materias con suficiente capacidade docente mediante a creación de grupos de centro. Os grupos de centro non se reflicten no Plan Docente Anual, pero sí no Plan Organizativo Docente.
- Prácticas clínicas non asistenciais e visitas activas: 10 alumnos /grupo
- Prácticas clínicas asistenciais: 7 alumnos/grupo.

O indicador **IN32G** mostra información relativa ao tamaño medio dos grupos de docencia interactiva. Obsérvase unha pequena redución no tamaño dos grupos de seminario, que por primeira vez quedan lixeiramente por debaixo do valor do módulo contemplado para este tipo de docencia (30 estudantes/grupo).

Media de alumnos por grupo de docencia interactiva- (IN32G)					
Curso académico	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
<b>Grupos de seminario</b>	35,13	36,26	34,66	30,89	<b>28,27</b>
<b>Grupos de laboratorio</b>	22,30	20,91	21,98	21,77	<b>19,87</b>
<b>Grupos clínicos</b>	9,56	10,10	9,83	10,23	<b>9,43</b>
<b>Total</b>	17,75	16,76	16,70	16,35	<b>14,94</b>

Como aspecto singular do noso centro considérase un complemento esencial dentro da metodoloxía de formación dos nosos estudantes o uso do laboratorio de habilidades clínicas como un espazo para a aprendizaxe autónoma orientada ao desenvolvemento de habilidades traballadas nas clases prácticas que promova a confianza e destreza do estudante á hora de realizar prácticas en animais.

### Avaliación da aprendizaxe

Os resultados da aprendizaxe, tal e como reflicte a Memoria do Grao en Veterinaria, así como os diferentes informes de seguimento do título, avalíanse a través das competencias asignadas: Xenéricas, Disciplinares, Profesionais, Académicas e Transversais. A metodoloxía de avaliación está debidamente explicada nas [guías docentes](#) das materias do Grao. Como se mencionou anteriormente, realízanse reunións de valoración para cada semestre onde se fai fincapé na adquisición por parte do alumnado dos obxectivos de aprendizaxe.

Como se mencionou anteriormente, a taxa de éxito (IN35G) ten un valor de referencia na memoria verificada do título do 75%, e ten valores promedio para este curso de 95,84%, cun aumento respecto a anos anteriores influenciado polo cambios na avaliación debidos á pandemia. Cando se analiza por cursos, a taxa de éxito máis baixa aparece consistentemente en primeiro curso, probablemente debido á necesaria adaptación dos estudantes á sistemática dos estudos universitarios, pero incluso neste caso está por riba do 75%.

IN35G	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
1º curso	78,01	81,55	77,46	78,23	<b>92,09</b>
2º curso	83,43	82,48	83,58	83,09	<b>98,90</b>
3º curso	88,84	82,57	79,17	81,97	<b>97,68</b>
4º curso	89,42	80,75	83,04	82,31	<b>95,43</b>
5º curso	93,13	91,15	91,04	89,58	<b>94,99</b>
<b>Total (%)</b>	85,73	83,41	82,76	83,05	<b>95,84</b>

Do mesmo xeito as taxas de rendemento (IN34G) e de avaliación (IN36G) incrementáronse no presente curso 2019/20, pola adaptación académica á pandemia do COVID-19, como se discute na directriz 2.

### Prácticas tuteladas e externas

Como se mostra na seguinte táboa, practicamente todo o alumnado egresado no curso 2019-20 realizou prácticas en empresas e institucións ao longo dos seus estudos acollidos a convenios coa USC (IN22G). En realidade, o 100% dos estudantes egresados realizaron este tipo de prácticas xa que son parte da formación obrigatoria, pero algúns deles no marco dos programas de mobilidade, polo que non se contabilizan neste indicador.

Porcentaxe de estudantes egresados que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións (IN22G)				
2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
100%	98,80%	97,89%	100%	<b>97,3%</b>

### Traballo fin de grao (asignación, supervisión, avaliación)

A oferta de traballos fin de grao publícase na páxina web da Facultade de Veterinaria. A asignación, supervisión e avaliación realízase segundo a normativa dispoñible e os estudantes e profesores teñen acceso á información acerca dos prazos oficiais para cada etapa do proceso. Os tribunais de avaliación dispoñen dunha guía para establecer a cualificación do traballo. O proceso desenvólvese sen incidencias salientables.

Dado que é necesario contar con varios tribunais para realizar a carga de traballo que conleva a avaliación do TFG en cada curso académico, co fin de proporcionar unha ferramenta que asista aos tribunais nunha actuación máis uniforme durante esa avaliación, é recomendable elaborar unha rúbrica máis detallada no curso 20-21.

### Resultados da aprendizaxe nas materias do título

A taxas de éxito e de rendemento das materias do título (INF.17 e INF18) oscila entre materias e dentro de cada materia entre anos académicos no período comprendido entre os cursos 2016-2017 e 2019-2020. Neste tempo non se detectaron materias que de forma consistente mostren unha taxa de éxito ou rendemento alarmantemente baixa. Cabe resaltar que a taxa de éxito foi máis alta no curso 2019-2020 que en anos anteriores para a gran maioría das materias, o que se atribúe ao cambio na metodoloxía de avaliación mor da situación sanitaria excepcional. Os valores da taxa de avaliación por materias non se viu tan afectada polas características anómalas deste curso, e ao igual que as anteriores amosa lixeiras oscilacións manténdose en xeral el valores moi altos. A materia coa taxa de avaliación máis baixa é o TFG, o que probablemente se deba á necesidade de ter superados todos os demais créditos do título para defender o traballo e tamén ao seguimento do traballo polos titores que lle axuda ao estudante a valorar se está preparado para presentarse a avaliación.

### Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe

De acordo ao indicador IN46G sobre a satisfacción do alumnado coa docencia recibida séguese mantendo en valores similares dende o curso 2016-2017, cunha pequena diminución respecto ao curso anterior.

Satisfacción do alumnado coa docencia recibida -IN46G-					
Curso	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total	3,80	4,07	4,02	4,28	4,09
Participación(%)	25,48	25,26	31,85	22,99	33,23

Esta pequena diminución atopa a súa explicación se consultamos o correspondente informe (INF.13), o cal ten 2 partes diferenciadas: INF.13\_1S (1º semestre) e INF.13\_2S (2º semestre), xa que observamos que mentres para o 1º semestre a valoración global situase no mesmo valor que o curso anterior, manténdose en niveis moi similares tódolos ítem que forman parte da enquisa, a diminución prodúcese no 2º semestre polas circunstancias ben coñecidas por todos nos. Aínda así vemos que a valoración por parte dos alumnos mantense en niveis máis que aceptables para a situación vivida.

Informe (INF.13) curso 201-20		
Enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida		
Curso	1º Semestre	2º Semestre
Valoración global	4,29	3,94
Participación	18,27%	27,95%

O indicador sobre a satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade (IN15G), que experimentara unha melloría nos 2 cursos anteriores, non está dispoñible para o curso 2019-20. Non obstante, no correspondente informe INF 04, no que se indica que se cubriron 2 cuestionarios, a valoración global da experiencia é de 5; aínda que debido a este número de cuestionarios cubertos tan baixo, non se poden extraer conclusións neste sentido.

Do mesmo xeito, tampouco existen datos para os indicadores **IN19G** (Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas), **IN20G** (Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas) e **IN21G** (Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas); e tampouco se elaboraron os informes INF.06, INF.07 e INF.08, por mor da COVID-19, polo que non se pode facer ningunha valoración sobre estes ítem relativos á satisfacción coas prácticas externas.

Igualmente, non se recibiron os valores dos indicadores **IN23G** (Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible) e **IN42G** (Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación).

Tamén se pode observar unha diminución, aínda que non moi acusada, no nivel de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (**IN47G**), e pode ser achacado ás dificultades coas que se encontrou no 2º semestre para a impartición da docencia durante o período de confinamento.

De feito, no informe asociado a este indicador (INF.14) pode observarse que os ítem con valores máis baixos son os relacionados coa situación excepcional a nivel docente derivada da crise sanitaria, sendo a satisfacción co desenvolvemento da avaliación non presencial o que acada o valor máis baixo (3,09). Por outra banda, convén destacar que o interese en recibir formación de apoio para a mellora da docencia é alto (4,49). Tamén, como aspecto positivo sinalar que hai un incremento na porcentaxe de participación nas enquisas.

Satisfacción do profesorado coa docencia impartida -IN47G-					
Curso	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total	3,84	3,84	3,82	4,29	3,98
Participación	62.12%	52.27%	51.20%	38,35%	45,99%

### Queixas e suxestións

As queixas e suxestións discutíronse en conxunto na directriz 2. Cabe destacar que en relación ao proceso ensino-aprendizaxe se recibiron 9 reclamacións no centro: 5/9 relacionadas coas prácticas tuteladas incluíndo rotatorio relativas á asignación e xestión, e 4/9 relacionadas coa avaliación. Todas elas resolvéronse e están pechadas.

En canto aos recursos recibidos na OAR, 3/6 eran referentes a recoñecemento de estudos e 1/6 sobre revisión de cualificacións, e foron desestimados ou inadmitidos. As queixas rexistradas na OAR relacionadas con esta directriz foron 1/5 referente a exames, 1/5 a notas por móbil, 1/5 a TFG e 1/5 a títulos, e están tamén pechadas.

### 3.2. Máster en Xenómica e xenética (MXX)

No MXX, a CCM que está conformada polos coordinadores e secretarios académicos da USC e UVIGO e o coordinador de área externa son os encargados de analizar a adecuación dos procesos de aprendizaxe, ensino e avaliación do título. Esta información trasládase despois ás dúas CAM para que desenvolvan os seus respectivos informes de seguimento (onde se inclúen a información de ambas as universidades), sendo o da USC aprobado pola CCC da Facultade de Veterinaria (centro onde o estudo está adscrito). Os datos máis destacables dos devanditos informes recóllense a continuación:

#### Admisión do alumnado e accións de captación

O Máster tivo unha demanda elevada no curso 2019-2020 (USC= 41 preinscritos; UVIGO= 28), que unha vez finalizados os procesos de matriculación (**IN02M**) cubriron todas as prazas na USC (15, 11 presenciais e 4 non presenciais) e 14/15 na UVIGO. Por tanto, estes datos mostran que o Máster ten unha moi boa aceptación. Ademais, poderíanse cubrir todas as prazas de nova matriculación se o calendario de matrícula en ambas as universidades para o estudo fose idéntico e coordinado. Estas diferenzas causan varios desaxustes, xa que un mesmo estudante pode solicitar a preinscrición e a matrícula (e ser admitido) nas dúas Universidades ao mesmo tempo. As diferenzas entre a admisión e a matrícula tradúcense en que haxa estudantes que quedan sen praza mentres que outros teñen dúas prazas (esta situación

produciuse no curso 2019-2020 con tres alumnos). Estas situacións provocan que se perdan potenciais alumnos. A pesar das dificultades, a demanda e matrícula do Máster pode considerarse como moi boa. Como se comentou no apartado 2.2., o alumnado accedeu ao Máster maioritariamente desde os graos/licenciatura de Bioloxía e Ciencias Biomédicas, aínda que todos os estudantes admitidos posúron titulacións preferentes que dan acceso ao Máster. Un aspecto a destacar é a capacidade que tivo o Máster na súa segunda edición de captar estudantes que realizaron os seus estudos fóra de universidades do SUG, mesmo do estranxeiro. Por tanto, a difusión exterior do Máster grazas ás páxinas webs oficiais, web propia, conta en redes sociais (Twitter) e contactos directos coa Coordinación permitiron a captación dun número importante de estudantes doutras universidades nacionais (p.e. Universidade de Sevilla, Universidade de Valencia) e internacionais (p.e. Universidade da República de Uruguai, Fundación Universitaria N. Corpas de Colombia). Estes resultados indican o interese que esperta o estudo tanto a nivel nacional como internacional e a súa capacidade de captación.

### Orientación académica e profesional

Realizouse unha reunión grupal, organizada pola CCM, co alumnado ao comezo de curso (13/09/2019) para a presentación e posta en marcha do curso facilitándolles información acerca de horarios, labores de coordinación, uso da plataforma virtual, prácticas externas (PEs) e TFM, avaliacións, convalidacións, así como doutras dúbidas que xurdiron durante a sesión. Tamén se resolveron dúbidas ao longo do curso mediante tutorías individualizadas realizadas polos coordinadores das distintas materias e a CCM. Ademais, grazas á creación dunha lista de distribución cos correos electrónicos oficiais e persoais dos alumnos informáuselles sobre ofertas de traballo, bolsas, talleres, programas de mobilidade, etc.

### Mobilidade

O Máster, pola súa recente implantación e pola súa curta duración non participa, de momento, en ningún programa de mobilidade, polo que na USC non se enviaron (antigo indicador **IN17M**) nin recibido (**IN18M**) estudantes destes programas. Con todo, o Máster recibiu alumnos de fóra do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). Así, as dúas prazas na modalidade presencial reservadas na USC cubríronse cunha estudante procedente de Colombia e outra procedente de Uruguai. Na UVIGO, houbo unha estudante procedente de Arxentina. Estes datos confirman que o Máster é coñecido a nivel internacional, sobre todo en Suramérica. Ademais, e a pesar das restricións de mobilidade provocadas pola pandemia de COVID-19, tres alumnos da USC realizaron as súas PE no estranxeiro, concretamente no Instituto Roslin da Universidade de Edimburgo.

### Metodoloxía do ensino e avaliación da aprendizaxe

Tanto a metodoloxía como a avaliación da aprendizaxe adecúase ao recolleito na MVT. Para o curso 2019-2020, non se obtivo información sobre o grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (**IN46M**), pero o grao de satisfacción coa docencia impartida por parte dos docentes foi elevado (**IN47M** = 4,47/5 para a USC, sen datos para UVIGO por ser un dato bianual). O tamaño medio dos grupos en ambas as universidades oscila entre 4,31 e 15, sendo adecuado para o desenvolvemento das metodoloxías de ensino e os obxectivos de aprendizaxe. A través do plan de acción tutorial (PAT) detéctase un dos principais problemas para o desenvolvemento do ensino. As clases impártense simultaneamente nos Campus de Lugo (Facultade de Veterinaria) e Santiago (Facultade de Bioloxía) da USC, e no Campus de Vigo (Facultade de Bioloxía) da UVIGO. A docencia pode seguirse por videoconferencia desde calquera do tres Campus e ademais as clases grávanse e todo o alumnado (tanto os semipresenciais como os presenciais) teñen acceso á gravación. O sistema escollido para desenvolver a videoconferencia é Adobe Connect. O sistema, aínda que en xeral funciona ben, ten fallos puntuais que, ás veces, atrasan as clases. Por este motivo, de face ao curso 2020-2021, vaise a cambiar o sistema de videoconferencia á plataforma MS Teams que é moito máis flexible que Adobe Connect. Outro problema en Vigo, que se detectou durante o primeiro curso de impartición da titulación, é que o Máster non ten asignada unha aula fixa, como si ocorre nos dous centros da USC. Afortunadamente, tal e como se comentou no apartado 2.2., o desenvolvemento docente

das materias do Módulo Básico e dos Módulos Optativos non se viron afectadas pola pandemia de COVID-19 xa que finalizaron antes do inicio do estado de alarma (a súa impartición finalizou o día 27/02/2020).

### Avaliación da aprendizaxe

Todas as taxas de avaliación da aprendizaxe (i.e. taxa de rendemento (**IN34M**), éxito (**IN35M**) e avaliación (**IN36M**)) resultaron uns pouco inferiores ás obtidas no curso 2018-2019. Con todo, hai que resaltar que as taxas de éxito global e por materia para o curso 2019-2020 foi practicamente do 100% (**IN35M**) en ambas as universidades considerando o alumnado presentado. Este valor supera o Obxectivo de Calidade proposto pola Facultade de Bioloxía da UVIGO para as titulacións de máster adscritas ( $\geq 90\%$ ) e os valores na USC para a Área da Saúde (99,01%) e a súa media xeral (98,96%). Na USC, a taxa global de rendemento (**IN34M**) que informa o total de créditos que superan os estudantes respecto dos créditos matriculados foi do 94,55%, sendo tamén superior aos valores medios nesta universidade para a área da Saúde (90,49%) e a súa media xeral (91,02%). A relación entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados proporcionada pola taxa de avaliación (**IN36M**) foi do 94,91% na USC, superando aos obtidos na Área da Saúde (91,39%) e media (91,99%) na USC. Estes valores mostran que os alumnos son capaces de superar de maneira satisfactoria os créditos nos que se matriculan.

### Prácticas externas

Durante o curso 2019-2020 recibíronse dúas solicitudes, unha en cada universidade, de convalidación de Prácticas Externas pola experiencia profesional documentada que foron resoltas favorablemente ([evidencia E6: E6\\_Recoñecementos\\_MGG\\_19\\_20.pdf](#)). Todas as decisións realizáronse seguindo a normativa vixente na USC e UVIGO. Os estudantes realizaron PEs en empresas e centros de investigación. Desde a CCM, ademais de realizar unha oferta propia, permítese que os alumnos poidan pactar os seus PEs. Estas dúas modalidades teñen unha gran acollida entre os estudantes porque lles permite desenvolver a actividade nos temas que lles resultan máis atractivos, o que tamén ten un efecto positivo no seu rendemento, interese e avaliación. Os centros de acollida principais de estudantes do Máster son similares nos dous anos de impartición do estudo. Así, o instituto de investigacións sanitarias Santiago de Compostela (IDIS), é o centro que máis alumnos recibiu no curso 2019-2020 (7) porque moito de alumnado está interesado é aspectos de xenética humana. Cabe destacar tamén, o número de estudantes que realizan as súas prácticas en centros do CSIC (2 en MBG-CSIC e 5 en IIM-CSIC), xa que investigadores desta institución están moi involucrados na docencia e desenvolvemento do Máster.

Como esta actividade desenvólvese durante o segundo semestre (principalmente cando finalizan as materias ordinarias a finais de febreiro), o seu desenvolvemento viuse afectado as restricións provocadas pola COVID-19. Por este motivo, decidiuse realizar varias modificacións ao amparo das distintas resolucións reitorais das universidades. Estes cambios permitiron o desenvolvemento das PEs a través de medios non presenciais, estendéronse os períodos de entrega das memorias (ata o 30/09/2020 en USC e ata o 11/09/2020 en UVIGO), ademais asumíronse alcanzados os obxectivos formativos cando as prácticas desenvolvéronse durante un 50% da súa duración (100 horas de traballo na empresa). Finalmente, modificouse o sistema de avaliación eliminando a defensa pública da memoria de prácticas (valoración dada polo informe do titor (60 % da nota) e a presentación da memoria (40 % da nota)) e permitiuse a defensa do TFM sen finalizar esta actividade. A pesar de todas as dificultades e de non ter datos sobre a satisfacción do alumnado (**IN19M**) e profesorado (**IM20M**), tanto o alumnado como os docentes mostraron a súa satisfacción con esta actividade, como o reflicten as opinións persoais dos alumnos nas súas memorias escritas e as notas propostas polos titores. Así, as cualificacións obtidas foron de 1 MH e 12 sobresalientes na USC; mentres que na UVIGO foron de 1 MH, 9 sobresalientes e 2 notables.

### Traballos Fin de Máster

De igual modo que nas PEs, a CCM permite que os alumnos pacten os seus Traballos Fin de Máster (TFM), ademais da oferta propia do Máster. Como estes TFMs realízanse durante o segundo semestre, o seu desenvolvemento tamén se viu

afectado o estado de alarma provocado pola COVID-19. Así, realizáronse varias modificacións que permitiron realizar TFMs parcial ou totalmente bibliográficos, solicitar a defensa de TFM sen finalizar as PEs e realizar as mesmas de maneira telemática. Ademais, na UVIGO permitiuse unha convocatoria extraordinaria no mes de setembro (ademais das súas ordinarias de xuño e xullo). As cualificacións do TFM foron tamén moi boas, 1 MH, 10 sobresalientes, 1 notable e 1 aprobado na USC ([evidencia E24: E24\\_TFM\\_MGG\\_19\\_20.pdf](#)) e 1 matrícula de honra, 4 sobresalientes e 6 notables na UVIGO. Os tribunais de TFM de cada Universidade destacaron a alta calidade das memorias presentadas, a pesar de todas as dificultades provocadas pola pandemia de COVID-19.

#### Resultados da aprendizaxe nas materias do título

A análise das cualificacións indicou que os resultados dos exames son mellores nas materias optativas que nas materias obrigatorias, e isto ocorre en ambas as universidades. Tamén se observou que, en xeral, as cualificacións son lixeiramente mellores na USC que na UVIGO. Ademais, e a diferenza do curso inicial do Máster, si que se detectaron diferenzas entre as cualificacións dos estudantes presenciais e semipresenciais, sendo peores nestes últimos. Así, os estudantes semipresenciais son os que máis realizan exames na segunda convocatoria e mesmo foron incapaces de superar as avaliacións dalgunhas materias e PEs. Isto provocou que algúns deles non puidesen presentar o seu TFM (2 en USC e 3 en UVIGO). A pesar disto, as notas obtidas no seu conxunto polo alumnado son moi boas e os docentes están moi satisfeitos co labor realizado.

#### Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe

Os datos dispoñibles de satisfacción dos diferentes colectivos xa se desenvolveron neste epígrafe e foron satisfactorios. Finalmente, indícase que non se recibiron nin suxestións nin reclamacións en ningunha das dúas universidades utilizando as canles postas a disposición dos diferentes colectivos que integran o Máster.

### Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
  - Formación do profesorado e mobilidade.
  - Actividade investigadora.
  - Detección de necesidades de persoal académico.
  
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da



calidade do persoal de apoio

- Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
- Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
- Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Na Facultade de Veterinaria, a garantía e mellora dos procesos relacionados cos recursos humanos (persoal académico e persoal de apoio) réxese polo establecido no proceso de soporte PS-01, Xestión dos recursos humanos, do Manual de procedementos do SGC. Si ben neste ámbito, a Facultade está sometida a procesos que corresponden a instancias superiores, e que se recollen no Manual de procesos institucionais da USC, particularmente o PI-03, Xestión dos recursos humanos.

Tendo en consideración as necesidades dos programas de estudos previstas nas respectivas memorias de verificación das titulacións oficiais adscritas á Facultade de Veterinaria, así como o número e distribución de estudantes que as cursan, o cadro de profesorado que imparte a docencia conta cun bo nivel de suficiencia e adecuación como se mostra no seguinte análise feito por cada titulación da Facultade de Veterinaria.

**Evidencias da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico.**

**4.1. Grao en Veterinaria**

Para a valoración da cualificación do profesorado que imparte docencia no Grao en Veterinaria, en canto a experiencia docente e investigadora, recorreremos aos tramos de investigación e de docencia recoñecidos ao profesorado. Neste curso 2019-2020, a porcentaxe de profesores con algún tramo de investigación recoñecido pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación situase nun 92,45% (**IN24G**), sendo un valor considerablemente mais alto ca media da USC (84,72%) e da área de Ciencias da Saúde (89,66). En situación similar se encontra a porcentaxe de profesores que teñen o título de doutor, sendo de un 93,75% (**IN25G**) cifra que permanece mais ou menos constante nos últimos anos en torno ao 95%, e situándose de novo por valores enriba da media da USC (83,73%) e da área de Ciencias da Saúde (82,51%). A porcentaxe de profesores funcionarios que impartiu docencia respecto ao número total de profesores acadou este curso académico o 70,31%, superior a media da USC (58,76%) e da área de Ciencias da Saúde (53,52%). Si ben, esta porcentaxe ten unha tendencia á baixa dende hai anos, diminuíndo progresivamente nos últimos anos (**IN26G**).

Outra información útil para valorar a experiencia investigadora do cadro de PDI é o rexistro de investigadores da Vicerreitoría con competencias nesta materia. Nas súas bases de datos están rexistrados 21 grupos de investigación que aglutinan a máis de 104 profesores/as dos departamentos adscritos á Facultade de Veterinaria que imparten docencia nas súas titulacións

**GRUPOS DE INVESTIGACION DOS DPTOS. ADSCRITOS A FACULTADE DE VETERINARIA**

Código	Nome	Membros PDI Fac. Veterinaria
GI1251	Xenética para a acuicultura e a conservación de recursos	8
GI1708	Cirurgía, radioloxía e ecografía experimental veterinaria	5
GI2120	Control de parasitos en animais e persoas: diagnóstico, prevención e tratamento	3
GI1682	Toxinas mariñas: Mecanismos de transdución, usos terapéuticos e métodos de detección	7
GI1707	Anatomía Patolóxica Veterinaria	5
GI 2174	Investigación en medicina animal	6
GI1702	Investigación en Sanidade Animal Galicia	8
GI1201	Inmunoloxía celular	6
GI1705	Metabolismo e patoloxía animal	3
GI1706	Medicina Interna Veterinaria	3
GI1725	Morfoloxía animal	4
GI1729	Recursos zoonéticos e as súas producións	2
GI1704	Reprodución e Obstetricia	4
GI2118	Análise sensorial, valoración nutricional e desenrolo de novos alimentos	4
GI1948	Produción, Calidade e Tecnoloxía da Leite e Outros Alimentos	6
GI1628	Hixiene, Inspección e Control de Alimentos	8
GI1222	Laboratorio de Referencia de Escherichia coli (LREC)	6
GI1735	Toxicoloxía-Lugo	2
GI1808	Biodiversidade e Botánica Aplicada	5
GI2040	Conservación de peixes e moluscos	6
GI1651	Produción integrada e micorrización dos cultivos	3

En relación coa suficiencia do cadro de profesorado, analizando a seguinte táboa observase que o número de profesores estables se mantén con respecto ao ano anterior, cun lixeiro incremento do total, que este ano reflexa participación na docencia do grao de profesorado contratado doutor, axudante doutor, e de substitución, o que podería ser indicativo dun esforzo de acoller a profesorado máis novo que garante o relevo xeracional na formación dos estudantes do grao.

**Distribución do Persoal Académico con docencia no Grao en Veterinaria**

CATEGORÍA	E15 2016-2017	E15 2017-2018	E15 2018-2019	E15 2019-2020
Asociado de Ciencias da Saúde	8	8	8	7
Asociado de Universidade	2	2	3	5
Axudante doutor	1	1	3	5
Bolseiro/a/investigador	2	12	15	11
Catedrático/a de Universidade	18	12	13	13
Colaborador/a	1	1	1	1
Profesor Contratado Substitución	7	5	2	4
Profesor Contratado Doutor	16	17	15	16
Titular de Escola Universitaria	3	2	2	2
Titular de Universidade	76	72	74	74
<b>TOTAL (Profesores + Bolseiros)</b>	<b>134 (132+2)</b>	<b>132 (120+12)</b>	<b>136 (121+15)</b>	<b>139 (128+11)</b>

A media de alumnos por grupo de teoría foi de 121,39 nas materias de formación básica e obrigatorias (IN55G), superior a media da Área de ciencias da Saúde (92,12) e case o dobre da media da USC (65,79), e de 14,76 nas materias optativas

(IN56G), neste caso inferior a media da Área (36,47) e da USC (29,18). Estes datos son similares aos do ano anterior, sen embargo a media de alumnos por grupo de docencia interactiva (IN32G) foi diminuindo nos cinco últimos cursos académicos chegando a unha media de 14,94 alumnos por grupo para a docencia interactiva desde os 17,75 alumnos por grupo do curso 2015-16. Estas cifras son inferiores a media da USC (22,32), pero hai que ter e conta que no Grao de Veterinaria existen diferentes tipos de grupos de docencia interactiva, con grupos de nº de alumnos moi reducidos como son os de prácticas clínicas asistenciais (7 alumnos/grupo) e os de práctica clínicas non asistenciais e visitas activas (10 alumnos/grupo).

Sinalar que esta mellora no número de alumnos por grupo de docencia interactiva se logra moitas veces grazas a un maior esforzo do profesorado, o cal asume unha maior carga docente a través de accións de mellora para a redución do tamaño do módulo de grupos de prácticas (GrV-AM-3 curso 2019-20).

Así mesmo, indicar que a reacreditación por parte da EAEVE conlevou a necesidade de incrementar a docencia no Rotatorio Clínico Hospitalario. Isto supón un soforesforzo engadido ao profesorado da área de Ciencias Clínicas Veterinarias mentras non se solucione a compatibilidade das prazas de asociados asinadas á área e se dispoñan dos recursos docentes necesarios para poder impartir unha docencia de calidade en dita materia.

Respecto á satisfacción do PDI coa docencia impartida e coa titulación pódese considerar como moi positiva (3,98 e 3,93 puntos respectivamente, nunha escala do 1 a 5), do mesmo xeito co grao de satisfacción do estudiantado coa docencia recibida (4,09) como se comentou nas Directrices 2 e 3.

Todos estes valores indican unha alta cualificación do profesorado, así como a suficiencia do cadro de profesorado que, aínda que mellorable, permite desenvolver unha docencia de calidade como podemos apreciar nos indicadores de satisfacción tanto do profesorado como do estudiantado. Sen embargo, hai que sinalar que o cadro de PDI presenta unha elevada idade media (os datos do profesorado con vinculación permanente mostran unha idade media de 56 anos, con un 43% do profesorado con 60 ou máis anos), polo que haberá un número importante de xubilacións previstas nos próximos anos. Así mesmo, si ben en termos xerais o cadro de profesorado parece adecuado, dáse a circunstancia que, en certas áreas de coñecemento, a dotación de profesorado aínda é insuficiente.

### **Formación do profesorado e mobilidade**

A Universidade de Santiago de Compostela posúe un Programa de Formación e Innovación Docente que ten como finalidade principal establecer un marco de formación que permita adquirir e mellorar as competencias docentes, investigadoras e de xestión necesarias para o exercicio profesional na universidade. Desta forma, a USC ofrece un abano de cursos para a mellora da actividade docente do profesorado.

Polo que respecta a satisfacción do PDI coas actividades formativas desenvolvidas (5070\_INF.10\_2019\_2020), os resultados foron satisfactorios (4,46). A participación do profesorado do Grao nos plans de formación (5070\_I6-I7\_2019-2020) aumenta a súa porcentaxe (54,32%) de forma moi importante sobre o ano anterior (26,75%) sendo a media de participación do profesorado de un 31,86% durante os 5 últimos anos, podendo ser debido a un incremento nas necesidades de formación para adaptarse ao escenario ocasionado pola pandemia por mor do COVID-19, tal como se manifestaba no informe da enquisa do profesorado coa docencia impartida (INF.14) onde o ítem sobre o interese en recibir formación de apoio para a mellora da docencia alcanzaba valores altos (4,49).

Ademais, segundo os intereses específicos do centro é recomendable solicitar cursos para o profesorado orientados a fomentar a formación dos nosos docentes en aspectos concretos, como se ven facendo nos últimos anos. No curso 2019-20 organizáronse dous cursos de formación que se impartiron nos meses de novembro e decembro de 2020: "O proceso de avaliación na aula virtual: recomendacións didácticas e técnicas" e "Aspectos prácticos para docencia non presencial a través de sistemas de videoconferencia dispoñibles na aula".

En canto á mobilidade do PDI, a porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título (**I-10**) tivo un valor de 2,16% no curso 19-20, mostrando un lixeiro incremento respecto ao curso anterior 18-19 (1,27%). Aínda así, continua a ser baixa, polo que o aumento da participación nos programas de mobilidade é unha das actuacións previstas dentro das accións estratexias da prórroga do PE do Centro.

#### 4.2. Máster en Xenómica e xenética (MXX)

O profesorado que imparte este Máster ten unha gran experiencia en investigación en Xenómica e Xenética, pertencendo a grupos punteiros nestes campos. Isto asegura que o alumnado recibe unha formación actualizada e profunda. Os docentes pertencen á USC e á UVIGO, pero tamén participa profesorado da Universidade Autónoma de Madrid, Universidade de Edimburgo e de centros de investigación: Instituto de Investigacións Mariñas-Consello Superior de Investigacións Científicas (IIM-CSIC); Misión Biolóxica de Galicia-Consello Superior de Investigacións Científicas (MBG-CSIC); Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia-Consello Superior de Investigacións Científicas (IIAG-CSIC); Instituto Español de Oceanografía (IEO); Estación Fitopatolóxica Areeiro (EFA); Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Lourizán; Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS); Fundación Pública Galega de Medicamento Xenómica (FPGMX) e Instituto Roslin da Universidade de Edimburgo.

Na web propia do Máster detállase a experiencia docente do profesorado involucrado no estudo, no seu apartado de profesorado (<https://www.mastergenomicaygenetica.com/profesorado>).

Como na primeira edición do Máster, a participación presencial dalgúns dos docentes faise posible grazas ao financiamento da Excm. Deputación Provincial de Lugo. En concreto, durante este curso 2019-2010 financiouse o desprazamento a Santiago a dous docentes, o Dr. Bruno Sainz, profesor investigador de recoñecido prestixio procedente da UAM e o Dr. Diego Robledo, investigador do Instituto Roslin da Universidade de Edimburgo, que imparten docencia no Máster.

Ademais, financiouse aos seguintes conferenciantes durante o curso 2019-2020:

- Dra. María Abad. Investigadora Principal do Grupo de Plasticidad Celular e Cancro do Vall d'Hebron Instituto de Oncoloxía (VHIO). Tema da charla: identificación de novos micropéptidos implicados na plasticidade do cancro pancreático.
- Dr. Miguel Fernández Moreno. Investigador Principal e Profesor Titular do Departamento de Bioquímica (Facultade de Medicina) da Universidade Autónoma de Madrid. Tema da charla: A mitocondria na saúde e a enfermidade.

Para a USC, como os estudantes do curso 2019-2020 non cubriron as enquisas de satisfacción, non se ten información do seu grao de satisfacción coa actividade docente do profesorado, que foi de 3,56/5 no curso 2018-2019. Para a UVIGO este valor foi de 3,84/5, sendo moi positivo e semellante ao valor no curso 2018-2019 (4,03/5). A pesar de non ter datos oficiais para a USC, a información recollida de maneira persoal pola Comisión Académica é dunha satisfacción elevada dos alumnos co equipo docente do Máster.

Todo o PDI que participa na docencia da titulación é Doutor, cumprindo cos requisitos de cualificación requiridos. Ademais, o 100% do profesorado (tanto da USC como de UVIGO) que ten unha figura que permite solicitar sexenios tenos alcanzando no seu conxunto, sendo o 100% o cociente sexenios obtidos/sexenios posibles. Hai que destacar que a maior parte do profesorado pertence a grupos de investigación cun elevado prestixio, contando a maioría tamén cun bo número de sexenios recoñecidos e unha alta participación en dirección de Teses Doutorais. Estes últimos aspectos son de especial relevancia dado que no tres especialidades o alumno pode adquirir destrezas que lle preparen para unha carreira investigadora. Trátase tamén de persoal que recibe unha boa valoración por parte dos estudantes. A porcentaxe

de profesores funcionarios que impartiu docencia respecto ao número total de profesores (**IN26M**) mantense no 67% ao igual que o curso anterior, porcentaxe similar ao acadado na UVIGO (63%).

Non houbo docentes do da USC en programas de mobilidade (**5070\_I10\_2019-2020**), nin se recibiron os datos oficiais desta mobilidade nos docentes da UVIGO.

Na USC, a enquisa cos datos de satisfacción do profesorado coa docencia impartida obtivo unha valoración global satisfactoria de 4,47/5 (**IN47M**) moi similar á do curso 2018-2019 (4,55/5). Para a UVIGO non se obtiveron resultados para a enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación xa que este dato é bianual, pero xa que non se produciron cambios no seu equipo docente, espérase que a súa satisfacción sexa similar á do curso 2018-2019 (4,6/5). Desgraciadamente, non se obtiveron datos para o curso 2019-2020 na USC (**IN46M**) co grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, pero na UVIGO foi elevado (3,82/5).

O tamaño dos grupos nas materias básicas (**IN55M**) e optativas (**IN56M**) é adecuado para o tipo de formación impartida, xa que o número de prazas que se oferta permite que as materias contén cun número baixo de alumnos (particularmente nas materias optativas, onde no presente curso para a USC reduciuse o número de alumnos, suxerindo unha maior dispersión do alumnado entre as materias optativas, ver IN56M), o cal facilita aos docentes un seguimento moi directo dos mesmos. Os valores globais e por universidade para estes indicadores móstranse nas seguintes táboas:

<b>IN55M: Media de alumnos matriculados en materias (FB e OB) por grupo de teoría (expositivas)</b>		
	<b>CURSO</b>	
<b>Universidade</b>	<b>2018-2019</b>	<b>2019-2020</b>
USC	8,00	7,00
UVIGO	7,50	Sin datos

<b>IN56M: Media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas)</b>		
	<b>CURSO</b>	
<b>Universidade</b>	<b>2018-2019</b>	<b>2019-2020</b>
USC	6,00	4,31
UVIGO	4,13	Sin datos

### Evidencias da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico de apoio

O persoal de administración e servizos diminuíu nunha persoa respecto ao último ano, contando con 16 persoas de apoio na Facultade de Veterinaria, e aos seus dous títulos adscritos: Grao e Máster.

#### PERSONAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS CURSO ACADÉMICO 2019-2020 (E-16)

<b>Unidade</b>	<b>Posto</b>	<b>Escala/Categoría</b>	<b>Total</b>
<b>Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos</b>	Responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos	Escala de Xestión/Administración	1
	Posto base	Escala Administrativa-Administración	1
	Secretaría do Decanato	Escala auxiliar-Administración	1
	Secretaría de Departamentos	Escala Administrativa-Administración	1
	Secretaría de Departamentos	Escala Administrativa-Administración	1

<b>Unidade de Asuntos Económicos</b>	Responsable de Asuntos Económicos	Escala Administrativa-Administración	1
<b>Conserxería</b>	Conserxe	Oficial de Servizos	1
	Auxiliar Técnico Informático	Auxiliar Técnico Informático	3
	Oficial de Servizos	Oficial de Servizos	1
<b>Facultade de Veterinaria</b>	Técnico de Investigación	Tec. Invest. (Área Bioloxía-Saúde)	3
<b>Forno Crematorio</b>	Técnico de Investigación	Tec. Invest. (Área Bioloxía-Saúde)	2
<b>TOTAL</b>			<b>16</b>

### Outros recursos humanos dispoñibles

Ademais do persoal relatado máis arriba, hai outro que, sen vinculación tan directa coa Facultade de Veterinaria, presta apoio dende os servizos xerais da USC:

- Técnico especialista en informática dependente da Área da Información e Comunicacions (ATIC), encargado das incidencias de tipo informático.
- Persoal da Oficina web. <http://www.usc.es/es/servizos/oficinaweb/index.html>
- Os traballadores da Unidade de Xestión Académica do Campus de Lugo: responsables da matrícula e xestión de expedientes, así coma das actas das materias reguladas (non das do Traballo Fin de Grao, nin das Prácticas Externas, competencia ámbalas dúas do Centro). <http://www.usc.es/es/goberno/xerencia/lugo/uxalugo.html>
- Oficina de Información Universitaria. <http://www.usc.es/es/servizos/oiu/>
- Servizo de Participación e Integración Universitaria. <http://www.usc.es/es/servizos/sepiu/index.html>
- Servizos de Apoio á Docencia e á Investigación. <http://www.usc.es/gl/servizos/>
- Área de Xestión de Infraestruturas. <http://www.usc.es/es/servizos/axi/index.html>
- Área de Cultura. <http://www.usc.es/es/servizos/cultura/index.html>

### **Persoal do Hospital Veterinario Universitario ROF CODINA**

O persoal do Hospital Veterinario Universitario ROF CODINA variou moi pouco no último ano. A única modificación foi o incremento de dúas persoas de administración e servizos.

<b>Persoal Facultativo</b>	<b>Número</b>	<b>Persoal de administración e servizos</b>	<b>Número</b>
Facultativos Diagnóstico por Imaxe	2	Dirección Xerencia	1
Facultativo Análises Clínicos	1	Secretaría Dirección	1
Facultativo Unidade de Équidos	2	Técnico de Xestión y RRHH	1
Facultativo Servizo Ambulante de Animais de Renda	1	Técnico de transferencia de tecnoloxía	1
Facultativo Farmacia	1	Admisión	2
Facultativo Neuroloxía	1	Informática	1
Facultativo Oftalmoloxía	1	Oficial 1ª Mantemento Eléctrico	1
Facultativo Anestesia	1	Mantemento xeral y condutor	1
Facultativos apoio	3	Limpeza HVU-RC	3
Becas Servizo Atención Continuada	3	Limpeza CEBIOVET	3
Becas Apoio Asistencial	3	Esterilización	1
Internado Pequenos Animais	12		
Internado Grandes Animais	4		
Bolseiros de Formación Profesional (laboratorio, esterilización, hospitalización)	3		
Bolseira Residente Diplomatura	1		

Os facultativos de hospital son os encargados da docencia da materia Rotatorio Clínico Hospitalario. Pese ao incremento no cadro de persoal, continua o problema de déficit de profesorado nesta materia. Cada estudante ten que cursar 106 horas presenciais nun módulo de 2 estudantes/profesor, polo que para 100 estudantes resultarían 50 grupos de prácticas, que multiplicados por 106 horas dan un total de 5300 horas. Tendo en conta que cada Profesor Asociado de Ciencias da Saúde (PACS) na USC pode impartir ata 450 horas de docencia asistencial hospitalaria, serían necesarios 12 PACS para cubrir a docencia desta materia, e cóntase unicamente con 7. Existe, por tanto, unha carencia clara nesta categoría, que vén parcialmente condicionada polo persoal do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina.

### Profesionais externos

A titorización non académica das prácticas do módulo de Prácticas Tuteladas e Prácticas Externas, conta coa colaboración de profesionais externos, que está formalizada mediante convenios de colaboración con empresas/institucións do estado español e do estranxeiro, firmados polo Reitor ou vicerreitor con competencias e aprobados polo Consello de Goberno.

### Oportunidades de formación

A participación do PAS do centro nos plans de formación (**5070\_I6-I7\_2019-2020**) aumenta a súa porcentaxe ata un 100%, sendo o ano anterior de un 62,50%, podendo ser debido a un incremento nas necesidades de formación para adaptarse ao escenario ocasionado pola pandemia por mor do COVID-19, tal como acontecía no caso da participación do PDI nos plans de formación.

A facultade solicitará a oferta dun curso de formación en competencias relacionadas cos ámbitos de traballo do PAS do centro, obxectivo recollido no Plan de melloras do centro

Polo que respecta a satisfacción do PAS do centro co traballo desenvolvido (**IN49C**) no curso 2019-2020 foi inferior (3,25) aos anos anteriores (3,80), diminución que puido verse causada polas dificultades e cambios producidos debido a pandemia.

No caso do Máster en Xenómica e Xenética, non existe, en ningún dos tres centros onde se imparte a titulación, ningún PAS con dedicación exclusiva á titulación, aspecto que sería de gran axuda para as Comisións Académicas. Aínda así, hai moito persoal de administración e servizos que participan no Máster, desde o persoal de conserxería aos administrativos do centro, pasando polo persoal de posgrado, asuntos económicos, etc. O número de persoas que conforma o PAS na Facultade de Bioloxía para o curso 2019-2020 (**5070\_E16\_2019-2020**) é de 16 persoas incluíndo a responsables administrativos (2), auxiliares técnicos informáticos (3), conserxe (1), oficial de servizos (1), técnicos de investigación na área de Bioloxía-saúde (5), secretaria do decanato (1), responsable da unidade (Xestora do Centro, 1), posto base da unidade (1) e responsable de asuntos económicos.

A información dispoñible sobre este grupo de interese, por tanto, é relativa ao conxunto de traballadores de este colectivo que, de unha maneira ou outra, participan na boa marcha dos distintos centros e no bo funcionamento dos seus títulos. A participación do PAS na USC no presente curso académico en actividades formativas foi do 100% na Facultade de Veterinaria (**5070\_I7\_2019-2020**), centro onde está adscrito el Máster, como xa se comentou antes. Pola súa parte, para a UVIGO, un 71.13% do PAS da Facultade de Bioloxía participou en actividades formativas no curso 2019-2020.

## Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
  - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
  - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
  - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
  - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplen a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

### 5.1. Grao en Veterinaria

#### **Adecuación de recursos materiais e servizos**

A totalidade das infraestruturas consignadas na memoria do título seguen en activo; ademais incorporáronse algunhas outras para mellorar o cumprimento dos obxectivos formativos e atender ás necesidades da titulación.

#### **Disponibilidade de aulas:**

A Facultade de Veterinaria dispón dun edificio de aulas exclusivo, no que se sitúan as 7 aulas construídas no proxecto inicial e outros espazos para usos diversos. Entre eles, o local do desaparecido servizo de reprografía foi remodelado en 2014 como aula 8, para atender ás crecentes necesidades de espazos docentes que o Grao supón. Fóra do aulario, xa antes de comezar a nova titulación, acondicionáronse outros espazos como aulas de usos múltiples: a denominada Aula Aresa –dotada grazas á concesión do Premio Aresa de Desenvolvemento Rural á Facultade en 2008, cunha capacidade de entre 35 e 40 prazas, moi demandada –entre outros usos- para seminarios, talleres ou para impartir materias optativas con número reducido de alumnos.

Máis recentemente en 2015, acometeuse a remodelación do espazo que ocupaba a Sala de Exposicións que a área de Cultura do Campus acondicionou nunha parte da antiga biblioteca da Facultade; este espazo finalmente puido ser



recuperado para usos propios do Centro. Neste recinto e grazas á achega económica de dúas empresas colaboradoras que sufragaron parte da reforma, creáronse a aula Aresa-2, para uso eminentemente docente, e a sala Galeno multifuncional: formación, reunións, lectura de TFG e Tese, transformable polo seu mobiliario modular en función das necesidades e con sistema de videoconferencia.

#### **Salas de estudos:**

Aínda que a Biblioteca Intercentros conta con espazosas e moi ben dotadas salas de estudo, o certo é que a sala de lectura da antiga Biblioteca da Facultade mantense como tal pola demanda dos alumnos, especialmente en época de exames, dada a relativa distancia da Biblioteca Intercentros e para optimizar os tempos libres da súa xornada docente; é un lugar que ao longo do curso mantén unha boa ocupación. Ademais, considérase recomendable potenciar o uso do laboratorio de habilidades clínicas (un dos espazos situados no aulario) como sala dedicada ao aprendizaxe autónomo no que o alumno pode repasar e adquirir destreza nas habilidades aprendidas nas clases prácticas.

#### **Aulas de informática e Recursos informáticos:**

A titulación de Grao emprega nestes momentos dous das tres aulas de informática que se habilitaron xa na antiga licenciatura, a aula informática 1 e 3. Están situadas no pavillón central, pertencen ao sistema RAI (Rede de Aulas de Informática da USC) e dispoñen dos programas de licenza corporativa ou software libre necesarios para impartir as sesións prácticas daquelas materias que contemplan este tipo de actividade na súa programación. Cando se demanda e se está dispoñible, a aula 3 é de libre acceso para calquera alumno que poida necesitar empregar un equipo, aínda que é certo que co crecente emprego de teléfonos intelixentes e computadores portátiles na contorna WiFi do Centro, este uso cada vez é máis esporádico. A aula informática 2 foi transformada na Sala Norvet, debido á obsolescencia dos seus equipos informáticos e á necesidade de cubrir máis necesidades derivadas da multiplicidade de actividades docentes das materias do grao. O recinto adaptouse para un uso máis versátil e ampliouse a cobertura WiFi para que se poida seguir utilizando para as prácticas das materias que actualmente a utilizan para este fin.

#### **Laboratorios:**

A estrutura en pavillóns independentes da Facultade de Veterinaria, nos cales se sitúan as diferentes materias, fai que existan numerosos laboratorios, polo menos un para docencia en cada planta de cada pavillón e, as máis das veces, dúas máis para investigación, tamén en cada planta, que en non poucas ocasións empréganse para impartir sesións prácticas das materias.

Aquelas materias que programan unha actividade práctica singular dispoñen de instalacións adicionais, como son as salas de disección para Anatomía e necropsias para Anatomía Patolóxica.

Por último, as materias clínicas de carácter asistencial desenvolven o seu ensino práctico nas instalacións do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina; alí dispoñen de todo o equipamento necesario en consultas, quirófanos, salas de raios, sala de ecografía, sala de TAC, laboratorios de diagnóstico, áreas de hospitalización, etc.

#### **Salas de reunións:**

A Sala de Xuntas é o espazo de maior aforamento (80-100 asistentes) para reunións no edificio da Facultade de Veterinaria, e está situada no pavillón central. Na mesma localización localízase a Sala XXV Aniversario –un recinto de pequena capacidade, 15 persoas, para cursos e reunións- e a Sala Galeno -25 a 40 asistentes en función da configuración- xa referida polo seu posible uso como aula, pero que igualmente está pensada para reunións polo seu mobiliario modular movable.

As tres salas de reunión están dotadas de sistema de videoconferencia.

#### **Biblioteca:**

Os recursos bibliográficos e instalacións que corresponderían á Biblioteca da Facultade de Veterinaria atópanse

encadrados dentro da Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo, localizada entre os edificios da Facultade de Veterinaria e a Escola Politécnica

Dita Biblioteca Intercentros é un edificio de 9.500 m<sup>2</sup> que alberga 1.642 postos de estudo –algún deles adaptados para usuarios con discapacidade- distribuídos en 5 salas de lectura, 1 sala de traballo en grupo, 1 hemeroteca e 1 sala de formación (sala e-Terra) con 21 equipos informáticos totalmente renovados en 2016. Existen ademais 20 postos de consulta de catálogo en liña e recursos electrónicos e equipos de consulta de microfílm.

#### *Libros e recursos documentais en xeral*

En canto á suficiencia de fondos Bibliográficos integran a colección desta biblioteca máis de 106.000 volumes de monografías (en diferentes soportes: impresos, DVDs, etc.) e 1.850 títulos de revistas, das que 200 son subscricións en curso; o eixo temático central do Campus de Lugo, e por tanto de todos estes documentos, é o gandeiro e agroalimentario.

Desas monografías máis de 14.500 son libros das materias de veterinaria, alimentación, etc. Delas, a data de setembro de 2019, 5.425 encádranse dentro da categoría de Veterinaria e máis de 200 destes últimos son títulos editados a partir de 2013, o cal indica unha adecuada actualización. Analogamente dentro da temática relativa a Producción Animal existen 3.400 títulos, dos que 120 están publicados con posterioridade ao ano 2013. Finalmente, da temática Alimentos atópanse na Biblioteca Intercentros máis de 2.100 libros dos cales máis de 110 foron editados nos últimos 5 anos. Dado o constante crecemento dos fondos, e incluíndo as materias xerais básicas, ascende a máis de 14.500 títulos –só libros- os existentes directamente relacionados co Grao, e tendo en conta que dos máis importantes existen varios exemplares. O catálogo de fondos é accesible a través de <http://iacobus.usc.es>.

A Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela (BUSC) forma parte do Consorcio Bugalicia que permite o acceso á colección de recursos electrónicos máis importante ao subscribir máis de 9.000 revistas de alto impacto científico, máis de 18.000 monografías (entre libros electrónicos, estándares e actas de congresos) e máis de 10.000 documentos a texto completo accesibles desde bases de datos. ReBUSCa é o portal de servizos electrónicos da BUSC. Desde a súa páxina web (<http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/index.html>) accédese á colección de libros electrónicos, pertencentes ás editoriais máis importantes: Elsevier, Ovid, Panamericana, Springer e EBSCOhost, Wiley, American Chemical Society, entre outras. A gran maioría destes libros son de moi recente edición posto que este formato desenvolveuse maioritariamente durante a última década.

A consulta de libros electrónicos organízase por áreas de coñecemento e materias. As ciencias veterinarias clasifícanse na área de Ciencias Biomédicas. Das disciplinas de anatomía, cirurxía e medicina veterinaria accédese a uns 100 títulos. Ademais dos libros electrónicos adquiridos para uso en liña, mediante paquetes editoriais e accesibles a través do portal ReBUSCa, a BUSC adquiriu monografías electrónicas, fundamentalmente en español, prestables e descargables para consulta offline, accesible a través dunha interface de préstamo que chamamos PreLo. Entre os libros accesibles vía PreLo os usuarios poden consultar, entre outras, monografías publicadas por profesores da Facultade de Veterinaria.

A biblioteca recibe como doazón de veterinarios retirados libros antigos editados entre finais do século XIX e mediados do XX. Por esta vía ingresou a colección do veterinario D. Juan Rof Codina, fundamental para coñecer a historia da medicina veterinaria na Galicia do seu tempo.

#### *Publicacións periódicas*

Así mesmo, na Biblioteca Intercentros atópanse centos de títulos de publicacións periódicas en formato impreso. A súa colección conta con 36 subscricións abertas de revistas de temática veterinaria específica. As revistas electrónicas consorciadas contrátanse coas editoriais máis importantes (Elsevier, Wiley, Oxford, etc.) o acceso é a través da pasarela Pórtico, (<http://sfx.bugalicia.org/san/az/>) das tres Universidades Galegas, que dá acceso a 1.945 títulos da materia agricultura. Como submaterias deste epígrafe de interese para os Graduados en Veterinaria figuran 85 títulos de revistas de medicina veterinaria, 110 de ciencia e tecnoloxía dos alimentos, 15 de tecnoloxía leiteira, 48 de nutrición, 96 de cría animal, 117 de piscicultura e acuicultura, 107 de economía e política agraria, etc. O acceso a información relevante

multiplícase se consideramos as revistas consorciadas doutras disciplinas como a microbioloxía, bioquímica, xenética, toxicoloxía, zooloxía, etc.

Accédese á consulta en liña utilizando como identificación o correo institucional. Fora do dominio da USC, a Biblioteca Universitaria dispón dun novo servizo EZproxy que garante o acceso aos recursos electrónicos a toda a comunidade universitaria. Este servizo é xestionado por BUGalicia para as tres universidades galegas e garante a privacidade nos datos de acceso e estatísticas de uso e resolve a dificultade do alumnado no acceso a moitos recursos ao estaren excluídos do servizo proxy anterior. Para seu uso están configurados máis de 12000 títulos de revistas, máis de 51000 títulos de libros electrónicos e 42 bases de datos, todos eles accesibles a través de [reBUSCa](#) e [Pórtico](#). O acceso é automático e funciona tanto dentro coma fóra da rede USC mediante EZproxy polo enderezo <https://ezbusc> e as credenciais da USC cando se acceda dende unha dirección IP fóra da USC.

#### *Bases de datos*

Tamén é accesible a través da rede da USC a consulta das principais bases de datos de interese, entre as cales se pode citar: Web of Science, Agris, Scopus, Medline, SciFinder, Scholar, Farmacopea Española, Asfa-Aquatic Sciences & Fisheries Abstracts, Greenfile, Earth, etc.

As procuras dan acceso a documentos (artigos científicos) directamente descargables —en pdf ou outros formatos- polos usuarios a través da rede da USC mediante conexión cableada ou WiFi Eduroam e empregando calquera plataforma: Windows, Mac, Linux, Android etc. A conexión ás bases de datos e a posibilidade dos membros da Universidade de solicitar a adquisición de libros, supón por outra banda unha garantía da actualización dos fondos. A información que non é accesible desde a biblioteca universitaria e/ou o Consorcio BUGalicia, fómese gratuitamente polo servizo de fotodocumentación da BUSC.

#### *Outro acceso á documentación*

Ademais de todo o sinalado, en moitos departamentos da Facultade de Veterinaria existen outras coleccións de libros, revistas, e material electrónico de diversa índole que pode ser consultada polos alumnos. Finalmente cabe resaltar que o acceso a Internet que ofrece a USC aos estudantes, pon ao alcance dos mesmos unha infinidade de recursos científicos gratuítos en constante crecemento, tanto en relación con publicacións periódicas como o acceso a libros electrónicos. A consulta das teses e outros traballos académicos facilítase desde o repositorio Minerva <https://minerva.usc.es/xmlui/?locale-attribute=gl>.

O número de recursos e o acceso aos mesmos, a conexión directa a bases de datos e a posibilidade de acceso a artigos científicos, o número de libros e o seu grao de actualización, fainos considerar que os recursos documentais son suficientes e están actualizados.

#### **Accións de mellora que se puideron levar a cabo no ano 2020 relacionadas cos recursos materiais:**

- Implementación dun sistema de visionado xeral mediante microscopio, cámara e pantalla para evitar o uso común de microscopios debido a COVID no laboratorio de prácticas clínicas de Enfermidades Parasitarias; adquisición de materiais de protección individual e desinfección para prácticas de Inmunoloxía, Microbioloxía Veterinaria, Microbioloxía Clínica Veterinaria, Microbioloxía Alimentaria, TFG e Clínica Médica I y II; instalación de sistemas de extracción de aire en el seminario y laboratorio de prácticas de Clínica Médica I y II como medida de ventilación de espazos, ordenador portátil para impartición telemática de clases para Toxicoloxía Veterinaria, Ética, Bioética e Lexislación Veterinaria e Ecotoxicoloxía (FV-AM-4).
- Renovación da iluminación mais deteriorada polo uso dos pasillos exteriores entre pavillóns con focos LED, dacordo co plan de eficiencia e aforro enerxético en espazos comúns do centro (FV-AM-10).
- Instalación de novas luces LED con sensor de iluminación en todos as escaleiras de emerxencia dos pavillóns, dacordo co plan de eficiencia e aforro enerxético en espazos comúns do centro (FV-AM-11).

- Renovación das luces de emerxencia das portas principais de acceso e saída dos pavillóns (FV-AM-17).
- Colocación de estoures novos nos espazos de uso xeral e docente do pavillón central, para evitar o efecto molesto do sol (FV-AM-6).
- Colocación dunha plataforma salvaescaleiras para acceder ao andar inferior do pavillón central, facilitando o acceso as aulas Norvet, Galeno, Aresa 2 e informática 1 e á cafetería a persoas con mobilidade reducida (FV-AM-7).
- Colocación de papeleiras nos viales interiores para facilitar a recollida de lixo nos exteriores dos pavillóns da facultade (FV-AM-8).
- Renovación das cadeiras da sala de procedementos clínicos (FV-AM-9).
- Instalación de novos puntos de acceso WIFI nas aulas que o precisaron (FV-AM-12).
- Renovación de 10 das computadoras das aulas de informática e actualización do sistema operativo e software (FV-AM-13).
- Adquisición dunha nova fotocopiadora multifunción para administración (FV-AM-14).
- Instalación de pasamanos nas escaleiras interiores de cada aula para mellorar a seguridade de acceso (FV-AM-15).
- Instalación dos sistemas antipánico nas portas de emerxencia das aulas que carecían del (FV-AM-16).
- Instalación dun sistema de acceso con tarxeta magnética na porta principal do pavillón de clínicas (FV-AM-18)
- Instalación en curso de equipos streaming nas aulas para posibilitar a docencia nos diferentes escenarios que se contemplan baixo a COVID (FV-AM-19).

### Accesibilidade universal e deseño para todos

A maior parte das instalacións da facultade contan cun deseño adaptado para todos, favorecendo o acceso universal, especialmente nas aulas, salas e laboratorios onde se imparte docencia teórica e práctica.

### Seguridade e saúde

A facultade conta cun plan de autoprotección (<http://www.usc.es/gl/centros/veterinaria/autoproteccion.html>) elaborado polo Servizo de Prevención de Riscos (<http://www.usc.es/sprl>). Este Servizo é o encargado de promover a saúde e seguridade da comunidade universitaria, para o que diseña, aplica e coordina os plans e programas de actuación preventiva, avalía os factores de risco que poidan afectar á seguridade e saúde do persoal e promove a información e implicación de todos na cultura preventiva.

O centro ten unha Comisión de Bioseguridade e Prevención de Riscos, que coordina, revisa e actualiza as normas de bioseguridade aplicadas nas dependencias onde se realizan actividades docentes, investigadoras e asistenciais ([Manual de Bioseguridade da Facultade de Veterinaria](#)).

O Servizo de Vixilancia da Saúde (<http://www.usc.es/es/servizos/sprl/svsaude/index.html>) dedicado á vixilancia e control da saúde dos traballadores, leva a cabo, entre outros, programas de prevención de enfermidades infectocontaxiosas e campañas de información e/ou vacinacións específicas (por exemplo, antitetánica en veterinaria).

### Medio ambiente

A USC adquiriu o compromiso de formar persoas e producir ciencia e tecnoloxía baixo o criterio de sustentabilidade, fomentando en todos os membros da comunidade universitaria o sentido da responsabilidade polo coñecemento, conservación e mellora do medio ambiente. Este compromiso plásmase no Plan de Desenvolvemento Sostible (PDS). Desde o ano 2011 funciona a Oficina de Desenvolvemento Sostible ([https://www.usc.es/gl/info\\_xeral/responsable/desenvolvemento.html](https://www.usc.es/gl/info_xeral/responsable/desenvolvemento.html)) que se encarga de impulsar o desenvolvemento de accións e fomentar a participación de toda a comunidade universitaria. A aprobación no ano 2015 da [Axenda 2030](#) reforza a nova orientación do PDS.

Ademais, o Servizo de Participación e Integración Universitaria (<http://www.usc.es/es/servizos/sepiu/>), dependente do

Vicerreitorado de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social, coordina a oferta de actividades de voluntariado e participación social da USC.

### **Detección de necesidades de novos recursos**

Anualmente o equipo de dirección solicita ao profesorado que comuniquen as melloras que consideren necesarias ou oportunas para adquisición ou renovación dos recursos materiais. Estas suxestións considéranse dentro do plan de melloras anual. Ademais, está dispoñible para toda a comunidade o buzón de suxestións da Facultade de Veterinaria.

Compromisos do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade

A Universidade de Santiago de Compostela asumiu sobre o título de Grao en Veterinaria o cumprimento das recomendacións realizadas no informe de Verificación da ANECA, e en particular con respecto á incorporación de mecanismos para realizar ou garantir a revisión e o mantemento dos servizos dispoñibles nas institucións colaboradoras para o desenvolvemento do título. Con este fin introducíronse diferentes mecanismos de control que comezan pola incorporación de “Enquisas de Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas” (IN19G), “Enquisas de satisfacción dos títos profesionais cos programas de prácticas externas” (IN20G) e as “Enquisas de Satisfacción dos títos académicos cos programas de prácticas externas” (IN21G), que son tidos en conta durante a elaboración dos Informes de Seguimento anuais do título, co fin de adoptar medidas correctoras ou accións de mellora se fose preciso.

A Universidade de Santiago de Compostela elaborou un [Regulamento de Prácticas Académicas Externas](#), adaptado ao Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regula esta actividade dos estudantes universitarios, para o establecemento de convenios con empresas, institucións e entidades públicas e privadas no ámbito nacional e internacional. O citado regulamento dá amparo a todos os convenios que a Facultade de Veterinaria estableceu con empresas e institucións de diferentes ámbitos e localizacións, imprescindibles para o desenvolvemento, tanto das Prácticas Tuteladas (prácticas externas curriculares obrigatorias) como tamén das Prácticas Externas (prácticas externas curriculares optativas) do grao.

Co obxecto de dar un amparo normativo tanto ao profesorado como ás entidades colaboradoras nas que se realizan Prácticas Extra muros baixo a supervisión dun profesor (Prácticas de campo, prácticas clínicas e visitas activas), que son diferentes ás prácticas académicas externas, o Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela na súa sesión do 16 de decembro de 2016 aprobou un modelo marco de “Acordo de adhesión para a autorización de actividades académicas en instalacións que non pertencen á USC”.

En relación coa utilización de novas estruturas ou servizos externos á Universidade, cabe destacar que a Asemblea da Conferencia de reitores das Universidades Españolas (CRUE) celebrada o día 10 de xaneiro de 2014 ratificou un acordo da Conferencia de Decanos de Veterinaria nos seguintes termos:

Todas as Facultades de Veterinaria deben contar, a parte de cos recursos obrigados para impartir unha docencia universitaria de carácter experimental (aulas, aulas informáticas, laboratorios, sala de disección) entre outros, cos seguintes recursos que lle son propios:

- Un Hospital Clínico (e restantes Servizos Clínicos, preferentemente integrados na estrutura hospitalaria), no que se atenda a animais de compañía, équidos e animais de produción. Debe estar aberto 365 días ao ano e 24 horas ao día.
- Unha Planta Piloto de Tecnoloxía de Alimentos de orixe animal.
- Unha Granxa de produción con fins docentes e de investigación con, polo menos, unha especie produtiva.
- O acceso aos Servizos Públicos Oficiais de Inspección. Neste sentido, as distintas administracións públicas deberán

garantir a formación dos alumnos coa vinculación dos profesionais á Área de Coñecemento de Nutrición e Bromatoloxía da Universidade.

Neste sentido a Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela cumpre de forma moi satisfactoria con estas recomendacións grazas á determinación do propio Centro, o compromiso da Universidade e a colaboración de numerosas institucións implicadas:

- A Facultade conta co Hospital Veterinario Universitario Rof Codina cuxo obxectivo primordial se centra na colaboración coa docencia da Facultade, prestación de servizos e colaboración e fomento da investigación (<http://www.rofcodina.org/index.php/es/la-fundacion-rof-codina/el-hospital>).
- O Campus de Lugo, agora Campus Terra, é a sede da aula de Produtos Lácteos e Tecnoloxías Alimentarias (APLTA) pertencente á Universidade de Santiago de Compostela. Esta Planta Piloto de Tecnoloxía de Alimentos situada a 500 metros da Facultade de Veterinaria é unha Plataforma Tecnolóxica Mixta da Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e o Desenvolvemento Tecnolóxico, e serve de apoio á docencia (<http://aplta.es/index.php/es/>).
- A Facultade de Veterinaria desde a súa apertura en 1984 utiliza, con fins docentes e de investigación, a Granxa Experimental “Gayoso-Castro” (agora denominada Granxa Campus Terra) da Deputación Provincial de Lugo en base a un acordo de colaboración. No curso 2019/20 a citada granxa foi reestruturada para optimizar o seu uso como centro de prácticas docentes e investigación da Facultade de Veterinaria e da Escola Politécnica Superior do Campus Terra (<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/granxa-campus-terra-reforza-formacion-id-transferencia-usc-sector-productivo>).
- A Facultade de Veterinaria disporá dunha explotación experimental de cría de porco celta na finca Gayoso-Castro tras o acordo da Universidade de Santiago, a Deputación de Lugo e ASOPORCEL (<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/usc-deputacion-lugo-asoporcel-impulsan-explotacion-experimental-cria-porco-celta-finca>). Mentras non se remata a construción desta explotación experimental, a USC firmou un convenio con ASOPORCEL para o uso das súas granxas de explotación na formación dos alumnos da Facultade de Veterinaria de Lugo.
- A Facultade mantén convenios coa Consellería de Sanidade, a Consellería de Medio Rural, a Consellería do Mar e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, que contemplan o acceso aos Servizos Públicos Oficiais de Inspección nos seus diferentes ámbitos e laboratorios e institutos asociados, para a realización de Prácticas Tuteladas. Ademais, na actualidade dispónse de convenios con 37 matadoiros para a realización de Prácticas Tuteladas e Prácticas Externas. ([http://www.usc.es/gl/centros/veterinaria/practicas\\_tuteladas.html](http://www.usc.es/gl/centros/veterinaria/practicas_tuteladas.html)). Neste ámbito é de particular importancia o convenio asinado co Matadoiro Novafrigsa do Grupo Coren no municipio de Lugo, un dos centros de procesado de vacún máis importantes de España, que permite a realización de prácticas reguladas correspondentes á materia obrigatoria Hixiene III: Inspección e Control da Carne e Produtos Cárnicos”. O convenio co Grupo Coren, ademais doutras oportunidades, tamén nos deu acceso para a realización de prácticas reguladas no Centro de Procesado Avícola de Santa Cruz de Arrabaldo en Ourense.

A Facultade colabora tamén co centro de recuperación de fauna silvestre O Veral e coa Sociedade Protectora de Animais, que os estudantes visitan en sesións interactivas durante a súa formación.

### Orientación académica e profesional

Os mecanismos de orientación académica están a disposición dos estudantes para resolver cuestións de diversa índole e considéranse adecuados para guialos na súa traxectoria académica.

Como se mencionou anteriormente Facultade de Veterinaria conta con diferentes figuras que, xunto cos servizos centralizados na Unidade de Xestión Académica do Campus, permiten unha atención personalizada aos alumnos en calquera momento do proceso formativo.

Estas figuras son:

- Decano do Centro
- Vicedecanato de Calidade; Vicedecanato de Ordenación Docente; Vicedecanato de Prácticas Externas, Relacións Institucionais e Mobilidade
- Secretaría do Centro
- Unidade de Apoio á Xestión
- Coordinación do Grao
- Coordinación de semestre
- Coordinación de prácticas tuteladas
- Alumnos titores

Aínda que os estudantes utilizan os servizos de orientación académica en calquera momento do seu proceso formativo, estes cobran especial importancia no primeiro semestre, cos estudantes de novo ingreso, para os que o Centro dispón dun plan de acollida e orientación. Así, o primeiro día do curso prográmase unha sesión informativa especial a cargo do equipo decanal ao que acoden tamén o profesor coordinador do primeiro semestre e os alumnos titores. Nela explícanse os detalles do funcionamento da Facultade, as orientacións xerais do plan de estudos, as diferentes normativas, facendo especial fincapé nas normativas de permanencia e avaliación do rendemento académico, consellos sobre matrícula, mecanismos de atención a necesidades educativas especiais, etc., e faise un percorrido sobre a páxina web da Facultade indicando onde se atopa toda a información. Para finalizar, explícaselles a quen poden recorrer ante calquera necesidade de orientación, resaltando neste caso especialmente a figura do profesor/a coordinador/a do primeiro semestre e dos alumnos titores. Ademais, realízanse sesións informativas relativas ás prácticas tuteladas e ao TFG no 5º curso. A pesar das circunstancias desfavorables, no curso 19-20 desenvóléronse as actividades de acción tutorial como estaba previsto no primeiro semestre, no que se concentran a maioría destas accións.

Desde o curso 2014-15, o Centro organizou unhas Xornadas de Orientación Laboral dirixidas principalmente a alumnos dos últimos cursos do Grao. Pero, ademais contamos tamén coa participación da responsable da área de Orientación Laboral e Emprego do Campus de Lugo que lles informa sobre o modo de preparar un Curriculum ou de afrontar unha entrevista de traballo, e da Área de Orientación Laboral e Emprego da USC (<https://www.usc.es/gl/servizos/saee/aol/>). Do mesmo xeito o centro organiza actividades enfocadas á orientación profesional dende hai tempo, como se indica na directriz 3. Neste caso considérase extremadamente importante a creación do Comité Externo e a súa implicación na visibilización de distintas saídas profesionais e da situación do mercado laboral e posibilidades formativas para veterinarios.

### **Servizos de atención ao estudante e xestión académica**

Ademais dos sistemas xerais de información da USC centralizados na Unidade de Xestión Académica do Campus, os estudantes da Facultade de Veterinaria teñen servizos onde se realiza unha atención personalizada:

- Secretaría do Centro.
- Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos.

Desde a Unidade estamos a traballar en potenciar o uso da páxina web da Facultade e o correo electrónico, como medios de acceso á información dos estudantes, todo iso sen prexuízo, como así sucede, de que o estudantado se dirixa ás nosas dependencias co fin de resolver problemas concretos.

Na páxina web contarase cunha guía para consultas que axude a direccionar de xeito máis eficaz as consultas segundo a temática ou tipoloxía.

A xestión académica na Universidade de Santiago de Compostela está centralizada nas Unidades de Xestión Académica

(UXA) das que hai unha en cada Campus; nelas realízanse todos os trámites relativos á documentación académica, expedición de certificacións, solicitudes de convalidacións e traslados, etc. Son responsabilidade dos Centros os trámites propios dos plans de estudos das titulacións que se ofertan. No caso do Grao de Veterinaria a organización das Prácticas Tuteladas e Externas, as actas dos Traballos Fin de Grao, e o recoñecemento de cualificacións de alumnos propios nos programas de mobilidade.

### Programas de acollida

A Facultade de Veterinaria conta cun [programa de acollida e acompañamento para estudantes de novo ingreso](#) que está publicado na páxina web do centro e informa aos interesados das actividades e recursos dedicados a este fin, incluíndo a sesión de benvida, os responsables do programa e os contactos para asesoramento e información.

### Instalacións onde se realizan as Prácticas Tuteladas e Prácticas externas

As empresas e centros externos colaboran voluntariamente coa facultade sen que medie unha relación contractual que obligue a realizar unha comprobación in situ das infraestruturas tecnolóxicas dispoñibles nin dos servizos prestados; ademais, o seu elevado número e dispersión xeográfica fano totalmente inviable. No entanto, levase a cabo un control da calidade grazas, fundamentalmente, ao labor da coordinación académica das prácticas tuteladas. Iso permítenos comprobar, entre outras cousas, que as instalacións e actividade destas institucións se adecúan aos requisitos para a consecución das competencias.

A valoración negativa dos centros onde os alumnos realizaron as prácticas externas, ben sexan expresadas de forma verbal ou incluídas nas propias memorias finais, permiten aos coordinadores recoñecer as deficiencias, comunicalas e contrastalas co centro de destino (contactando telefonicamente co coordinador profesional) e, se se comproba a motivación da queixa, dándoo de baixa da listaxe de centros ofertados pola Facultade.

Hai que resaltar que o grao de satisfacción dos alumnos coas prácticas tuteladas externas é moi elevado se nos atemos á súa valoración nos últimos anos, o cal é indicativo de que as empresas, profesionais e centros colaboradores contan cos medios materiais e humanos apropiados.

### Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Os resultados de satisfacción dos estudantes cos recursos materiais e os servizos (IN33G) postos á súa disposición tenden a manterse ao mesmo nivel nos últimos cursos. No curso 2019-20 non dispoñemos de valoración debido ao confinamento.

IN33G	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total	-	3,67	4,2	3,71	3,77	-

Dispónse dun formulario para comunicar calquera incidencia relativa ás instalacións e servizos da Facultade. Este formulario recíbese na conserxería para actuar directamente naqueles aspectos que entren no seu ámbito de competencias, e se non comunicase á Oficina de Xestión de Infraestruturas (OXI) e ao decanato: <http://www.usc.es/gl/centros/veterinaria/incidencias.html>. Non obstante, as incidencias fanse na maioría das veces a través de chamadas telefónicas e son moi poucos os usuarios que empregan o formulario, principalmente debido á urxencia por resolvelas. As principais incidencias achegadas á conserxería resúmense na seguinte táboa:



**INCIDENCIAS CURSO 2019-2020**

TIPO DE INCIDENCIA	Nº DE INCIDENCIAS
Climatización e calefacción	57
Electricidade	36
Fontanería	60
Goteiras	13
Iluminación exterior	10
Iluminación interior (bombillas e tubos fluorescentes)	34
Incendios	
Informática	37
Limpeza	7
Plagas	6
Recollida de material para reciclaxe	4
Seguridade edificios	10
Varios (carpintería, ascensores, cristais...)	39

**5.2. Máster en Xenómica e xenética**

Tal e como se comentou anteriormente, e debido ao carácter interuniversitario do Máster, a docencia impártese simultaneamente mediante videoconferencia na Facultade de Veterinaria (Campus Lugo) e Facultade de Bioloxía (Campus de Santiago) da USC e Facultade de Bioloxía da UVIGO. Por tanto, ademais dos recursos e servizos da Facultade de Veterinaria xa descritos, utilízanse os das Facultades de Bioloxía da USC e UVIGO que se describen de maneira resumida a continuación:

**Facultade de Bioloxía da USC:**

A facultade ten colgada a información de recursos materiais e servizos na súa web á que se accede mediante as seguintes ligazóns:

<https://www.usc.gal/gl/centros/bioloxia/infraestructurasbioloxia.html>

<https://www.usc.gal/gl/centros/bioloxia/servizos.html>

Desde a súa implantación, o Máster contou coa aula CIBUS do edificio CIBUS para o desenvolvemento da súa docencia. Por este motivo, instalouse un sistema de auido e vídeo propio do Máster nesta instalación. O compromiso da Facultade é facilitar ao estudo unha aula propia que facilita a súa organización neste centro. A USC adquiriu o compromiso de formar persoas e producir ciencia e tecnoloxía baixo o criterio de sustentabilidade, fomentando en todos os seus membros o sentido da responsabilidade polo coñecemento, conservación e mellora do medio ambiente. Este compromiso plásmase no Plan de Desenvolvemento Sustentable (<https://www.usc.gal/gl/usc/institucional/desenvolvemento-sostible>) e desde o ano 2011 funciona a Oficina de Desenvolvemento Sustentable (<https://www.usc.gal/plands>) que impulsa o desenvolvemento de accións e fomenta a participación de toda a comunidade universitaria.

**Facultade de Bioloxía da UVIGO:**

A Facultade de Bioloxía de UVIGO dispón dunha dotación suficiente de equipamento e infraestruturas para garantir o desenvolvemento das actividades formativas planificadas. Desde a súa creación a Facultade conta con financiamento anual por parte da UVIGO, para a adquisición, o mantemento e a renovación dos seus recursos docentes tanto de infraestruturas como de equipamento. Conta, así mesmo, cos servizos xerais da Universidade para o mantemento dos recursos materiais (Servizo de Unidade Técnica); de revisión e seguridade dos laboratorios (Servizo de Prevención de Riscos Laborais); e de recollida sistemática de residuos perigosos procedente da actividade nos laboratorios (Oficina de Medio Ambiente, OMA). Así mesmo, a Facultade xunto coa OMA xestiona a recollida de residuos derivados do uso de

animais de experimentación na docencia e a investigación que se realiza no centro.

A Facultade ten, ademais dos recursos que se utilizan para a docencia de grao, tres aulas dotadas do equipamento necesario para realizar conexións de videoconferencia dotadas de equipamento de videoconferencia, canóns de proxección e 23 postos de traballo e que se utilizan especificamente para a docencia de Máster. Ademais, hai unha aula de uso múltiple que permite impartir clases teóricas ou prácticas con computador dotada con 23 computadores cos programas adecuados para as actividades formativas. Tamén dispón dun computador para o profesor conectado ao proxector de vídeo dixital e unha lousa interactiva. Todos os postos están conectados a un servidor da Facultade que facilita a xestión dos programas informáticos instalados.

A Facultade cumpre a lexislación vixente en canto a accesibilidade e deseño para todos, segundo o disposto na Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade; a Facultade dispón de ascensores en todas as plantas, ramplas de acceso exteriores e interiores, servizos adaptados, portas de dobre folla en todas as aulas, seminarios, salóns e laboratorios. Por tanto, non existen barreiras arquitectónicas. O edificio está provisto de conexión inalámbrica (WIFI) en todas as súas instalacións, servizo de cafetería, comedor e reprografía.

#### Directriz 6. Información pública

**Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
  - Recollida, análise e utilización da información.
  - Publicación da información
  - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O proceso de soporte PS-06 do [Manual de Procesos](#) establece a sistemática para facer pública a información relevante das titulacións impartidas na facultade, así como o modo no que se realiza a súa revisión periódica e actualización co fin de manter informados aos grupos de interese. De acordo coa ficha do proceso, a recollida da información faina a ACMP mediante o panel de indicadores que proporciona para cada unha das titulacións impartidas en cada curso académico. A análise e utilización desta información é competencia das comisións de calidade –para o grao- e académica do máster, co fin de elaborar, ata o de agora, os respectivos informes de seguimento e a memoria de calidade, a través da cal se dará conta aos diferentes grupos de interese.

A difusión desta información entre os grupos de interese é un tema de enorme importancia na xestión do centro e dos títulos, e para iso dispónse de diferentes canles de comunicación:

- Páxina Web da USC.- Mostra información de ámbito xeral para toda a Universidade.
- Páxina Web da Facultade de Veterinaria.- Presenta información completa e detallada relacionada co Centro e coas súas titulacións.
- Taboleiros do Centro.- Seguen a empregarse para a información relativa a cuestións académicas, aínda que están caendo en desuso, a favor de outros medios electrónicos.

- Pantallas informativas.- Presenta tamén información actualizada sobre distintos temas convocatorias e prazos académicos, cursos, becas, etc. Hai pantallas informativas nos pavillóns central e de aulas, adquiridas como consecuencia dunha acción de mellora comprometida no curso 2015-2016.

Para a difusión de determinadas convocatorias, empréganse as listas de correo electrónico de cada un dos grupos de interese (PDI, PAS, estudiantado,...).

Unha das principais canles é a páxina web do centro (<http://www.usc.es/gl/centros/veterinaria/>) que permite manter actualizada e accesible a información relativa por exemplo a:

- As características dos títulos de Grao en Veterinaria e do Máster en Xenómica e Xenética (MXX).
- O Sistema de Garantía de Calidade
- A organización académica (calendarios de exames, horarios de clases, prácticas externas e tuteladas, traballo fin de grao, campus virtual).
- As infraestruturas e servizos.
- O Plan de autoprotección e prevención de riscos.
- A organización da facultade.
- Caixas de incidencias, preguntas, suxestións e reclamacións.

A información relativa ao Sistema de Garantía de Calidade (política de calidade, manuais do sistema, táboas de indicadores, memorias de calidade, plans de melloras, informes de seguimento, plan estratéxico) está publicada na web da Facultade, no sitio “Calidade”.

Nas xornadas de benvinda que teñen lugar nos primeiros días do curso, presentase a páxina Web do centro e dos títulos, a súa estrutura e contidos aos novos alumnos de Grao.

Na actualidade estase realizando a actualización das páxinas web dos centros da USC. Estando nestes momentos en plena adaptación ao novo deseño da web institucional, polo que algún dos sitios da web non están totalmente definidos.

No caso do MXX ademais das páxinas web –xeral da universidade, e da propia facultade, pode atoparse información nos seguintes lugares:

- Páxina web da UVIGO (<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/que-estudiar/masteres>), cunha presentación da información similar á da USC.
- Páxina web dos centros aos que pertence o Máster, ademais da USC (Facultade de Veterinaria), tamén na UVIGO (Facultade de Bioloxía): <http://bioloxia.uvigo.es/es/>
- Páxina web propia do Máster (<https://www.mastergenomicaygenetica.com/>).

Na web propia do Máster podese atopar toda a información sobre o mesmo, tamén hai unha caixa propia para queixas e suxerencias. Ademais, desde esta web, proporcionase un enlace directo ao SGC dos centros responsables, tanto da USC como da UVIGO, así como á caixa de queixas e suxerencias e aos servizos de xestión académica das mesmas. Aínda así, durante o curso 2019-2020, mellorouse a información dispoñible na web do Máster dentro da acción de mellora MGG-AM-1, que incluíu a creación dun apartado de “novidades” (<https://www.mastergenomicaygenetica.com/entries>), a caixa para queixas e suxerencias citada antes e a incorporación de información relevante para os estudantes (p.e. orientación, mobilidade, bolsas e axudas, normativa de aplicación aos estudos,...) no apartado de “alumnado” (<https://www.mastergenomicaygenetica.com/alumnado>).

**Medida da eficacia e utilidade da información pública.**

A satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (**IN23G**) non foi provisto pola USC para ningunha das titulacións no curso 2019-20.

Os datos dos 4 cursos anteriores para o Grao móstranse na seguinte táboa:

satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (IN23G-PC-12)					
curso	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total	3,36	3,60	3,12	3,04	-

Con respecto ao Máster, tendo en conta os valores obtidos nos dous anos de impartición da titulación e segundo a información recollida no Criterio 2 (páx. 14-15) do [informe anual de seguimento do Máster en Xenómica e Xenética 2019-20](#), observase un alto grao de satisfacción dos alumnos coa información pública dispoñible.

Na web propia do Máster destaca de forma especial, pola súa utilidade, a información relativa ás PE e o TFM (<https://www.mastergenomicaygenetica.com/modulo-practicas-externas-y-trabajo-fin-de-master>). Neste apartado están, ademais das guías docentes, os formularios, as normativas, as instrucións e os modelos de informes. Esta información está moi ben valorada polo alumnado segundo as opinións recollidas a través do PAT polos titores.

Si ben non hai accións de mellora previstas para o curso 2020-21 sobre este apartado, si esta contempladas dentro das accións estratéxicas recollidas na [Prórroga do PE 2020-22](#).

### 3. Plan de Melloras do centro

#### 3.1 Listaxe de accións mellora 20-21

<b>Obxectivo a conseguir: Mellorar a uniformidade nas programacións docentes do grao e a información proporcionada, en especial no que se refire a criterios de avaliación</b>			
<b>Responsable do obxectivo: Vicedecano de Ordenación Académica</b>		<b>Data inicio: 1/1/2021</b>	<b>Data fin: 30/12/2021</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	1.1. Axuste das competencias e mellora das programacións das materias		
<b>Procesos clave relacionados</b>	PC-02. Planificación das ensinanzas		
<b>Indicador/es de medición</b>	Curso organizado. Participación no curso Ponderación de avaliación continua e proba final especificada na programación docente	<b>Meta a conseguir</b>	Asistencia 80% das prazas do curso Máis do 90% das programacións do grao especifican os elementos de avaliación e a súa ponderación.
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	<b>FV-AM-1, GrV-AM-1</b>		

#### PLAN DE MELLORAS DO CENTRO: LISTAXE DE ACCIÓNS A EXECUTAR NO 2020-2021

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
FV-AM-1	Proposta de mellora Directriz 4	Oferta dunha actividade formativa sobre avaliación por competencias para o PDI a través do PFID	Activa	Vicedecano de Ordenación Académica (Luis Quintela)	31/12/2021	Non

**GRAO EN VETERINARIA: LISTAXE DE ACCIÓNS A EXECUTAR NO 2020-2021**

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
GrV-AM-1	Proposta de mellora Directriz 2	Mellorar a uniformidade das programacións docentes das materias incluíndo nelas as actividades/traballos que se utilizarán para a avaliación en cada materia e a ponderación das distintas actividades (avaliación continua e probas finais).	Finalizada	Vicedecano de Ordenación Académica (Luis Quintela), Coordinadora de Grao (Natalia Vilaríño)	30/6/2021	Non

**Obxectivo a conseguir: Proporcionar aos estudantes unha organización dos semestres coordinada e clara para a realización da actividade docente**

**Responsable do obxectivo: Vicedecano de Ordenación Académica, Vicedecana de prácticas externas e mobilidade**

**Data inicio: 1/1/2021**

**Data fin: 30/12/2021**

**Obxectivo estratéxico relacionado**

1.2. Mellora da planificación e organización dos horarios das actividades docentes

**Procesos clave relacionados**

PC-02. Planificación das ensinanzas

**Indicador/es de medición**

Incidencias (queixas e suxestións)

**Meta a conseguir**

Redución do número de incidencias

**Accións de mellora relacionadas (Código)**

**GrV-AM-2, GrV-AM-3, GrV-AM-4, GrV-AM-5, GrV-AM-6, GrV-AM-7, GrV-AM-8**

**GRAO EN VETERINARIA: LISTAXE DE ACCIÓNS A EXECUTAR NO 2020-2021**

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
----	-------	------------	--------	------------------------	-------------------	----------

GrV-AM-2	Proposta de mellora Directriz 2	Realización de reunións semestrais para coordinar traballos e actividades de avaliación continua das materias do semestre	Finalizada	Vicedecano de Ordenación Académica (Luis Quintela)	30/5/2021	<b>Non</b>
GrV-AM-3	Proposta de mellora Directriz 2	Homoxeneización da nomenclatura utilizada nos horarios para referirse ás prácticas e aos grupos de estudantes nas actividades interactivas para todas as materias, asegurando tamén a uniformidade coas programacións docentes	Finalizada	Vicedecano de Ordenación Académica (Luis Quintela)	30/7/2021	<b>Non</b>
GrV-AM-4	Informe de seguimento Directriz 2	Revisión do regulamento de prácticas tuteladas (externas curriculares).	Activa	Decano (Gonzalo Fernández), Vicedecana de prácticas externas e mobilidade (M. Isabel Quiroga)	30/7/2021	<b>Non</b>
GrV-AM-5	Informe de seguimento Directriz 2	Elaboración dun borrador de procedemento para as prácticas tuteladas que organice a carga de traballo administrativo nos semestres 10º e 11º.	Activa	Decano (Gonzalo Fernández)	30/9/2021	<b>Non</b>
GrV-AM-6	Informe de seguimento Directriz 2, 3	Rúbrica para os titores profesionais das materias de estancias clínicas e non clínicas.	Activa	Vicedecana de prácticas externas e mobilidade (M. Isabel Quiroga)	30/12/2021	<b>Non</b>
GrV-AM-7	Informe de seguimento Directriz 2	Mellorar a visibilidade na web do centro e no Campus Virtual das distintas empresas, centros colaboradores e institucións, incluíndo a actividade que desempeñan ou temática e a especie/s animais coas que se traballa.	Activa	Decano (Gonzalo Fernández)	30/12/2021	<b>Non</b>
GrV-AM-8	Informe de seguimento Directriz 2	Organización de prácticas tuteladas (materias de Rotatorio, Estancias Clínicas e Estancias Non Clínicas) en horarios dispoñibles para os semestres 10º e 11º, de xeito similar aos demais semestres.	Activa	Vicedecana de prácticas externas e mobilidade (M. Isabel Quiroga)	30/12/2021	<b>Non</b>

**Obxectivo a conseguir: Coordinar as actividades docentes, incluíndo a avaliación, entre materias e entre distintos docentes**

**Responsable do obxectivo: Decano, Vicedecano de Ordenación Académica**

**Data inicio:**

**Data fin: 30/12/2021**

**Obxectivo estratéxico relacionado**

2.1. Garantir a coordinación da actividade docente

**Procesos clave relacionados**

PE-02 Revisión e mellora. PC-02. Planificación das ensinanzas. PC-04. Desenvolvemento das ensinanzas

<b>Indicador/es de medición</b>	Número de grupos de proba piloto para coordinación vertical Incidencias no uso de rúbricas Informes reunións valoración semestral en AASX Datas de defensa de TFMs Listaxe de elección de TFM e PEs Control do número de traballos non presenciais das distintas materias do Máster en Xenómica e Xenética	<b>Meta a conseguir</b>	Dous grupos de coordinación vertical Sen incidencias no uso da rúbrica Inserción no sistema de garantía de calidade do seguimento das reunións semestrais Calendario unificado nas defensas dos TFMs nas dúas universidades onde se imparte o Máster en Xenómica e Xenética Reunión presencial para a elección das actividades de TFM e PEs Redución do nº de actividades non presenciais
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	<b>GrV-AM-9, GrV-AM-10, GrV-AM-11, GrV-AM-12, MGG-AM-1, MGG-AM-2, MGG-AM-4</b>		

**GRAO EN VETERINARIA: LISTAXE DE ACCIÓN A EXECUTAR NO 2020-2021**

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
GrV-AM-9	Proposta de mellora Directriz 2	Iniciar unha optimización da coordinación de contidos impartidos en materias relacionadas.	Activa	Decano (Gonzalo Fernández). Coordinadora de Grao (Natalia Vilariño)	30/12/2021	<b>Non</b>
GrV-AM-10	Informe de seguimento Directriz 1	Inclusión das reunións de valoración de semestre no sistema de garantía de calidade do centro.	Activa	Responsable de Calidade (Margarita Rico)	30/12/2021	<b>Non</b>
GrV-AM-11	Proposta de mellora Directriz 2, 3	Primeira fase de adaptación da ferramenta actual de cualificación a unha rúbrica para os tribunais do TFG.	Finalizada	Vicedecano de Ordenación Académica (Luis Quintela)	1/2/2021	<b>Non</b>
GrV-AM-12	Informe de seguimento Directriz 1, 2, 3	Realización de enquisas de satisfacción das prácticas tuteladas do Rotatorio Clínico Hospitalario adaptadas ás características das mesmas e á obtención de información específica necesaria para a mellora do grao.	Activa	Decano (Gonzalo Fernández)	30/12/2021	<b>Non</b>



**MÁSTER EN XENÓMICA E XENÉTICA: LISTAXE DE ACCIÓNS A EXECUTAR NO 2020-2021**

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
MGG-AM-1	Informe de seguimento Directriz 2	Unificar os períodos de defensa dos TFMs	Activa	Coordinador Máster (Manuel Vera)	30/09/2021	Non
MGG-AM-2	Informe de seguimento Directriz 2	Mellorar o sistema de elección das actividades de TFMs e PEs	Pechada	Coordinador Máster (Manuel Vera)	17/11/2021	Si
MGG-AM-4	Informe de seguimento Directriz 2	Controlar o número de traballos/actividades non presenciais do alumno para evitar unha sobrecarga de traballo	Activa	Coordinador Máster (Manuel Vera)	15/09/2021	Non

**Obxectivos a conseguir: Aumentar o número de alumnos titores que participan nas actividades de apoio aos estudantes e visibilizar os estudos de doutoramento e do MXX no centro**

**Responsable do obxectivo: Responsable de Calidade**

**Data inicio: 1/9/2020**

**Data fin: 30/12/2021**

**Obxectivo estratéxico relacionado**

2.2 Orientación e comunicación cos alumnos

**Procesos clave relacionados**

PC-03. Apoio aos estudantes

**Indicador/es de medición**

Listaxe de alumnos  
 PAT e vídeo dispoñible na web  
 Número de alumnos titores

**Meta a conseguir**

Información completa sobre datos de contacto de estudantes  
 Incrementar o número de alumnos de veterinaria no MXX  
 4 alumnos titores (100%)

**Accións de mellora relacionadas (Código)**

**FV-AM-2, FV-AM-3, GrV-AM-13**

**PLAN DE MELLORAS DO CENTRO: LISTAXE DE ACCIÓNS A EXECUTAR NO 2020-2021**

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
FV-AM-2	Proposta de mellora Directriz 6	Elaborar listado de estudantes de doutoramento que desenvolvan o seu traballo da tese no centro para organizar reunións co fin de visibilizar a súa actividade no centro e proporcionar apoio durante esta etapa formativa	Activa	Vicedecano de Ordenación Académica (Luis Quintela)	31/12/2021	Non
FV-AM-3	Proposta de mellora Directriz 6	Publicitar o MXX para alumnos de 4-5 do Grao de Veterinaria. Incluír información sobre o MXX dentro del Plan de Acción Titorial e difundir a través dun vídeo na páxina web do Centro.	Activa	Vicedecano de Ordenación Académica (Luis Quintela), Coordinador Máster (Manuel Vera)	31/12/2021	Non

**GRAO EN VETERINARIA: LISTAXE DE ACCIÓNS A EXECUTAR NO 2020-2021**

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
GrV-AM-13	Proposta de mellora Directriz 2	Captación de alumnos titores e planificación de actividades .	Activa	Vicedecano de Ordenación Académica (Luis Quintela)	30/12/2021	Non

**Obxectivos a conseguir: Potenciar a mobilidade tanto dos alumnos do Grao como a través de programas de doutoramento intrenacional**

**Responsable do obxectivo: Responsable de Calidade**

**Data inicio: 1/9/2020**

**Data fin: 30/12/2021**

**Obxectivo estratéxico relacionado**

2.3 Mantemento e mellora da oferta de programas de mobilidade

**Procesos clave relacionados**

PC-04. Xestión da mobilidade. PC-03. Apoio aos estudantes

<b>Indicador/es de medición</b>	Nº de solicitudes en programas de mobilidade Nº de programas de doutoramento internacional	<b>Meta a conseguir</b>	Aumento do 10% Aumento de 1 programa
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	<b>FV-AM-4, FV-AM-5</b>		

**PLAN DE MELLORAS DO CENTRO: LISTAXE DE ACCIÓN A EXECUTAR NO 2020-2021**

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
FV-AM-4	Proposta de mellora Directriz 3	Charla informativa dos alumnos titores que participaron en programas de mobilidade aos alumnos do Grao	Activa	Vicedecano de Ordenación Académica (Luis Quintela)	31/12/2021	Non
FV-AM-5	Proposta de mellora Directriz 4	Fomentar a participación en programas de doutoramento internacional	Activa	Vicedecana de prácticas externas e mobilidade (M. Isabel Quiroga)	31/12/2021	Non

**Obxectivo a conseguir: Realización de prácticas na Granxa Campus Terra**

<b>Responsable do obxectivo: Decano</b>		<b>Data inicio: 1/9/2020</b>	<b>Data fin: 30/12/2021</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	2.4 Xestión de prácticas extramuros		
<b>Procesos clave relacionados</b>	PC-04. Desenvolvemento das ensinanzas		
<b>Indicador/es de medición</b>	Número de prácticas na granxa Campus Terra, número de alumnos	<b>Meta a conseguir</b>	20% das practicas con animais de produción na granxa Campus Terra
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	<b>GrV-AM-14, GrV-AM-15</b>		

**GRAO EN VETERINARIA: LISTAXE DE ACCIÓNS A EXECUTAR NO 2020-2021**

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
GrV-AM-14	Proposta de mellora Directriz 3	Dotación de equipamento do laboratorio da granxa Campus Terra.	Activa	Rosario Panadero Fontán Seguimento: Ceferino Sánchez	30/12/2021	Non
GrV-AM-15	Proposta de mellora Directriz 3	Incorporación de prácticas solicitadas polas materias ás actividades realizadas na Granxa Campus Terra.	Activa	Decano (Gonzalo Fernández)	30/7/2021	Non

**Obxectivo a conseguir: Incrementar as actividades innovadoras na docencia e os recursos dispoñibles. Mellorar a calidade do sistema de impartición de clases**

**Responsable do obxectivo: Decano**

**Data inicio: 1/9/2020**

**Data fin: 30/12/2021**

**Obxectivo estratéxico relacionado**

2.5 Mellora da calidade e innovación docente do centro

**Procesos clave relacionados**

PC-04. Desenvolvemento das ensinanzas

**Indicador/es de medición**

Número de cursos organizados  
Número de actividades de innovación docente  
Renovación/adquisición de materiais para docencia  
Creación de equipos de MS Teams para as materias do Máster en Xenómica e Xenética

**Meta a conseguir**

Aumentar en dous as actuacións en innovación docente  
Aumentar en 4 o número de actividades no LHC.  
60 visitas de alumnos.  
Satisfacer o 50 % das necesidades de renovación e mellora de actividades docentes comunicadas polas materias  
Videoconferencias das clases mediante a plataforma MS Teams

Accións de mellora relacionadas  
 (Código)

FV-AM-6, FV-AM-7, GrV-AM-16, GrV-AM-17 GrV-AM-18, GrV-AM-19, GrV-AM-20, GrV-AM-21, GrV-AM-22, GrV-AM-23, GrV-AM-24, GrV-AM-25, GrV-AM-26, GrV-AM-27, GrV-AM-28, GrV-AM-29, GrV-AM-30, GrV-AM-31, GrV-AM-32, GrV-AM-33, MGG-AM-3

## PLAN DE MELLORAS DO CENTRO: LISTAXE DE ACCIÓNS A EXECUTAR NO 2020-2021

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
FV-AM-6	Proposta de mellora Directriz 4	Ofertar para o persoal do centro cursos de formación sobre aspectos prácticos da docencia non presencial , o uso de aulas espello,.	Activa	Vicedecano de Ordenación Académica (Luis Quintela)	31/12/2021	Non
FV-AM-7	Proposta de mellora Directriz 3	Adquisición de material e equipamento para a promover o uso das TIC na docencia	Activa	Decano (Gonzalo Fernández)	31/07/2021	Non

## GRAO EN VETERINARIA: LISTAXE DE ACCIÓNS A EXECUTAR NO 2020-2021

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
GrV-AM-16	Informe de seguimento Directriz 3, 5	Promoción do uso do laboratorio de habilidades clínicas (LHC) para aprendizaxe autónoma guiada de habilidades clínicas xa traballadas nas clases prácticas.	Activa	Coordinadora de grao (Natalia Vilariño)	30/12/2021	Non
GrV-AM-17	Proposta de mellora Directriz 3, 5	Implementar o uso de simuladores (fantomas) para a exploración ecográfica, previamente á utilización de animais.	Activa	Andrés Barreiro Lois. Seguimento: Coordinador de grao (Natalia Vilariño)	30/12/2021	Non

GrV-AM-18	Proposta de mellora Directriz 3, 5	Adquisición dunha Cámara Dixital Zeiss Axiophot acoplable ao Fotomicroscopio Zeiss Axiophot, dispoñible na materia de Anatomía.	Activa	Pablo Sánchez Quintero Seguimento: Mónica López	30/12/2021	Non
GrV-AM-19	Proposta de mellora Directriz 3, 5	Ampliación de dúas das vitrinas situadas no corredor de acceso no Museo de Anatomía coa colocación de sendas baldas.	Activa	Patricia Fernández de Trocóniz/Nuria Alemañ Seguimento: Mónica López	30/12/2021	Non
GrV-AM-20	Proposta de mellora Directriz 3, 5	Opacificación de las ventás da sala de disección mediante a colocación duns vinilos translúcidos.	Activa	Patricia Fernández de Trocóniz/Nuria Alemañ Seguimento: Mónica López	30/07/2021	Non
GrV-AM-21	Proposta de mellora Directriz 3	Contribución ao desenvolvemento dun software de simulación virtual (Pig Virtual Slaughterhouse) para o ensino da carnización e inspección en matadoiros de porcino, que se utilizará de xeito adicional ás visitas ao matadoiro de Frigolouro	Activa	Carlos Franco	30/12/2021	Non
GrV-AM-22	Proposta de mellora Directriz 3	Escaneado de preparacións histolóxicas de casos de inflamacións para o seu emprego en clases expositivas, seminarios interactivos e sesións prácticas.	Activa	Sonia Vázquez Rodríguez Seguimento: Maribel Quiroga	30/12/2021	Non
GrV-AM-23	Proposta de mellora Directriz 3	Premios á calidade lingüística Escolle en galego.	Activa	Comisión de Normalización Lingüística Seguimento: Antonio Villamarín Cid	30/9/2021	Non
GrV-AM-24	Proposta de mellora Directriz 3	Integración das ferramentas do Campus Virtual Foro, Glosario e Cuestionario ca docencia expositiva nun modelo tipo "Flipped classroom" ou "Aula invertida".	Activa	M Pilar Calo Mata Seguimento: Vicedecana de calidade (Margarita Rico)	31/7/2021	Non
GrV-AM-25	Proposta de mellora Directriz 3	OsteoloTEAMS é un novo sistema de explicación preliminar síncrona executado mediante Teams usando a cámara do ordenador e uns auriculares.	Finalizada	Patricia Fernández de Trocóniz Seguimento: Mónica López	16/10/2020	Non
GrV-AM-26	Proposta de mellora Directriz 3	Cuestionario pre-prácticas na aula virtual de entre 7 e 10 preguntas sobre os conceptos básicos necesarios para asimilar e aproveitar mellor o contido das prácticas, non das competencias que teñen que adquirir ao facelas.	Finalizada	Patricia Fernández de Trocóniz, Pablo Sánchez, Roberto Bermúdez y Nuria Alemañ Seguimento: Mónica López	6/5/2021	Non

GrV-AM-27	Proposta de mellora Directriz 5	Medición do nivel de formaldehído en instalacións de docencia universitaria. O obxectivo desta proposta é a adquisición dun aparello detector de formaldehído en ambiente capaz de monitorizar os niveis do mesmo e garantir que se atopa por debaixo de valores límites ambientais (VLA), para así poder detectar posibles concentracións e/ou exposicións perigosas a este axente durante as labores docentes e de preparación de mostras anatómicas nas instalacións.	Activa	Roberto Bermúdez Seguimento: Mónica López	30/12/2021	Non
GrV-AM-28	Proposta de mellora Directriz 3, 5	Adquisición de 10 fotómetros móbiles de baixo custo (Photometrix), de uso individual, que permitirían un salto de calidade nas prácticas de laboratorio das dúas materias. O custo total dos 10 fotómetros individuais é a cuarta parte do custo dun espectrofotómetro UV/visible dispoñible no mercado.	Activa	Antonio Villamarín Cid	30/12/2021	Non
GrV-AM-29	Proposta de mellora Directriz 3, 5	Mellora do obradoiro de traumatoloxía avanzada en modelos. No curso académico 2019/2020 comezou un obradoiro que se basea en que o alumno coloque unha placa bloqueada nun modelo para o seu aprendizaxe.	Activa	Fernando Muñoz Guzón Seguimento: Víctor Pereira	30/12/2021	Non
GrV-AM-30	Proposta de mellora Directriz 3	Elaboración e uso de rúbricas para calificar actividades prácticas. O obxectivo destas rúbricas é uniformizar e facilitar a calificación de actividades impartidas por varios profesores e que os estudantes coñezan como se avalía o traballo facéndoas visibles no campus virtual, para que sirva de guía no seu proceso de aprendizaxe dun xeito máis autónomo e con retroalimentación formativa.	Activa	Coordinador de grao (Natalia Vilariño)	30/7/2021	Non
GrV-AM-31	Proposta de mellora Directriz 3	Uso de Genially como soporte da docencia na práctica de consanguinidade. Esta aplicación permite unha docencia máis interactiva que a presentación en Powerpoint.	Finalizada	Ruth Rodríguez Bermúdez Seguimento: Vicedecana de calidade (Margarita Rico)	24/2/2021	Non
GrV-AM-32	Proposta de mellora Directriz 3	Elaboración dun guión completo de casos clínicos reais con imaxes e información pomenorizada e detallada do proceso a seguir para o seu estudo na materia Anatomía Patolóxica Xeral Veterinaria.	Activa	Sonia Vázquez Rodríguez Seguimento: Maribel Quiroga	31/7/2021	Non
GrV-AM-33	Proposta de mellora Directriz 3	Vídeos de exploración de propedéutica clínica utilizados en modelo clase invertida. Os estudantes ven estes vídeos curtos antes de acudir á clase de xeito que requiren menos tempo de explicación polo profesor durante a práctica co que aumenta o traballo persoal do estudante.	Finalizada	Profesorado de Propedéutica Clínica Seguimento: Víctor Pereira	10/12/2020	Non

**MÁSTER EN XENÓMICA E XENÉTICA: LISTAXE DE ACCIÓNS A EXECUTAR NO 2020-2021**

ID	ORIXE	DESCRIPCIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
MGG-AM-3	Informe de seguimento Directriz 3	Mellorar a calidade do sistema de impartición de clases mediante videoconferencia pola interuniversidade do Máster en Xenómica e Xenética. Uso do programa MS Teams como plataforma para o desenvolvemento da docencia, substituíndo a Adobe Connect	Activa	Coordinador Máster (Manuel Vera)	15/09/2021	Non

**Obxectivo a conseguir: Mellora nas actividades de xestión do centro**

**Responsable do obxectivo: Vicedecano de Ordenación Académica, Coordinadora de Grao**

**Data inicio:1/2/2021**

**Data fin: 30/12/2021**

**Obxectivo estratéxico relacionado**

3.1. Optimizar a coordinación da unidade de xestión do centro e dos departamentos (UXCD)

**Procesos clave relacionados**

PE-02. Revisión e mellora. PS-01. Xestión dos recursos humanos. PS-02. Xestión dos recursos materiais e servizos. PS-03. Xestión documental. PS-06 Información pública

**Indicador/es de medición**

Protocolos establecidos  
Manual SGC  
Manual de Procesos  
Cursos realizados  
Actas das reunións da Comisión de Coordinación do Máster en Xenómica e Xenética

**Meta a conseguir**

Redución do tempo empregado en cada actividade protocolizada  
Creación da Comisión de Grao  
1 curso realizado  
Rexistro documental das reunións da Comisión de Coordinación do Máster en Xenómica e Xenética

**Accións de mellora relacionadas (Código)**

**FV-AM-8, FV-AM-9, FV-AM-10, FV-AM-11, FV-AM 12, MGG-AM-5**



**PLAN DE MELLORAS DO CENTRO: LISTAXE DE ACCIÓNS A EXECUTAR NO 2020-2021**

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
FV-AM-8	Proposta de mellora Directriz 5	Elaboración de protocolos de traballo para o bo funcionamento da UXCD, relativos á distribución de tarefas, xestión das Estancias e xestión de subprodutos de orixe animal na facultade	Activa	Decano (Gonzalo Fernández), Vicedecana de prácticas externas e mobilidade (M. Isabel Quiroga), Xestora do centro (Ana Pérez)	31/12/2021	Non
FV-AM-9	Proposta de mellora Directriz 5	Oferta dunha actividade formativa, o máis específica posible, destinado ao PAS que presta os seus servizos no centro.	Activa	Xestora do centro (Ana Pérez)	31/12/2021	Non
FV-AM-10	Proposta de mellora Directriz 1	Modificación e actualización do Manual de procesos do centro para incluír as comisións delegadas da Xunta de Facultade nos procesos correspondentes do SGC e adaptalo aos cambios producidos en normativas e procedementos	Activa	Responsable de calidade do centro (Margarita Rico)	31/12/2021	Non
FV-AM-11	Proposta de mellora Directriz 1	Cambiar a estrutura organizativa do SGC coa creación da Comisión de Grao en Veterinaria, e como consecuencia cambio na composición da Comisión de Calidade	Activa	Responsable de calidade do centro (Margarita Rico)	31/12/2021	Non
FV-AM-12	Proposta de mellora Directriz 5	Optimizar a xestión de espazos introducindo na aplicación xescampus tódalas actividades docentes	Activa	Vicedecano de Ordenación Académica (Luis Quintela),	31/12/2021	Non

**MÁSTER EN XENÓMICA E XENÉTICA: LISTAXE DE ACCIÓNS A EXECUTAR NO 2020-2021**

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
MGG-AM-5	Comisión de Calidade do Centro Directriz 1	Crear un rexistro de actas para as reunións da Comisión de Coordinación do Máster (CCM)	Activa	Coordinador Máster (Manuel Vera)	17/12/2021	Non

<b>Obxectivo a conseguir: Mellorar os espazos e servizos docentes</b>			
<b>Responsable do obxectivo: Vicedecano de Ordenación Académica, Coordinadora de Grao</b>		<b>Data inicio: 1/2/2021</b>	<b>Data fin: 30/12/2021</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	3.2. Mellora dos espazos docentes e de traballo		
<b>Procesos clave relacionados</b>	PS-02. Xestión dos recursos materiais e servizos		
<b>Indicador/es de medición</b>	Obras realizadas Equipamentos adquiridos	<b>Meta a conseguir</b>	Climatización adecuada de aulas Adecuación espazo para LHC Uso do servizo de destrución de documentos por un 50% das materias.
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	<b>FV-AM-13, FV-AM 14, FV-AM 15</b>		

**PLAN DE MELLORAS DO CENTRO: LISTAXE DE ACCIÓNS A EXECUTAR NO 2020-2021**

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
FV-AM-13	Proposta de mellora Directriz 5	Continuación co plan de eficiencia e aforro enerxético en espazos comúns da Facultade: cambio luces leds e mellora eficiencia enerxética das aulas 4-7	Activa	Decano (Gonzalo Fernández)	31/12/2021	Non
FV-AM-14	Proposta de mellora Directriz 5	Adecuación aula LHC (pintado del Aula)	Activa	Decano (Gonzalo Fernández)	31/12/2021	Non
FV-AM-15	Proposta de mellora Directriz 5	Posta en marcha de un servizo de destrución de exames e outra documentación con protección de datos	Activa	Decano (Gonzalo Fernández)	31/12/2021	Non

<b>Obxectivo a conseguir: Incrementar as actividades innovadoras na docencia e os recursos dispoñibles</b>			
<b>Responsable do obxectivo: Vicedecano de Ordenación Académica, Coordinadora de Grao</b>		<b>Data inicio: 1/2/2021</b>	<b>Data fin: 30/12/2021</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	4.1 Ampliar a estratexia de comunicación da facultade		
<b>Procesos clave relacionados</b>	PE-02. Revisión e mellora. PC-01. Análise do perfil de acceso. PC-05. Análise de resultados e mellora dos programas. PS-06. Información pública		
<b>Indicador/es de medición</b>	Entrega de vídeo a programa A Ponte Listaxe de egresados Reunión Comité Consultivo Externo (CCE) Actividades realizadas	<b>Meta a conseguir</b>	Vídeo promocional actualizado Incrementar nun 10% o número de egresados con datos de contacto completos 1 reunión anual, como mínimo do CCE 2 actividades informativas realizadas en conxunto co CCE
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	<b>FV-AM-17, FV-AM-18, FV-AM-19, GrV-AM-34</b>		

**PLAN DE MELLORAS DO CENTRO: LISTAXE DE ACCIÓNS A EXECUTAR NO 2020-2021**

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
FV-AM-16	Proposta de mellora Directriz 6	Promover contacto cos egeresados do centro, elaborando un listado para comunicacións específicas sobre enquisas, ofertas de emprego, charlas informativas,...	Activa	Decano (Gonzalo Fernández), Vicedecana de prácticas externas e mobilidade (M. Isabel Quiroga)	31/12/2021	Non
FV-AM-17	Proposta de mellora	Posta en marcha do Comité Consultivo Externo e establecemento do seu funcionamento	Activa	Vicedecana de prácticas externas e mobilidade (M. Isabel Quiroga)	31/12/2021	Non

	Directriz 1					
FV-AM-18	Proposta de mellora Directriz 6	Promover actividades conxuntas co apoio do Comité consultivo externo para acercar a realidade profesional aos estudantes e profesores do centro e coñecer as necesidades formativas para os futuros veterinarios.	Activa	Vicedecana de prácticas externas e mobilidade (M. Isabel Quiroga)	31/12/2021	<b>Non</b>

**GRAO EN VETERINARIA: LISTAXE DE ACCIÓNS A EXECUTAR NO 2020-2021**

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
GrV-AM-34	Proposta de mellora Directriz 3, 6	Renovación do vídeo promocional do grao no programa A Ponte. Elaborarase un vídeo con material atractivo e imaxes actualizadas sobre a nosa titulación que resulte ameno e informativo.	Activa	Vicedecano de Ordenación Académica (Luis Quintela), Coordinadora de grao (Natalia Vilariño)	30/12/2021	Non

### 3.2 Accións do Plan de Melloras proposto en 19-20

#### 3.2.1 PLAN DE MELLORAS DO CENTRO

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	<b>FV-AM-1</b>
		Tipo	Informe de Seguimento
	Definición	Ámbito de aplicación	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humano
		Análise causa	En relación co punto 4.1. do Informe de seguimento que inclúe á oferta institucional de cursos de formación co obxectivo de mellorar a actividade docente, a Facultade organiza pola súa conta en cada curso unha actividade formativa destas características
		Definición/descrición proposta	Dada a boa aceptación por parte do profesorado, de novo se ofertará un curso de formación docente.
		Data prevista de finalización	31/12/2020
		Data inicio	01/07/2020
Responsables	Responsable da implantación	M <sup>a</sup> Izaskun Iburguren Arizeta	
Finalización	Estado	Executada	
	Data estado	16/11/2020	
	Comprobación	Se han organizado dos cursos de formación que se van a impartir a lo largo de los meses de noviembre y 16/11/2020 diciembre de 2020. Estos cursos llevan por título: 1) O proceso de avaliación na aula virtual: recomendacións didácticas e técnicas 2) Aspectos prácticos para docencia non presencial a través de sistemas de videoconferencia dispoñibles na aula	
	Data comprobación	16/11/2020	

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	<b>FV-AM-2</b>
		Tipo	Informe de Seguimento
	Definición	Ámbito de aplicación	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
		Análise causa	No punto 4.2. do Informe de seguimento se considera a existencia de cursos de formación para o Persoal de Administración e Servizos que garanta a adecuada formación para o seu labor de cara aos títulos que se imparten no centro.
		Definición/descrición proposta	De acordo coa xerencia, a Facultade solicitará a oferta dun curso de formación o máis específico posible, destinado ao PAS que presta o seus servizos no centro.
		Data prevista de finalización	31/12/2020
		Data inicio	01/07/2020

<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Ana Pérez Vázquez
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	Non Executada
	<b>Data estado</b>	26/06/2020
	<b>Comprobación</b>	
	<b>Data comprobación</b>	

### ACCIÓNS DE MELLORA

<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	<b>FV-AM-3</b>	
		<b>Tipo</b>	Proposta de Mellora	
	<b>Definición</b>	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
			<b>Análise causa</b>	Dende o decanato ábrese unha acción global para todas as materias que desexen propoñer accións de mellora docente, entendidas como iniciativas destinadas a mellorar o proceso docencia-aprendizaxe e, en xeral, permitir a consecución dos obxectivos docentes establecidos. Poden ser de forma individualizada ou cun sentido transversal para coordinación/cooperación docente entre materias.
			<b>Definición/descrición proposta</b>	En relación coas "Bases para unha docencia presencial segura" na que se recomenda incrementar a avaliación continua, as materias poderán de forma prioritaria propoñer formas alternativas e diferentes para levar a cabo este tipo de avaliación, que deberán quedar plasmadas nas guías docentes. Por suposto, calquera outra mellora docente pode ter cabida nesta proposta aberta
			<b>Data prevista de finalización</b>	31/12/2020
			<b>Data inicio</b>	01/07/2020
	<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Gonzalo Fernández Rodríguez	
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	Executada		
	<b>Data estado</b>	28/12/2020		
	<b>Comprobación</b>	As iniciativas recibidas foron 4, relacionadas con distintos temas docentes, si ben ningunha delas trataba da avaliación continua. Aínda así, a acción xeral estaba aberta a calquera tipo de mellora docente. As 4 accións de mellora, que están recolleitas no arquivo que se adxunta, foron as seguintes:  - Revisión de coñecementos anatómicos previa á realización dunha ovariectomía na cadela (Materias participantes: Anatomía Veterinaria II		

		<p>e Medicina e Cirurxía Clínica veterinaria I)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Exploración de novos métodos de perfusión/conservación de cadáveres para as prácticas de Anatomía Veterinaria II</li> <li>- Creación dun taboleiro de novas sobre cursos e outras actividades relacionados coa área de Producción Animal, nas Aulas Virtuais das materias desta área.</li> <li>- Creación dun documento interactivo para que lles sirva de guía aos alumnos dos TFG realizados dentro da Área de Producción Animal.</li> </ul>
	<b>Data comprobación</b>	28/12/2020

ACCIÓNS DE MELLORA				
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	<b>FV-AM-4</b>	
		<b>Tipo</b>	Propostas de Mellora	
	<b>Definición</b>	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
		<b>Análise causa</b>	Dende o decanato ábrese unha acción global para todas as materias que desexen propoñer accións de mellora relativas a cubrir as necesidades derivadas da situación sanitaria excepcional provocada pola Covid-19	
		<b>Definición/descrición proposta</b>	Para cumprir coas novas medidas sanitarias esixidas, as materias poderán propoñer accións encamiñadas a adquisición de materiais de protección individual e/ou desinfección, así como de adaptación dos espazos docentes. Os importes solicitados serán cofinanciados alomenos ao 50% polas propias materias. O resto, será aportado pola partida específica asignada ao centro en concepto de Axudas de Calidade, e sempre nunha cantidade que permita atender todas as solicitudes que respondan aos fins expostos.	
		<b>Data prevista de finalización</b>	31/12/2020	
		<b>Data inicio</b>	01/07/2020	
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Gonzalo Fernández Rodríguez		
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	Executada		
	<b>Data estado</b>	16/10/2020		
	<b>Comprobación</b>	<p>Abriuse convocatoria para todas as materias da facultade de veterinaria que quieran propoñer accións de mellora relativas a cubrir as necesidades relacionadas coa protección derivadas da situación sanitaria excepcional provocada pola Covid-19, para ser cofinanciadas con cargo a partida de Axudas de Calidade</p> <p>Aceptáronse as solicitudes de todas as materias concurrentes, e fíxose reparto proporcional.</p>		

		Achégase o documento coas solicitudes recibidas e o crédito cofinanciado. Todas as accións descritas foron executadas.
	<b>Data comprobación</b>	16/10/2020

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	<b>Código</b>	<b>FV-AM-5</b>	
		<b>Tipo</b>	Propostas de Mellora	
	Definición	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
		<b>Análise causa</b>		Continuación co plan de eficiencia e aforro enerxético en espazos comúns da facultade
		<b>Definición/descrición proposta</b>		Sustitución das luminarias antigas por leds
		<b>Data prevista de finalización</b>		30/09/2020
		<b>Data inicio</b>		02/09/2019
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>		Gonzalo Fernández Rodríguez	
Finalización	<b>Estado</b>		Executada	
	<b>Data estado</b>		25/09/2020	
	<b>Comprobación</b>		Seguindo co plan de substitución dos antigos sistemas de iluminación por luces tipo led iniciado en anos anteriores, durante o curso 2019-20 acometéronse as seguintes actuaciónes: -Compleouse a iluminación led da totalidade do pavillón central ao acometer a substitución das ilumniacións da sala de xuntas e salas de espera anexa e despacho decanal - Compleouse a iluminación das dúas alas da planta baixa do pavillón 3 (Salas de Anatomía Patolóxica e Anatomía) ao culminar a substitución do pasillo de acceso á sala de disección e iluminación da antesala de preparación e pasillo de anatomía. - Acometeuse a iluminación tipo led do pasillo común de Patoloxía Xeral, Propedeutica e Clínica Médica. - Acometeuse a iluminación tipo led da aula Aresa 1.	
	<b>Data comprobación</b>		16/10/2020	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	<b>Código</b>	<b>FV-AM-6</b>



		<b>Tipo</b>	Propostas de Mellora
	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
	<b>Definición</b>	<b>Análise causa</b>	Continuación co plan de acondicionamento e mellora de espazos comúns.
		<b>Definición/descrición proposta</b>	Colocación de estores novos en divesos espazos do pavillón central: sala de estudo, aula Aresa-2, sala Galeno, escaleiras de acceso ao andar inferior.
		<b>Data prevista de finalización</b>	30/09/2020
		<b>Data inicio</b>	02/09/2019
<b>Responsables</b>		<b>Responsable da implantación</b>	Ana M <sup>a</sup> López Beceiro
<b>Finalización</b>		<b>Estado</b>	Executada
		<b>Data estado</b>	30/09/2020
		<b>Comprobación</b>	Los estores fueron colocados en el mes de septiembre
		<b>Data comprobación</b>	06/11/2020

**ACCIÓNS DE MELLORA**

<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	<b>FV-AM-7</b>
		<b>Tipo</b>	Propostas de Mellora
	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
	<b>Definición</b>	<b>Análise causa</b>	Potenciación da accesibilidade na Facultade.
		<b>Definición/descrición proposta</b>	Colocación dunha plataforma salvaescaleiras para acceder ao andar inferior do pavillón central.
<b>Data prevista de finalización</b>		31/07/2020	
		<b>Data inicio</b>	02/09/2019
<b>Responsables</b>		<b>Responsable da implantación</b>	Gonzalo Fernández Rodríguez
<b>Finalización</b>		<b>Estado</b>	Executada
		<b>Data estado</b>	30/07/2020
		<b>Comprobación</b>	A plataforma Salvaescaleiras foi instalada tal como estaba previsto nas escaleiras do pavillón central que dan acceso á planta baixa de cafetería, aulas de apoio (Galeno, Aresa 2, Norvet e informática 1) e servizo de telecomunicacións. Queda correxido deste xeito un déficit histórico de

